



**ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP)
RÍA DE VIGO - A GUARDA**



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)

INDICE

1_DATOS DO GRUPO

1. Datos do grupo
2. Relación de entidades asociadas
3. Composición da xunta directiva
4. Datos resumo do grupo

2_DEFINICIÓN DA ZONA PESQUEIRA

- 1 Delimitación do territorio
- 2 Resumo de datos sociodemográficos, económicos e culturais

3_ANALÍSE DIAGNÓSTICA

- 1 Ámbitos do diagnóstico, metodoloxía de traballo e fontes de información
- 2 Diagnóstico da zona costeira (Análise DAFO)
- 3 Conclusións sobre a situación actual da zona pesqueira

4_MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA EDLP

- 1 Conclusións sobre a situación actual da zona pesqueira
- 2 Describir a visión da estratexia
- 3 Identificar os valores da organización

5_PLAN DE ACCIÓN

- 1 Obxectivos estratéxicos
- 2 Obxectivos específicos
- 3 Liñas de actuación
- 4 Medidas
- 5 Mapa do Plan de acción
- 6 Fichas de medidas
- 7 Carácter integrado e multisectorial da estratexia
- 8 Carácter innovador da estratexia
- 9 Contribución da estratexia á creación de emprego
- 10 Contribución da estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación
- 11 Contribución ao principio de desenvolvemento sostible
- 12 Complementariedade, coordinación e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona
- 13 Redes

6_PLAN DE FINANCIAMENTO

1. Distribución global de orzamento
2. Plan de financiamento do plan de actuación

7_CAPACIDADE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL

1. Experiencia da asociación en EDLP
2. Espazos de traballo, dotación e equipamento
3. Recursos humanos e técnicos

8_DISPOSICIÓN DE XESTIÓN DA EDLP

- 1 Xestión interna do GALP
- 2 Procedementos para a xestión do programa de axudas
- 3 Seguimento dos proxectos
- 4 Procedementos/mecanismos para unha boa xestión financeira e para evitar o conflito de intereses

9_DISPOSICIÓN DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

- 1 Indicadores de seguimento e avaliación
- 2 Plan de seguimento
- 3 Avaliacións intermedia e final

10_PLAN DE PARTICIPACIÓN

- 1 Directorio de entidades e recursos
- 2 Proceso de participación na elaboración da estratexia
- 3 Proceso de participación no seguimento e aplicación da estratexia

11_PLAN DE COMUNICACIÓN

- 1 Mapa estratéxico da EDLP
- 2 Accións de comunicación para a divulgación do GALP e o programa de axudas

12_FONTES DE INFORMACIÓN

- 1 Identificación de fontes consultadas

1.-DATOS DO GRUPO



1.1 Datos identificativos do grupo

Denominación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo - A Guarda
NIF	G94000510
Dirección	Ventura Misa, 19. C.P. 36300 (Baiona)
Teléfono	986 35 81 09
Fax	-
Enderezo electrónico	gac7@accioncosteira.es / galpvigoaguarda@yahoo.es
Representante legal	Juan Manuel Gregorio Vaqueiro
NIF do representante	76811608A

1.2 Relación de entidades asociadas

	DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	NIF	SEXO	SECTOR	TIPO DE ENTIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	NUMERO ASOCIADOS	DATA ADHESIÓN
1	Concello da Guarda	P3602300J	Varón	Público	Entidade Local		10.314	09/10/2008
2	Concello de Oia	P3603600B	Muller	Público	Entidade Local		3.042	09/10/2008
3	Concello do Rosal	P3604800G	Varón	Público	Entidade Local		6.455	09/10/2008
4	Concello de Baiona	P3600300B	Varón	Público	Entidade Local		12.233	09/10/2008
5	Concello de Nigrán	P3603500D	Varón	Público	Entidade Local		17.715	09/10/2008
6	Concello de Redondela	P3604500C	Varón	Público	Entidade Local		29.909	09/10/2008
7	Concello de Soutomaior	P3605300G	Varón	Público	Entidade Local		7.356	09/10/2008
8	Concello de Vilaboa	P3605800F	Muller	Público	Entidade Local		5.972	09/10/2008
9	Concello de Moaña	P3602900G	Varón	Público	Entidade Local		19.365	09/10/2008
10	Concello de Cangas	P3600800A	Muller	Público	Entidade Local		26.567	09/10/2008
11	Confraría de Pescadores Pedra da Oliveira	G36293272	Varón	Pesqueiro	Corporación de dereito público	26/07/1997	82	09/10/2008
12	Asociación Profesional Redeiras o Cerco	G36468304	Muller	Pesqueiro	Asociación profesional	16/04/2004	21	09/10/2008
13	Confraría de Pescadores San Juan de Redondela	F36010916	Varón	Pesqueiro	Corporación de dereito público	27/04/1905	281	09/10/2008
14	Asociación de Redeiras do Baixo Miño Atalaia	G36484061	Muller	Pesqueiro	Asociación sen ánimo de lucro	15/12/2004	9	09/10/2008
15	Confraría de Pescadores San Cipriano de Aldán - Hio	G36007714	Varón	Pesqueiro	Corporación de dereito público	1927	70	09/10/2008
16	Confraría de Pescadores San Xosé de Cangas	G36014389	Varón	Pesqueiro	Corporación de dereito público	09/07/1944	232	09/10/2008
17	SOCOMGAL	F36021152	Varón	Pesqueiro	Sociedade cooperativa galega	11/02/2003		09/10/2008
18	Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona	G36618510	Muller	Pesqueiro	Corporación de dereito público	19/04/1905	210	09/10/2008
19	Asociación de Naseiros Alvedosa de Arcade	G36327120	Varón	Pesqueiro	Asociación profesional	15/03/1998	32	09/10/2008
20	Confraría de pescadores Virxe do Carme de Arcade	G36012821	Muller	Pesqueiro	Corporación de dereito público		187	09/10/2008
21	Asociación de Amas de Casa de Cangas	G36285732	Muller	Social	Asociación sen ánimo de lucro	24/03/1997	350	09/10/2008
22	Asociación de Mulleres Progresistas da Guarda	G36346880	Muller	Social	Asociación sen ánimo de lucro	24/10/1999	141	09/10/2008
23	Asociación de Mulleres Rurais do Morrazo	G36457448	Muller	Social	Asociación sen ánimo de lucro	08/11/2003	98	09/10/2008
24	Asociación de Empresarios de Redondela	G36039238	Varón	Económico	Asociación empresarial e profesional	16/01/1985	402	09/10/2008
25	Agrupación del Pequeño Comercio y Hostelería - Moaña	G36038271	Varón	Económico	Asociación empresarial e profesional	05/05/1983	145	09/10/2008

26	Asociación de Comerciantes e Industrias de Cangas	G36316792	Varón	Económico	Asociación empresarial e profesional	14/01/1983	255	09/10/2008
27	Formación Contínua e Iniciativas Empresariais Baixo Miño _ACIGU Centro Comercial Aberto	G36379535	Muller	Económico	Asociación empresarial e profesional	27/06/2005	137	09/10/2008
28	Asociación de Empresarios de A Guarda _ACIGU	G36122406	Muller	Económico	Asociación empresarial e profesional	24/03/1990	240	09/10/2008
29	Central Unitaria de Traballadores - CUT	G15675317	Varón	Económico	Asociación sindical	01/10/1997		09/10/2008
30	Asociación Cultural A Cepa	G36244903	Muller	Social	Asociación sen ánimo de lucro	14/06/1995		09/10/2008
31	Asociación Mar da Pedra - Amigos da Gamelas	G36438273	Varón	Social	Asociación sen ánimo de lucro	04/11/2002	17	09/10/2008
32	Club Náutico Bahía de Baiona	G36858223	Varón	Social	Asociación sen ánimo de lucro	24/07/1999	470	09/10/2008
33	Asociación Deportiva e Cultural de Rande	G36432896	Varón	Social	Asociación sen ánimo de lucro	28/02/2003	123	09/10/2008
34	Coordinadora Estudo Mamíferos Mariños	G15400500	Varón	Social	Asociación sen ánimo de lucro	09/05/1992	150	09/10/2008
35	Plataforma Defensa Ría de Vigo Cíes	G36208304	Varón	Social	Asociación sen ánimo de lucro	13/12/1993	150	09/10/2008
36	Instituto de Estudos Miñoranos	G36748911	Varón	Social	Asociación sen ánimo de lucro	27/10/1999	100	30/10/2008
37	ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia	G15044811	Muller	Social	Asociación sen ánimo de lucro	jun-76	2000	16/10/2008
38	Unión de Consumidores de Galicia	G15160609	Varón	Económico	Asociación de consumidores	02/08/1988	1050	25/05/2015
39	ACEBA Asociación de Empresarios de Baiona	G36822161	Varón	Económico	Asociación de consumidores	12/11/2015		12/11/15
40	ORPAGU Organización de Palangreros Guardeses	G36261881	Muller	Pesqueiro	Asociación empresarial e profesional	15/3/96	46	12/11/15

1.3 Composición da xunta directiva


POSTO QUE OCUPA NA ASOCIACIÓN	SECTOR	ENTIDADE A QUE REPRESENTA	SEXO
Presidencia	Pesqueiro	Confraría de Pescadores San Cipriano de Aldán - Hio	Varón
Vicepresidencia	Público	Concello da Guarda	Varón
Secretaría	Económico	Agrupación del Pequeño Comercio y Hostelería - Moaña	Varón
Tesoureira	Pesqueiro	Confraría de Pescadores Pedra da Oliveira	Varón
Vogal	Público	Concello de Vilaboa	Muller
Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores San Juan de Redondela	Varón
Vogal	Pesqueiro	Asociación de Redeiras do Baixo Miño Atalaia	Muller
Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores San Xosé de Cangas	Varón
Vogal	Pesqueiro	SOCOMGAL	Varón
Vogal	Pesqueiro	Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona	Muller
Vogal	Económico	Asociación de Empresarios de Redondela	Varón
Vogal	Social	Asociación Deportiva e Cultural de Rande	Varón
Vogal	Social	Coordinadora Estudo Mamíferos Mariños	Varón
Vogal	Público	Concello de Moaña	Muller
Vogal	Público	Concello de Baiona	Varón

1.4 Datos resumo do grupo

	Nº	% representación
Entidades socias	40	100
Entidades que representan ao sector pesqueiro	11	27,5
Entidades que representan ao sector social	11	27,5
Entidades que representan ao sector económico	8	20
Entidades que representan ao sector público	10	25
Mulleres na xunta directiva	3	7,5

Resumo de representacións	% dereitos de voto na Asemblea Xeral	% dereitos de voto na xunta directiva
Sector pesqueiro	27,5	46,7
Sector público	25	26,7
Sector social	27,5	13,3
Sector económico	20	13,3


2.-DEFINICIÓN DA ZONA PESQUEIRA




2.1 Delimitación do territorio

Relación de municipios		Poboación	Superficie municipio (km ²) do
1	Cangas	26.567	38,1
2	Moaña	19.365	35,1
3	Vilaboa	5.972	36,9
4	Soutomaior	7.356	25,0
5	Redondela	29.909	52,1
6	Vigo	6.630	109,1
7	Nigrán	17.715	34,8
8	Baiona	12.233	34,5
9	Oia	3.042	83,3
10	O Rosal	6.455	44,1
11	A Guarda	10.314	20,5
TOTAL		145.558	513,5

2.1.1 Mapa da zona e a xustificación da coherencia xeográfica, económica, social e cultural.





2.1.2 Resumo de datos sociodemográficos, económicos e culturais

Municipios	11
Superficie (km2)	513,5
Poboación	145.558 habitantes
Densidade poboación	357,77 (*)
Evolución da poboación (1999-2013)	Aumento do 6,1%
Renda dispoñible bruta por habitante	13.760,73
Indicador municipal de renda dos fogares	89,5 % da media galega
Índice de envellecemento	110,4
Peso do sector pesqueiro (en relación coa poboación ocupada)	6,1% (contando Vigo 2,4%)

(*) A densidade de poboación está ponderada coa superficie proporcional correspondente ao sector pesqueiro de Vigo. Si se tomara toda a poboación de Vigo o dato dispararíase ata 845.

3.-ANÁLISE DIAGNÓSTICA



3.1 Ámbitos do diagnóstico, metodoloxía de traballo e fontes de información

Caracterización do espazo

Unidades territoriais e marítimas

O GALP Ría de Vigo-A Guarda esténdese por un total de 11 concellos adscritos administrativamente a 4 comarcas diferentes da provincias de Pontevedra.

Ningunha das 4 comarcas que aparecen no seu ámbito territorial se insiren aquí por completo, de xeito que non existe coincidencia entre o mapa administrativo comarcal e os seus límites.

Todos os concellos incluídos no GALP Ría de Vigo-A Guarda teñen a característica común de definir os límites terrestres das Rías de Vigo e de Baiona. Pode inferirse que o criterio de inclusión é similar ao que define as cuncas hidrográficas, e que neste caso abranguería os ríos Oitavén e Verdugo, no fondo da Ría de Vigo, e ao Miñor na de Baiona, así como outros menores (Fraga e Pontillón no Morrazo, Alvedosa na Ría de Vigo, e o Lagares e o Groba xa cara ao sur).

Táboa 1. Distribución do GALP Ría de Vigo-A Guarda por comarcas e concellos

COMARCAS	CONCELLOS
O Baixo Miño	A Guarda Oia O Rosal
O Morrazo	Cangas Moaña
Pontevedra	Vilaboa
Vigo	Baiona Nigrán Redondela Soutomaior Vigo

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). 201


A Ría de Vigo é a máis profunda e estreita das rías galegas, aínda que tamén a de augas máis profundas, o que favoreceu historicamente a aparición de portos, o desenvolvemento de actividades marítimo-pesqueiras e a súa inserción nas principais liñas de comunicación transoceánicas. Non de forma casual Baiona foi o lugar onde arribou a nau Pinta ao regreso da primeira expedición de Colón cara ás Indias, na que descubriu América.

A historia da cidade de Vigo, a máis populosa de Galicia, non pode entenderse sen a evolución que o sector pesqueiro e conserveiro experimentou desde comezos da época moderna, e que a levou a liderar o sector en España e a acoller na actualidade a sede da Axencia Europea de Control da Pesca.

Todas as poboacións das Rías de Vigo e Baiona miran e viven cara ao mar, e un dos símbolos cos que máis se identifican os seus habitantes son as Illas Cíes, descritas xa polos antigos navegantes mediterráneos que bordearon a Península Ibérica pola súa costa occidental.

Algo diferente é a descrición dos concellos máis meridionais, de Oia, O Rosal e A Guarda, que se dispoñen nun eixo norte-sur case perfecto nunha traza litoral caracterizada polo seu carácter rochoso e abrupto, e que carece de grandes zonas de abrigo para as embarcacións. Só o porto da Guarda, no extremo sur, reuniu historicamente as condicións para a aparición e crecemento dun porto pesqueiro relevante

Se atendemos á extensión terrestre do GALP, ocupa unha posición intermedia entre as áreas costeiras galegas, con arredor de 500 Km².



A maioría dos concellos do GALP Ría de Vigo-A Guarda posúen unha extensión arredor dos 40 Km², o que supón un tamaño pequeno para o que é habitual en Galicia pero bastante normal para a zona costeira, máis poboada na época moderna e por conseguinte con máis núcleos de poboación importantes e maiores divisións administrativas.

Dous concellos sobresaen en extensión, Vigo e Oia, con entre o dobre o triplo de extensión que os demais, e outros dous concellos se apartan da media por abaixo, contando con aproximadamente a metade da superficie media, A Guarda e Soutomaior.

Pero se por algo se caracteriza o GALP Ría de Vigo-A Guarda é por reunir un importante núcleo de poboación en Vigo. Porén, a efectos de delimitar a poboación dependente

directamente do sector pesqueiro neste concello realizouse unha estimación tomando como referencia a poboación afiliada en actividades pesqueiras e multiplicouse este valor polo tamaño medio do fogar da zona de Vigo.

Neste apartado vaise recoller só a poboación dependente da pesca, a efectos de delimitar habitantes e territorio da zona costeira Vigo-A Guarda. Para os restantes apartados do informe recollerase o conxunto de habitantes do concello de Vigo.

Táboa 2. Poboación da zona GALP Ría de Vigo – A Guarda

Concello	Comarca	Poboación concello ¹	Superficie Km	Porcentaxe sobre o valor da comarca ²	Poboación da comarca
Vigo	Vigo	6.630	109	1,6%	423.842
Redondela	Vigo	29.909	52	7,1%	423.842
Cangas	O Morrazo	26.567	38	31,8%	83.613
Moaña	O Morrazo	19.365	35	23,2%	83.613
Nigrán	Vigo	17.715	35	4,2%	423.842
Baiona	Vigo	12.233	35	2,9%	423.842
Guarda, A	O Baixo Miño	10.314	21	20,5%	50.402
Soutomaior	Vigo	7.356	25	1,7%	423.842
Rosal, O	O Baixo Miño	6.455	44	12,8%	50.402
Vilaboa	Pontevedra	5.972	37	4,8%	124.094
Oia	O Baixo Miño	3.042	83	6,0%	50.402
GALP Ría de Vigo-A Guarda		145.558	514	21,3%	681.951

1 O dato para Vigo só contempla a poboación dependente do sector pesqueiro.

2 A porcentaxe para Vigo recolle só a poboación dependente do sector pesqueiro.

Sistemas e vías de comunicación

Ao tratarse da zona galega máis poboada a dotación en infraestruturas de comunicación é aceptable, sobre todo se temos en conta o tradicional déficit de Galicia nesta materia, aínda que durante moitos anos foi obxectivamente insuficiente para as súas dimensións demográfica e económica.

Ainda así, a área non gozou dos mesmos investimentos que a área da Coruña, a outra gran aglomeración urbana de Galicia, en parte por cuestións políticas e en parte polas complicadas condicións orográficas do territorio circundante á cidade de Vigo.

A AP-9, coa simbólica ponte de Rande, constitúe a principal arteria de comunicación da Ría de Vigo, conectándoa co resto do Eixo Atlántico galego, fundamentalmente con Pontevedra e o resto das Rías Baixas.

O principal problema histórico coa ponte de Rande, que evita un longo rodeo, en quilómetros e sobre todo en tempo, polo fondo da ría é pertencer a unha autoestrada de peaxe. Foron longas as reivindicacións populares pola eliminación desta peaxe, cando menos para os veciños do Morrazo, demanda esta que se viu concretada hai uns anos coa instrumentación dunha peaxe na sombra.

Na actualidade está aprobada a ampliación da ponte de Rande de catro a seis carrís de circulación, pois durante a última etapa económica expansiva se puxo de manifesto a aparición frecuente de conxestións.

Iso non resolve a barreira económica e psicolóxica imposta pola peaxe nas comunicacións norte-sur de Galicia e no fondo da Ría (Soutomaior, Redondela), razón pola cal está previsto unir Pontevedra e Vigo mediante dúas novas autoestrada libres de peaxe que bordeen a Ría polo leste. Unha tería como destino Vigo á altura do aeroporto de Peinador, e substituiría ás ateigadas N-552 e N-555. Outra dirixiríase cara ao Porriño, realizando a función que hoxe desempeña a N-550 A Coruña-Tui, alcanzando o nó de comunicacións do Porriño. Estas infraestruturas aínda se encontran en fase de estudo ou proxecto e enfrontan unha elevada contestación cidadá polos seus efectos paisaxísticos e medioambientais.

Máis preocupante é a conexión de Vigo co sur, coas áreas industriais de Mos e O Porriño e co norte de Portugal. A autoestrada libre de peaxe A-55, antiga nacional N-120, ao seu paso por Mos é o maior punto negro de España, e aínda que xa se sitúa fóra do dominio territorial do GALP inflúe negativamente na permeabilidade da zona.

A barreira natural que supón Puxeiros é un problema para as comunicacións que tamén atinxe ao ferrocarril, que xeometricamente converte a Vigo nun ramal do eixo que vai de Redondela á fronteira con Portugal. Certo é que a construción da nova estación de Urzáiz, o mantemento da estación provisional de Guixar e a abertura do corredor de velocidade alta mellorou significativamente as comunicacións ferroviarias co resto de Galicia, mais permanece a cuestión da tan longamente demandada mellora da conexión internacional co Porto.

Táboa 3. Principais vías de comunicación terrestre.

Nome vía	Tipo de vía	Concellos comunicados
PO-551	Primaria básica	Cangas, Moaña
PO-552	Primaria básica	O Rosal, A Guarda, Oia, Baiona, Nigrán
AG-57 Baiona (PO-552) - Enlace 2º Cinturón Vigo (VG-20) A-57 22	Vía de alta capacidade	Baiona, Nigrán, Vigo
AG-57-N AG-57 - Praia América (PO-325) 3,88	Vía de alta capacidade	Baiona, Nigrán
CG-4.1 Rande (AP-9) - Alto da Portela (PO-551) 15	Vía de alta capacidade	Cangas, Moaña
CG-4.2 Goián (PO-552) - A Guarda (PO-552) 10,16	Vía de alta capacidade	A Guarda
PO-010 Balsa (VG-20) - Polígono industrial de Balaídos 0,63	Vía de alta capacidade	Vigo
VG-4.5 Moaña (CG-4.1) - Cangas (PO-554) 2,41	Vía de alta capacidade	Moaña, Cangas
VG-4.6 Alto da Portela (PO-551) - Mendiña (PO-315) 2,96	Vía de alta capacidade	Cangas
A-55	Vía de alta capacidade	Vigo
AP9	Vía de alta capacidade	Vigo
VG-20	Vía de alta capacidade	Vigo
N-550	Vía de alta capacidade	Redondela, Soutomaior, Vilaboa

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Ministerio de Fomento. 2015.

No tocante ás infraestruturas de alcance local a circunvalación de Vigo lógrase pola concatenación dun tramo da AP-9 na súa prolongación até Tui, e a vía de alta capacidade VG-20 que desde o alto de Puxeiros rodea a cidade polo sur e o leste até Balaídos e as proximidades de Bouzas, onde se localizan as instalacións da Zona Franca no Porto de Vigo. Esta vía de cintura da cidade non se completou até a década pasada.

A conexión cos concellos do Val Miñor (Nigrán e Baiona, dentro do GALP, e Gondomar, fóra) faise pola autoestrada autonómica de peaxe AG-57, que tamén parte da zona alta de Vigo, nas inmediacións do campus universitario. A alternativa pola estrada litoral ou pola interior de Zamáns supón longos tempos de desprazamento en virtude da elevada densidade de poboación, que converte estas estradas en travesías continuas.



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015

Na zona sur do GALP, os concellos de Oia, O Rosal e A Guarda, gravitan máis sobre a área de Tui que sobre a de Vigo, sobre todo os dous últimos, e atopan unha vía máis rápida para acceder á cidade de Vigo ou ao resto de Galicia na vía de alta capacidade CG-4.2, entre A Guarda e Tui, que na actualidade se atopa a medio construír.

Sistemas e vías de comunicación marítima

No territorio do GALP Ría de Vigo-A Guarda localízase a Autoridade Portuaria de Vigo, dependente de Puertos del Estado, así como outros 12 portos de competencia autonómica.

Táboa 4. Portos do GALP Ría de Vigo-A Guarda por concellos.

Concello	Nome porto
A Guarda	A Guarda
Baiona	Baiona
Cangas	Aldán - Hío
Cangas	Cangas
Moaña	Meira
Moaña	Moaña
Nigrán	Panxón
Redondela	Redondela
Soutomaior	Arcade
Vigo	Vigo
Vigo	Vigo (Canido)
Vilaboa	San Adrián
Vilaboa	Santa Cristina de Cobres

Fonte: Portos de Galicia 2015

Cómpre destacar a presenza na liña portuaria da área loxística de Bouzas, cuxo titular é o Consorcio da Zona Franca de Vigo, un organismo público participada por varias institucións que desde 1947 fomenta o comercio internacional promovendo parques empresariais e empresas de capital risco.


A Ría de Vigo é a única de Galicia que posúe liñas regulares de transporte de viaxeiros, liñas que se amplían nos meses estivais con tránsitos entre os principais portos (Vigo, Cangas, Moaña) e as Illas Cíes.

Táboa 5. Portos deportivos e número de amarres.

Concello	Nome	Nº amarres
Baiona	Porto de Baiona - Monterreal Club de lates	337
Cangas	Porto de Cangas do Morrazo	303
Moaña	Porto de Moaña	347
Baiona	Porto deportivo de Baiona	416
	Total	1.403

Fonte: Portos de Galicia. 2015

Mapa 14. Portos pesqueiros e portos deportivos.



Na área do GALP Ría de Vigo-A Guarda contabilízanse 4 portos deportivos, todos de dimensión media ou media-grande. Entre 300 e 350 amarres figuran Cangas, Moaña e Monterreal (Baiona). Con máis de 400 atopamos tamén o porto deportivo de Baiona. A suma das dúas instalacións existentes neste último concello convérteo no de maior capacidade de Galicia, con máis de 750 prazas.


Nos portos da área localízanse 10 lonxas, que se enumeran na táboa seguinte. A de Aldán-Hío se localiza na Ría de Aldán, ollando ao norte ou á Ría de Pontevedra, é a da Guarda se sitúa na estrema sur da área. O resto pertencen o á Rías de Vigo e Baiona.

Táboa 6. Lonxas do GALP Ría de Vigo – A Guarda por Concellos.

CONCELLO	LONXA
A GUARDA	A GUARDA
CANGAS	ALDÁN-HÍO
SOUTOMAIOR	ARCADE
BAIONA	BAIONA
CANGAS	CANGAS
MOAÑA	MOAÑA
REDONDELA	REDONDELA
VIGO	VIGO
VIGO	VIGO (CANIDO)
VILABOA	VILABOA

Fonte: Plataforma de pesca. Xunta de Galicia. 2015

Mapa 15. Mapa de lonxas



Fonte: Elaboración fonte propia

A cargo de cada lonxa atopamos unha confraría de pescadores. Son 9 en total, ao existir unha soa para as dúas lonxas existentes no porto de Vigo.

Táboa 7. Confrarías por concellos.

Concello	Nome
A Guarda	Confraría de Pescadores de A Guarda
Baiona	Confraría de Pescadores "La Anunciada" de Baiona
Cangas	Confraría de Pescadores de Cangas "San José"
Cangas	Confraría de Pescadores de Aldán-Hío
Moaña	Confraría de Pescadores de Moaña "San Martiño"
Redondela	Confraría de Pescadores de Redondela "San Juan"
Soutomaior	Confraría de Pescadores de Arcade "Virxe do Carne"
Vigo	Confraría de Pescadores de Vigo "San Francisco"
Vilaboa	Confraría de Pescadores de Vilaboa "Pedra da Oliveira"

Fonte: Rexistro de Confrarías. Xunta de Galicia. 2014.

Aeroporto

Peinador perdeu máis da metade dos pasaxeiros que transportaba en 2007, concretamente o 52%. Iso levouno de ser o segundo aeroporto de Galicia por volume de pasaxeiros, detrás do de Lavacolla en Santiago de Compostela, a ser o terceiro, sendo adiantado polo de Alvedro na Coruña.

Aínda que os tres aeródromos galegos se resentiron, Lavacolla saldou o período con números positivos, mentres que Alvedro limitaba as perdas ao 22%.

Táboa 8. Evolución do número de pasaxeiros nos aeroportos galegos. 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2014/2007
Santiago	2.050.172	1.917.466	1.944.068	2.172.869	2.464.330	2.194.611	2.073.147	2.083.873	1,64%
A Coruña	1.266.795	1.174.970	1.068.823	1.101.208	1.012.800	845.451	839.837	988.834	-21,94%
Vigo	1.405.968	1.278.762	1.103.285	1.093.576	976.152	828.725	678.720	680.387	-51,61%
Galicia	4.722.935	4.371.198	4.116.176	4.367.653	4.453.282	3.868.787	3.591.704	3.753.094	-20,53%

Fonte: AENA. Informes anuais.

As causas deste comportamento recesivo do aeroporto vigués hai que buscalas non só na recesión económica e na conseguente contracción dos viaxeiros e do turismo, senón tamén na competencia directa que supón o aeroporto Saa Carneiro do Porto, ou na desigual proliferación dos patrocinios publicitarios ás liñas aéreas de baixo custo.

Outro ámbito no que tradicionalmente o aeroporto de Alvedro colleitaba mellores resultados que no do transporte de viaxeiros era no transporte de mercadorías, onde tamén era o segundo aeródromo de Galicia en importancia pero a moi pouca distancia do de Lavacolla (neste aspecto Alvedro era e é marxinal).

Porén, a crise do aeroporto aínda se deixou sentir aquí con máis intensidade, pois o volume de quilogramos transportados en 2007 reduciuse en 2014 un 78%. No mesmo período Lavacolla perdeu só o 24% da carga.

Táboa 9. Evolución da carga transportada nos aeroportos galegos. 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2014/2007
Santiago	2.749.964	2.418.798	1.988.641	1.964.349	1.787.504	1.815.840	1.928.838	2.095.449	-23,80%
A Coruña	291.307	283.571	239.692	244.819	251.966	195.614	66.816	60.824	-79,12%
Vigo	1.952.616	1.481.939	796.720	901.192	1.113.664	570.900	448.304	435.718	-77,69%
Galicia	4.993.887	4.184.308	3.025.053	3.110.360	3.153.134	2.582.354	2.443.958	2.591.991	-48,10%

Fonte: AENA. Informes anuais.

Transatlánticos

O Porto de Vigo lidera aos Puertos del Estado en Galicia no tocante ao número de pasaxeiros de cruceiros que transitan polas súas instalacións. No ano 2014 foron máis de 175 mil persoas as que desembarcaron e/ou embarcaron no porto vigués. Esta cifra de turistas supón un 17% máis que no 2007, anque durante os anos intermedios o porto gozou de mellores estatísticos, chegando a rexistrar no ano 2011 un cuarto de millón de viaxeiros.

Táboa 10. Evolución dos pasaxeiros de cruceiros nos portos galegos. 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2014/2007
A Coruña	49.854	57.517	53.574	70.695	128.563	140.890	156.890	129.597	160,0%
Vigo	150.478	216.333	220.802	233.644	253.637	240.352	171.800	176.019	17,0%
Galicia	208.460	282.861	280.366	309.352	394.749	390.317	341.742	345.665	65,8%

En Galicia só A Coruña rivaliza en tráfico de cruceiristas con Vigo, e aínda que durante o mesmo período veu incrementar o seu número nun 160% tamén asistiu a unha redución do volume en 2014, quedando en 130 mil pasaxeiros. Neste ano 214, constátase unha conxelación do volume de cruceiristas no conxunto de Galicia.

Non existe ningunha fonte estatística sobre o gasto medio por cruceirista nos portos galegos, polo que as cantidades son sempre estimativas e correo o risco de estar inchadas polos axentes económicos que interveñen directamente ou tiran beneficio deste negocio turístico. As estimacións máis optimistas falan duns 60 € de gasto medio por cruceirista en terra, aínda que esa é unha cifra que tamén se rexistra en zonas turísticas máis frecuentadas e típicas como as do Mediterráneo. Ademais non é posible calcular que fracción da pasaxe baixa a terra e percorre as zonas comerciais próximas ao porto.

2. Elementos físicos e naturais do territorio

2.1. Medio natural e xeográfico. Espazos protexidos

A Rede Natura 2000 é a iniciativa máis importante para crear unha rede de espazos naturais baseada en criterios científicos. A súa finalidade é asegurar a conservación de hábitats e especies, entre as que se encontran moitas seriamente ameazadas por un desenvolvemento carente de planificación.

Na Rede Natura 2000 intégranse os espazos designados como ZEPAS pola Directiva de Aves (79/409/CEE) e os espazos designados para o cumprimento da Directiva de Hábitats (92/43/CEE), coñecidos na súa 1ª fase como Lugares de Importancia Comunitaria (LIC). Créase así unha rede de lugares nos que se asegurará a súa conservación, aplicando medidas preventivas, correctoras e compensatorias ante os posibles impactos ambientais que terán que ser previstos en cada un deses lugares. Posteriormente, os espazos LIC vanse converter en Zonas Especiais de Conservación a través do Decreto 37/2014, do 27 de marzo. Este decreto declara zonas especiais de conservación aos lugares de importancia comunitaria e aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Neste decreto, defínense as seguintes Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e as seguintes Zonas de Especial Protección de Aves (ZEPA) no territorio que comprende o GALP

As dúas táboas seguintes relacionan, unha, os concellos en función dos espazos protexidos e viceversa, para facilitar a súa busca.

Táboa 11. Distribución dos concellos por espazo.

Nome do espazo	Extensión (Ha)	Concellos
Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas	8.490	Vigo , Bueu, Ribeira, Vilagarcía de Arousa
ZEC A Ramallosa	92	Nigrán, Baiona
ZEC Baixo Miño.	2.871	A Guarda, Rosal , Tomiño, Tui, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Padrenda
ZEC Cabo Udra.	623	Bueu, Cangas
ZEC Costa da Vela.	1.419	Cangas
ZEC Enseada de San Simón.	2.218	Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Moaña , Pontevedra
ZEC Illas Cíes.	990	Vigo
ZEC Illas Estelas.	725	Nigrán
ZEPA Esteiro do Miño.	1.688	Tomiño, O Rosal, A Guarda
ZEPA Illas Cíes.	990	Vigo

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.

Táboa 12. Distribución dos espazos por concello.

Concello	Nome espazo
A Guarda	ZEC Baixo Miño.
	ZEPA Esteiro do Miño.
Baiona	ZEC A Ramallosa
Cangas	ZEC Cabo Udra.
	ZEC Costa da Vela.
Moaña	ZEC Enseada de San Simón.
Nigrán	ZEC A Ramallosa
	ZEC Illas Estelas.
O Rosal	ZEC Baixo Miño.
	ZEPA Esteiro do Miño.
Redondela	ZEC Enseada de San Simón.
Soutomaior	ZEC Enseada de San Simón.
Vigo	Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas
	ZEC Illas Cíes.
	ZEPA Illas Cíes.
Vilaboa	ZEC Enseada de San Simón.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.

Unha das notas distintivas do GALP Ría de Vigo-A Guarda é a inclusión no seu territorio de parte do único Parque Nacional existente en Galicia, o das Illas Atlánticas, que nesta área costeira comprende singularmente as Illas Cíes, o seu elemento máis emblemático e coñecido.

A información sobre as características e hábitat de interese comunitario do Patrimonio Natural da zona marítima está directamente extraída do Plan de Ordenación do Litoral, do seu título III capítulo I, apartado 5 (“O patrimonio natural”).

Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas

Os arquipélagos de Sálvora, Ons e Cíes, localizados na parte externa da bocana das rías, están sometidos a unha forte influencia oceánica, mentres que o de Cortegada constitúe un sistema insular de estuario, protexido da influencia do mar aberto. Este último arquipélago é, por outra parte, o máis próximo a terra firme e está integrado pola illa de Cortegada e os illotes Malveira Grande, Malveira Pequena, Briñas e O Con. O arquipélago de Sálvora sitúase a uns 4 km da costa e a uns 10 km ao norte de Ons e consta da illa de Sálvora e as moito máis pequenas de Sagres, Vionta, Ervosa e Noro, ademais dun gran número de pequenos illotes e barras rochosas.

As illas de Ons e Onza, ademais dos illotes Centolo e Freitosa, este último arquipélago está formado polas illas de Monte Agudo, Faro e San Martiño, así como de varios pequenos illotes (Penela dos Viños, Ruzo, Garabelos e Agoeiro).

Toda a área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector galaico-portugués. O dominio climático é o oceánico húmido con tendencia á aridez estival. Os arquipélagos oceánicos amosan unha

notoria escaseza de precipitacións ao comparalos coas zonas continentais próximas, tirando medias anuais de 800-900 mm, e acusan unha notoria seca estival. As temperaturas medias sitúanse ao redor dos 14º C, cunha amplitude térmica de 10 a 19º C. En contraste, o arquipélago de Cortegada enclávase na área de transición entre o dominio climático anterior e o oceánico hiper-húmido e, por outra parte, a súa situación no fondo a ría e a súa proximidade ao continente aproximan as súas características meteorolóxicas ás de terra firme, o que redundará nunha pluviosidade moito máis elevada (1.900-2.000 mm). Nesta zona, as temperaturas medias son lixeiramente superiores (ao redor dos 15º C) e a amplitude térmica máis reducida (12-17º C), pero tamén se acusa una clara seca estival.

En termos xerais, os arquipélagos de carácter oceánico están dominados por extensas fronteiras de cantís na súa cara de mar aberto. Estas fronteiras son especialmente abruptas e quebradas, chegando a superar os 100 m de altura e presentando un gran número de covas mariñas (furnas), en Ons e, sobre todo, nas Cíes. A cara oriental das illas é máis suave, con ladeiras de menor pendente, alternando pequenos cantís e diferentes tipos de areais. Aínda gardando esta estrutura básica, a morfloxía de Sálvora é moito menos escarpada, predominando aquí as ladeiras en suave pendente e os afloramentos rochosos illados, aínda que tamén hai cantís de considerables dimensións nos illotes veciños de Sagres e Noro. Entre os sistemas dunares asociados ás praias, destacan o sistema de praia-barreira de Rodas e as dunas de Figueiras-Muxieiro, ambos nas Cíes, así como a illa Vionta, cuxo perímetro está case totalmente constituído por areais. A vexetación de marisma tamén está presente, aínda que restrinxida a pequenas áreas. A cuberta arbórea autóctona é actualmente reducida, estando as súas mellores representacións en Cortegada e Malveira Grande. No pasado, todos os arquipélagos estiveron habitados, pero na actualidade só a illa de Ons mantén unha pequena poboación de maneira permanente, aínda que tanto esta illa como as Cíes reciben durante a primavera e o verán un gran número de visitantes e turistas. Sálvora e Cortegada son propiedades particulares de acceso restrinxido. Perviven pequenas áreas cultivadas (en Ons) e plantacións forestais en todas as illas grandes (especialmente nas Cíes), así como algunhas edificacións abandonada e vivendas.

O medio mariño caracterízase pola claridade das augas e as súas temperaturas moderadamente frías, cunha leve influencia cálida provocada pola Corrente do Golfo, amosando unha homoxeneidade vertical no inverno (13-16º C) e unha estratificación no verán (12-18º C) debida ao gradiente térmico producido polo quecemento das capas superiores. As mareas son de réxime semidiúrno, alcanzándose os momentos de preamar e baixamar aproximadamente cada 6 horas, cunha amplitude máxima que rolda os 4 m.

Hábitats de interese comunitario:

- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Campos salinos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritima*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Dunas con céspedes do *Malcomietalia*.


- Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia.
- Uceiras secas europeas.
- Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii.
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).


Hábitats mariños de interese comunitario:


- Arrecifes.
- Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda.
- Lagoas costeiras.


Mapa 3. Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas.























Outros aspectos xeográficos

O GALP Ría de Vigo-A Guarda abrangue un número reducido de illas e illotes. Por tamaño e importancia medioambiental, salienta o conxunto insular das Illas Cíes. Do resto salientan as Illas Estelas, no concello de Nigrán, que axudan a delimitar polo norte, xunto a Monteferro, a Ría de Baiona, e a Illa de Toralla, ao suroeste do areal urbano de Samil, e que acolle un dos varios xacementos da época romana que se teñen descuberto e conservado na marxe sur da Ría de Vigo.

En rigor as Cíes son tres illas, dúas das cales están unidas por un istmo rochoso e unha barra de area. Se as consideramos individualmente a maior illa galega é a de Ons, e se a esta sumamos a Onza superan en extensión ás Cíes.

Táboa 13. Distribución das illas por concellos.

Concello	Illa	Extensión (Ha)
Nigrán	Estelas	19
Redondela	San Simón	3
Redondela	San Antón (Redondela)	1,2
Vigo	Cíes	434
Vigo	Toralla	10,6
	Total	467,8

Fonte: Instituto Xeográfico de Galicia. 2014

O cabo máis importantes da zona é cabo Silleiro, en Baiona e que marca o punto final e máis meridional das Rías galegas.

O interior das Rías de Vigo e Baiona está engalanado de numerosas praias, algunhas delas xa de carácter urbano. Cangas e Vigo son os termos municipais que reúnen un maior número de areas.

Esta descrición contrasta co carácter rochoso da costa a sur de cabo Silleiro, onde só atopamos pequenos depósitos de area ou directamente croios que conforman calas pequenas, carentes de calquera tipo de servizos turísticos e utilizadas por uns poucos habitantes da zona. Só ao chegar ao esteiro do Miño na Guarda e pola banda interior do río volvemos atopar praias de area.

Táboa 14. Praias con bandeira azul.

Concello	Nome praia
A Guarda	O Muíño
	Area Grande
Baiona	Os Frades
	A Barbeira
Nigrán	Praia América
	Patos
Vigo	O Vao
	Argazada
	Rodas (Islas Cíes)
	Figueiras (Islas Cíes)
	A Punta
	Tombo do Gato
	Os Muíños de
	Fortiñón
	Canido
	Fontaiña
Redondela	De Cesantes (Dereita)
Cangas	Areabrava
	Nerga
	Menduiña
	Melide
	Areamilla
	Liméns
	Rodeira
	Arneles
	Francón
	Areacova

Praias bandeira azul. 2014. Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor.

3. Demografía

3.1. Características básicas

Táboa 15. Poboación. Porcentaxe de poboación. Superficie e densidade de poboación. 2014.

Concello	Poboación	Porcentaxe de poboación	Superficie Km	Densidade de poboación
Vigo	294.997	68,0%	109,1	2703,9
Redondela	29.909	6,9%	52,1	574,1
Cangas	26.567	6,1%	38,1	697,3
Moaña	19.365	4,5%	35,1	551,7
Nigrán	17.715	4,1%	34,8	509,1
Baiona	12.233	2,8%	34,5	354,6
Guarda, A	10.314	2,4%	20,5	503,1
Soutomaior	7.356	1,7%	25,0	294,2
Rosal, O	6.455	1,5%	44,1	146,4
Vilaboa	5.972	1,4%	36,9	161,8
Oia	3.042	0,7%	83,3	36,5
GALP Ría de Vigo-A Guarda	433.925	100,0%	513,5	357,7
Galicia	2.748.695		29.574,8	92,9

Fonte: Padrón municipal de habitantes. Estatísticas sobre territorio. IGE.

A densidade de poboación pódese en (Vigo) para unha superficie proporcional ao sector pesqueiro

O GALP Ría de Vigo-A Guarda é, de todas as áreas costeiras de Galicia, aquel que posúe unha maior asimetría na distribución territorial da poboación. Isto débese á concentración de 2/3 da poboación no concello de Vigo, sobre o que gravita inevitablemente toda a vida social e económica. Mais, se detraeramos da estatística poboacional os concellos máis poboados de cada área, o GALP Ría de Vigo-A Guarda seguiría a ser a área costeira con máis habitantes, con preto de 140 mil. O GALP tamén é a área litoral galega máis densamente poboadada.

A parte exterior, ao oeste de Rande, e a marxe sur é a zona máis poboadada de todo o GALP. Nun segundo plano sitúase o Val Miñor, Redondela e A Guarda, con cerca de 500 habitantes por Km², mentres que o fondo norte da Ría de Vigo (Vilaboa, Soutomaior) e a máis distancia aínda a costa sur (Oia, O Rosal) son as menos poboadas.

Se falamos de núcleos de poboación e non de concellos, a principal aglomeración urbana é naturalmente Vigo, que en 2014 contabilizaba 201 mil habitantes (2/3 da poboación municipal), e que leva experimentando unha perda de habitantes continua desde o máximo de 208 mil acadado en 2009. Ségueno en peso demográfico os núcleos seguintes: Pardavila (4.685), Pereiró (3.879), O Xuncal (3.597), Freixeiro (2.722), A Ceboleira (2.605), A Bagunda (2.446) e Barreiro (2.178), todos eles no concello de Vigo. E Redondela (7.391), Cangas (6.936), A Guarda (6.157), A Calle (Arcade, Soutomaior, 3.166), Baiona (2.877), Angorén (Chapela, Redondela, 2.259), Laredo (Chapela, Redondela, 2.107), O Redondo (Moaña, 2.016).

A multiplicidade de núcleos con máis de 2 mil habitantes, situados a maioría na área de expansión urbana de Vigo e só unha minoría nos portos pesqueiras tradicionais, dá unha idea da magnitude da cidade e da supeditación do resto de núcleos á mesma. Só Redondela, Cangas e A Guarda lograron concentrar unha poboación destacada no seu núcleo principal, pero aínda así só no último supera o 50% da poboación total do municipio. O fenómeno de disgregación é aínda máis intenso nos casos de Moaña e Baiona, nesta última convertida practicamente nunha vila baleira de habitantes e repleta de segundas residencias e apartamentos turísticos que multiplica a súa poboación nos períodos estivais.

O fenómeno tamén é indiciario do modo de hábitat disperso característico da área metropolitana de Vigo, e que contrasta enormemente co crecemento demográfico e urbanístico máis planificado e vertical da outra gran área urbana galega, A Coruña.




Gráfico 1. Distribución da poboación segundo concellos. 2014

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE.

En perspectiva evolutiva, o GALP é un territorio dinámico, que xunto ao resto das Rías Baixas constitúe a única gran zona de crecemento demográfico de toda Galicia.

Nos 15 anos que van de 1999 a 2013 gañou un 6% máis de residentes, a un ritmo medio anual do 0,4%, máis de 4 veces superior ao rexistrado no total de Galicia.

Todos os concellos de GALP rexistraron neste período crecemento demográfico. Os máis intensos anotáronse en Soutomaior (+2,1% anual), en Nigrán, Baiona, O Rosal e Cangas (+0,8%), e en Moaña (+0,5%), todos eles por riba da media da área. Vigo medrou por baixo da media (+0,3%) e, como vimos, fíxoo na periferia e non no seu núcleo principal. O concello menos dinámico foi Vilaboa (+0,1%), que mesmo así tamén gañou poboación.

Táboa 16. Evolución da poboación entre 1999 e 2013.

	1999	2013	Evolución 1999-2013
Guarda, A	9.919	10.438	5,2%
Oia	2.956	3.094	4,7%
Rosal, O	5.807	6.531	12,5%
Cangas	23.413	26.173	11,8%
Moaña	17.751	19.309	8,8%
Vilaboa	5.761	5.848	1,5%
Baiona	10.659	12.035	12,9%
Nigrán	15.647	17.738	13,4%
Redondela	28.943	29.918	3,4%
Soutomaior	5.330	7.302	37,0%
Vigo	283.670	296.479	4,5%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	409.856	434.865	6,1%
Galicia	2.730.337	2.765.940	1,3%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE.

Dos datos dedúcese unha tendencia a un maior crecemento poboacional no primeiro cinto externo da cidade, nos novos barrios (San Paio de Navia), nas áreas residenciais dos concellos limítrofes (Nigrán) ou nos núcleos externos con vivenda máis barata (Cangas, Arcade).

Se restrinximos a análise aos anos de recesión, de 2007 a 2014, o GALP Ría de Vigo-A Guarda incrementa a súa poboación levemente (+0,1% de ritmo medio anual), 7 veces menos que nos anos anteriores de bonanza económica. Malia a todo o GALP logra manterse en cifras positivas e colócase á altura do dinamismo demográfico da área da Arousa, e por detrás da Ría de Pontevedra.


Nestes últimos anos os patróns de crecemento demográfico varían e tres concellos da área xa perden poboación: Vilaboa, Redondela, A Guarda e, sobre todo, Oia. Tras Soutomaior, que segue a liderar o crecemento, Cangas, Moaña e Baiona manteñen as taxas máis elevadas, mentres que Nigrán e O Rosal perden posicións.

Táboa 17. Evolución da poboación entre 2007 e 2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2007-2014
Baiona	11.839	11.976	12.091	12.154	12.258	12.063	12.035	12.233	3,3%
Cangas	25.402	25.537	25.748	25.913	26.121	26.087	26.173	26.567	4,6%
Guarda, A	10.356	10.404	10.425	10.472	10.484	10.453	10.438	10.314	-0,4%
Moaña	18.587	18.709	19.014	19.231	19.336	19.291	19.309	19.365	4,2%
Nigrán	17.668	17.869	18.021	17.909	17.879	17.840	17.738	17.715	0,3%
Oia	3.159	3.192	3.227	3.197	3.179	3.101	3.094	3.042	-3,7%
Redondela	29.987	30.036	30.001	30.067	30.006	30.015	29.918	29.909	-0,3%
Rosal, O	6.402	6.462	6.570	6.595	6.613	6.574	6.531	6.455	0,8%
Soutomaior	6.305	6.537	6.867	7.144	7.223	7.265	7.302	7.356	16,7%
Vilaboa	6.015	5.935	5.978	5.991	6.024	5.965	5.848	5.972	-0,7%
Vigo	294.772	295.703	297.332	297.124	297.241	297.355	296.479	294.997	0,1%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	430.492	432.360	435.274	435.797	436.364	436.009	434.865	433.925	0,8%
Galicia	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	-0,9%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Gráfico 2. Distribución da poboación por xénero e idade. 2014.




Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Ese dinamismo demográfico provoca que a pirámide de poboación do GALP sexa relativamente nova, cando menos en termos do que é habitual en Galicia. Os grupos de menores de 16 anos e de maiores de 64 non chegan a ter o mesmo peso, pero non presentan a asimetría doutras áreas de Galicia.

En calquera caso apréciase que a xuventude da área devén máis da escaseza relativa de persoas maiores de 40 anos, e particularmente das maiores de 70 anos, que dun peso anormalmente elevado dos mozos e os meniños. É o sinal inequívoco de que a zona xa deixou atrás a época máis intensa de crecemento e de que enfrontará no futuro boa parte dos mesmos problemas que outras áreas urbanas de Galicia, comezando xa hoxe pola baixa natalidade.

Gráfico 3. Pirámides de poboación do GALP Ría de Vigo-A Guarda e Galicia. 2014.



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Táboa 18. Distribución porcentual da poboación por xénero e idade. 2014.

	Menos de 16		De 16 a 64		Máis de 64	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Guarda, A	6,5%	6,4%	33,8%	33,0%	8,5%	11,8%
Oia	6,0%	6,5%	33,6%	31,1%	10,4%	12,6%
Rosal, O	7,0%	6,3%	32,9%	32,1%	9,4%	12,3%
Cangas	7,7%	7,2%	33,9%	32,9%	7,7%	10,5%
Moaña	7,3%	7,2%	33,6%	33,3%	7,9%	10,7%
Vilaboa	6,7%	6,7%	32,2%	30,5%	9,5%	14,5%
Baiona	7,5%	6,8%	34,4%	33,8%	7,8%	9,7%
Nigrán	7,1%	7,2%	33,6%	33,2%	8,4%	10,6%
Redondela	7,2%	6,6%	33,8%	33,2%	8,0%	11,2%
Soutomaior	8,8%	8,2%	34,1%	31,8%	7,1%	10,0%
Vigo	7,3%	6,7%	32,1%	33,9%	8,1%	11,9%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	7,3%	6,8%	32,6%	33,6%	8,1%	11,6%
Galicia	6,5%	6,1%	31,8%	32,0%	9,9%	13,6%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

Vigo é o único concello do GALP no que as mulleres son maioría no tramo de idades da poboación activa, de 16 a 64 anos.

3.2. Indicadores de poboación

O GALP Ría de Vigo-A Guarda posúe un índice de envellecemento do 110%, inferior a todas luces á media galega do 146%, pero presenta un índice de recambio da poboación activa do 150%, valor que se atopa moi próximo xa do 158% que marca o conxunto de Galicia. O índice de dependencia global do GALP Ría de Vigo-A Guarda é inferior en case 6 puntos ao galego, fundamentalmente e como xa se explicou porque o de dependencia senil na área é moi baixo.

Táboa 19. Indicadores de poboación en 2013.

	Índice de envellecemento	Índice de dependencia global	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil	Índice de recambio da poboación en idade activa
Guarda, A	118,7	47,3	18,0	29,3	123,7
Oia	152,5	52,5	17,5	35,0	213,0
Rosal, O	120,3	51,2	19,2	32,0	117,3
Cangas	98,0	47,0	20,7	26,3	133,8
Moaña	96,8	46,3	20,7	25,6	149,3
Vilaboa	143,8	63,7	22,9	40,8	184,4
Baiona	94,9	43,2	19,0	24,2	140,4
Nigrán	100,4	47,4	20,2	27,2	123,9
Redondela	103,9	46,3	19,4	26,9	153,3
Soutomaior	85,1	50,1	24,5	25,6	135,0
Vigo	110,8	47,7	19,5	28,2	156,2
GALP Ría de Vigo-A Guarda	110,4	47,8	19,5	28,3	150,9
Galicia	146,1	53,9	18,3	35,6	157,7

Fonte: Indicadores demográficos. IGE.

A recesión económica supuxo na zona que o índice de envellecemento aumentara nada máis e nada menos que 17 puntos, unha suba moi superior á que se rexistrou por termo medio en Galicia. No GALP Ría de Vigo-A Guarda pasouse do 93 ao 110 en apenas 6 anos, mentres que no conxunto do país o cambio foi de 134 a 146. A intensidade do cambio amosa máis unha vez as dificultades demográficas que pode afrontar a área no medio prazo se non se inverte a tendencia.

Táboa 20. Evolución do índice de envellecemento. 2007-2013.

	2007	2013
Guarda, A	102,0	118,7
Oia	137,7	152,5
Rosal, O	99,7	120,3
Cangas	83,0	98,0
Moaña	89,2	96,8
Vilaboa	127,4	143,8
Baiona	75,7	94,9
Nigrán	76,5	100,4
Redondela	87,0	103,9
Soutomaior	92,0	85,1
Vigo	93,9	110,8
GALP Ría de Vigo-A	93,1	110,4
Guarda		
Galicia	134,2	146,1

Fonte: Indicadores demográficos. IGE.

Só un concello reduciu o seu índice de envellecemento, Soutomaior, mentres que Nigrán e O Rosal empeoraron este índice en moita maior medida que a media do GALP, a cal é moi dependente da evolución trazada polo concello de Vigo debido ao seu peso demográfico.

3.3. Movemento natural da poboación

O GALP Ría de Vigo-A Guarda posúe unha das taxas de natalidade máis elevadas das zonas costeiras de Galicia. Conta 8,8 nacementos por cada mil habitantes de media nos últimos anos, fronte á media galega de 7,8. Non obstante, rexistra unha tendencia decrecente nos últimos anos de crise, e tras acadar o seu máximo (9,6 persoas por mil habitantes) en 2008 anotouse en 2013 un 7,9.

A visión comparada da evolución das taxas natalidade nas distintas áreas costeiras e no resto de Galicia amosa un fenómeno de converxencia. As zonas con maiores taxas de natalidade antes da crise, como as Rías Baixas, seguen mantendo as taxas máis altas trala mesma, pero as diferenzas tenden a recortarse a respecto da media galega. Isto significa que os maiores retrocesos na natalidade se teñen lugar precisamente nas áreas que antes eran máis dinámicas.

As cifras por concellos volven a repetir unha xerarquía de valores que colocan a Soutomaior á cabeza da natalidade e a Oia e O Rosal na cola, que xunto a A Guarda, Vilaboa e Nigrán amosan todos eles taxas inferiores á media do GALP.

No que respecta á mortalidade o GALP Ría de Vigo-A Guarda acada uns valores semellantes e aos da Ría de Pontevedra e como os dela moi estables, liderando ambos as Rías Baixas e Galicia en canto ás taxas máis baixas. Neste punto é onde o GALP Ría de Vigo-A Guarda se distingue da Ría de Arousa, unha área máis envellecida e con maiores taxas de mortalidade.

Son os concellos de Vilaboa, Oia e A Guarda os que rexistran as taxas máis altas, mentres Soutomaior e Baiona presentan as máis baixas.

Táboa 21. Evolución da taxa de natalidade (en tantos por mil)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Baiona	8,3	9,1	8,4	9,6	8,3	9,1	7,9
Cangas	9,5	9,4	9,8	9,6	8,2	8,7	8,6
Guarda, A	9,0	7,8	8,0	8,3	7,1	7,5	7,7
Moaña	9,2	10,0	10,8	9,7	7,2	9,2	7,0
Nigrán	10,1	8,6	8,1	6,8	7,9	7,7	7,6
Oia	7,0	9,4	6,8	6,9	4,7	10,0	5,5
Redondela	9,5	9,1	8,8	8,1	8,1	7,7	7,0
Rosal, O	8,7	7,0	6,7	7,0	7,4	6,7	5,1
Soutomaior	10,2	15,5	14,1	12,3	15,9	9,6	10,5
Vilaboa	9,3	10,4	8,7	6,8	7,3	7,7	6,7
Vigo	9,1	9,7	9,1	9,0	8,7	8,6	8,1
GALP Ría de Vigo-A Guarda	9,2	9,6	9,1	8,9	8,5	8,5	7,9
Galicia	7,8	8,3	8,1	7,9	7,7	7,6	7,1

Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

Táboa 22. Evolución da taxa de mortalidade(en tantos por mil)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Baiona	6,5	7,0	6,8	7,8	7,3	7,7	8,3
Cangas	8,2	7,1	7,4	7,9	8,4	9,4	8,2
Guarda, A	9,1	8,1	8,7	9,4	11,6	9,0	10,4
Moaña	8,4	8,4	8,4	8,9	7,2	8,3	7,6
Nigrán	8,0	7,0	6,2	7,9	9,6	9,0	8,1
Oia	12,3	12,2	9,9	8,4	13,8	11,3	12,9
Redondela	8,4	8,3	7,9	8,8	8,8	8,2	8,1
Rosal, O	9,1	7,3	7,5	8,8	9,5	8,7	8,0
Soutomaior	8,7	8,6	6,4	6,7	6,6	8,5	6,7
Vilaboa	11,6	11,5	13,5	11,9	10,6	11,4	12,7
Vigo	8,4	8,3	8,5	8,3	8,2	8,7	8,6
GALP Ría de Vigo-A Guarda	8,4	8,2	8,3	8,3	8,4	8,7	8,5
Galicia	10,9	10,6	10,8	10,6	10,7	11,1	11,0


Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

A diferenza entre os indicadores de natalidade e mortalidade dános a dimensión do saldo vexetativo municipal. O GALP Ría de Vigo-A Guarda presenta, no conxunto dos últimos anos, un balanço lixeiramente favorable (+0,4 por mil), unha cifra notoriamente mellor que a media galega (-3 por mil).

Por concellos salienta o forte saldo favorable de Soutomaior (+5,1 por mil), pero tamén os negativos de Oia e Vilaboa (arredor do -4 por mil), sendo estes dous os únicos cun comportamento peor que a media de Galicia.

Porén, se observamos a evolución temporal, no ano 2012 o conxunto da área entre en números vermellos, deixando só a Baiona, Soutomaior, e Moaña con cifras positivas. No 2013, ademais de Soutomaior, só Cangas presenta un saldo vexetativo positivo.

Gráfico 4. Evolución da taxa de crecemento vexetativo. 2007-2013.



Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

Táboa 23. Evolución do taxa de crecemento vexetativo segundo concellos(en tantos por mil).

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Baiona	1,8	2,1	1,7	1,8	1,0	1,4	-0,4
Cangas	1,3	2,3	2,4	1,7	-0,2	-0,7	0,4
Guarda, A	-0,1	-0,3	-0,8	-1,1	-4,6	-1,5	-2,8
Moaña	0,8	1,6	2,4	0,7	-0,1	0,9	-0,5
Nigrán	2,0	1,6	1,9	-1,1	-1,6	-1,3	-0,5
Oia	-5,4	-2,8	-3,1	-1,6	-9,1	-1,3	-7,4
Redondela	1,1	0,7	0,9	-0,7	-0,7	-0,4	-1,1
Rosal, O	-0,3	-0,3	-0,8	-1,8	-2,1	-2,0	-2,9
Soutomaior	1,4	6,9	7,7	5,6	9,3	1,1	3,8
Vilaboa	-2,3	-1,0	-4,9	-5,0	-3,3	-3,7	-6,0
Vigo	0,7	1,4	0,6	0,7	0,5	0,0	-0,5
GALP Ría de Vigo-A Guarda	0,7	1,4	0,9	0,5	0,2	-0,2	-0,6
Galicia	-3,0	-2,3	-2,7	-2,8	-3,0	-3,5	-3,9

Fonte: Movemento natural da poboación. IGE

3.4. Poboación estranxeira e movementos migratorios

O GALP Ría de Vigo-A Guarda conta cunha proporción de poboación estranxeira do 4,2%, unha cifra elevada en termos da media galega (3,6%) e que a coloca como unha das zonas litorais con maior inmigración foránea.

Esta porcentaxe débese fundamentalmente á cifra rexistrada no concello de Vigo, que é do 4,9%, un valor semellante ao que marca o concello máis dinámico demograficamente da área, Soutomaior, cun 4,8%. O resto de concellos móvese entre un 2-3% de poboación estranxeira, coa excepción de Moaña, onde só é do 1,3%.

Táboa 24. Poboación total, poboación estranxeira e porcentaxe de estranxeiros. 2014.

	Poboación	Estranxeiros	Porcentaxe
Guarda, A	10.314	317	3,1%
Oia	3.042	80	2,6%
Rosal, O	6.455	127	2,0%
Cangas	26.567	637	2,4%
Moaña	19.365	261	1,3%
Vilaboa	5.972	189	3,2%
Baiona	12.233	388	3,2%
Nigrán	17.715	531	3,0%
Redondela	29.909	607	2,0%
Soutomaior	7.356	352	4,8%
Vigo	294.997	14.561	4,9%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	433.925	18.050	4,2%
Galicia	2.748.695	98.245	3,6%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

A diferenza doutras zonas e concellos pesqueiros, a concentración da poboación estranxeira nesta área responde máis á atracción que exerce a área metropolitana de Vigo que ao traballo xerado especificamente no sector pesqueiro.

Porén, o GALP Ría de Vigo-A Guarda non se significa por ser unha área cun especial atracción migratoria. Si é certo que se aproxima á media galega en canto a unha taxa de inmigración externa (igualábaa en 2007 cun 17 por mil pero se queda por baixo en 2013 cun 9 por mil), pero a taxa de inmigración interna é substancialmente menor (7 puntos menos en 2007 e 4,5 puntos menos en 2013). A suma da inmigración interna e externa ofrécenos en ambos anos unha taxa inmigratoria inferior á media de Galicia.

Diferente é a imaxe se en vez de analizar o conxunto do GALP nos detemos nas cifras municipais. Case todos os concellos da área, encabezado por Soutomaior, posúe unha taxa de inmigración interna positiva, a excepción da cidade de Vigo e dos do Morrazo e o Baixo Miño. Refórzase por tanto a existencia de tres áreas, círculos concéntricos arredor de Vigo, con comportamento demográfico diferente, sendo o central, dos concellos limítrofes da marxe sur da Ría, quen manteñen unha dinámica inmigratoria importante.

Pola súa parte a inmigración externa reduciuse á metade coa crise económica. Aquí só Vigo e Soutomaior manteñen unhas taxas superiores á media do GALP e testemuñan que a preferencia da poboación estranxeira para asentarse é distinta á do resto dos inmigrantes. Só en Soutomaior coinciden ambos, de aí o seu dinamismo.

Táboa 25. Evolución da Taxa de inmigración(en tantos por mil).

	2007			2013		
	Inmigración interna	Inmigración externa	Total inmigración	Inmigración interna	Inmigración externa	Total inmigración
Baiona	27,7	14,8	42,5	31,5	9,7	41,2
Cangas	19,8	11,3	31,0	16,6	8,1	24,8
Guarda, A	18,8	17,4	36,2	17,1	8,5	25,7
Moaña	21,4	10,7	32,0	17,5	4,9	22,4
Nigrán	32,9	16,8	49,8	30,6	8,4	39,0
Oia	29,8	12,7	42,4	25,9	5,5	31,4
Redondela	18,3	9,6	27,9	26,2	6,4	32,6
Rosal, O	22,5	11,7	34,2	21,3	6,1	27,4
Soutomaior	56,0	17,9	73,9	34,0	13,1	47,1
Vigo	12,5	19,2	31,8	14,2	10,0	24,2
Vilaboa	23,6	10,5	34,1	28,6	5,3	33,9
GALP Ría de Vigo-A Guarda	16,2	17,1	33,4	17,2	9,2	26,5
Galicia	23,5	17,2	40,8	21,7	10,1	31,8

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

Se falamos de emigración, o GALP Ría de Vigo-A Guarda é un territorio cunha taxa emigratoria inferior á media galega. Érao en 2007 en máis de 4 puntos e éo en 2013 por máis de 6 puntos de diferenza. É a área costeira menos emigratoria de Galicia.

Porén, a nivel municipal hai comportamentos moi diferentes. Así, Baiona e Soutomaior presentan unhas taxas emigratorias totais moi elevadas, superiores non só ás do GALP senón ás galegas. Nigrán e Moaña, aínda que de xeito máis modesto, tamén se colocan por riba dos parámetros medios da emigración en Galicia.

As cifras amosan comportamentos diferenciais nestes concellos máis emigratorios. En Baiona e Soutomaior o destino preferente dos fluxos de saída é interno, cara a outros concellos galegos, mentres que en Moaña ou Oia a emigración dáse sobre todo cara ao exterior.

Táboa 26. Evolución da Taxa de emigración(en tantos por mil).

	2007			2013		
	Emigración interna	Emigración externa	Total Emigración	Emigración interna	Emigración externa	Total Emigración
Baiona	25,4	8,4	33,9	28,6	11,5	40,0
Cangas	16,1	11,1	27,2	15,6	7,5	23,0
Guarda, A	21,8	8,1	29,9	16,2	11,0	27,2
Moaña	18,9	5,3	24,2	17,0	17,3	34,4
Nigrán	29,5	7,5	37,0	28,7	9,4	38,1
Oia	23,4	2,8	26,3	23,3	9,0	32,3
Redondela	20,9	6,3	27,2	23,7	6,0	29,7
Rosal, O	19,1	3,9	23,0	19,4	7,5	26,9
Soutomaioir	27,9	8,1	36,0	36,8	8,5	45,3
Vigo	17,0	12,2	29,1	13,4	10,6	24,0
Vilaboa	29,9	6,7	36,6	20,5	9,4	29,9
GALP Ría de Vigo-A Guarda	18,6	10,7	29,2	16,2	10,2	26,4
Galicia	23,5	10,2	33,7	21,7	11,1	32,8

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

O resultado da suma dos fluxos migratorios de entrada e saída produce no GALP Ría de Vigo-A Guarda un saldo migratorio cero para o ano 2013. Este equilibrio lógrase tras rexistrar valores positivos durante todo o período anterior e a pesar de que no resto de Galicia, incluíndo o resto das Rías das Baixas, se contabilizan valores negativos.


Por concellos a realidade é máis diversa. Ademais do forte saldo positivo de Soutomaioir durante todo o período analizado, destacan valores tamén superiores ao GALP e a Galicia nos concellos do Rosal, Vilaboa, Moaña e Baiona. Porén, en todos estes casos existen dous momentos claramente diferenciados: un primeiro de crecemento até 2009, e outro de perda de enteiros e mesmo de entrada en números negativos a partir de 2010.

Táboa 27. Evolución da taxa de saldo migratorio por concellos(en tantos por mil).

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Baiona	8,6	7,6	2,3	8,1	-0,4	0,6	1,2
Cangas	3,8	6,2	4,0	8,9	0,7	1,5	1,8
Guarda, A	6,3	-1,1	7,1	3,9	3,5	-1,2	-1,5
Moaña	7,8	14,0	8,2	6,8	1,4	3,4	-12,0
Nigrán	12,7	8,8	3,1	-1,0	-0,4	-6,6	0,9
Oia	16,1	8,1	-5,9	-3,1	-13,2	0,0	-1,0
Redondela	0,7	0,5	1,1	-3,0	1,1	-2,0	2,9
Rosal, O	11,2	17,5	6,2	4,1	0,0	-0,8	0,5
Soutomaioir	37,9	42,8	35,1	7,3	-5,1	2,2	1,8
Vigo	2,6	3,9	0,2	-1,4	1,2	-0,9	0,2
Vilaboa	-2,5	9,9	8,0	15,7	0,3	-3,7	3,9
GALP Ría de Vigo-A Guarda	4,1	5,3	1,9	0,3	0,9	-0,8	0,0
Galicia	7,1	6,4	3,8	2,4	1,7	0,4	-1,0

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

Gráfico 5. Evolución da taxa de saldo migratorio en Galicia e GALP Ría de Vigo-A Guarda. En tantos por mil.



Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

3.5. Centros de ensino e nivel de estudos

No territorio do GALP Ría de Vigo-A Guarda conta con 255 centros de ensino. Do total, 104 son de natureza privada, un 41% que representa unha porcentaxe moi superior á media galega do 23%, e que vén determinada polo feito de seren maioría no concello de Vigo os centros concertados. Non obstante, tamén se rexistra unha proporción de centros privados moi elevada e superior á media galega nos concellos de Soutomaior, A Guarda, O Rosal, Cangas e Nigrán.

Táboa 28. Número de centros de ensino segundo tipo de titularidade. 2015.

	Pública	Privada	Total
Baiona	8	0	8
Cangas	11	5	16
Guarda, A	6	3	9
Moaña	12	0	12
Nigrán	9	3	12
Oia	2	0	2
Redondela	18	1	19
Rosal, O	2	1	3
Soutomaior	2	2	4
Vigo	78	89	167
Vilaboa	3	0	3
GALP Ría de Vigo-A Guarda	151	104	255
Galicia	1.267	385	1.652

Fonte: Directorio de centros de ensino. Consellería de Educación e Cultura.


Se atendemos ao nivel formativo dos habitantes do GALP Ría de Vigo-A Guarda o primeiro que chama a atención é o maior peso do grupo de persoas universitarias. En consonancia co que

acontece na maioría de áreas urbanas do eixo atlántico (A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra).

A poboación universitaria acada a súa maior relevancia nos concellos de Vigo, Nigrán, Cangas e Baiona, o cal debe pórse en relación cun nivel adquisitivo elevado e unha tipoloxía residencial de vivendas unifamiliares en contornos rurais ou suburbanos.

Neste grupo específico das persoas universitarias mantense unha diferenciación por xéneros, segundo o cal predominan as mulleres universitarias.

Gráfico 6. Nivel de estudos da poboación de 16 e máis anos. 2011.



Fonte: Censo de poboación e vivendas. INE.

Táboa 29. Nivel de estudos da poboación de 16 e máis anos segundo xénero. 2011.

	Analfabetos		Sen estudos		Primeiro grao		Segundo grao		Terceiro grao	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Baiona	0,5%	0,8%	4,5%	5,6%	7,1%	7,8%	31,0%	29,7%	6,5%	6,5%
Cangas	0,2%	0,8%	4,8%	8,9%	7,2%	7,2%	29,7%	24,5%	7,2%	9,3%
Guarda, A	0,3%	0,6%	3,1%	5,1%	11,5%	12,5%	30,5%	27,6%	3,4%	5,4%
Moaña	0,2%	0,5%	4,7%	8,2%	8,0%	7,6%	31,8%	29,1%	4,3%	5,5%
Nigrán	0,2%	0,7%	3,3%	5,4%	6,2%	7,1%	29,4%	27,5%	9,6%	10,6%
Oia	0,7%	0,9%	4,0%	6,2%	12,5%	10,0%	30,8%	30,8%	2,5%	1,4%
Redondela	0,9%	1,8%	3,4%	6,4%	8,1%	8,4%	32,1%	28,4%	4,0%	6,5%
Rosal, O	0,1%	0,4%	4,6%	8,6%	8,6%	11,1%	31,8%	26,8%	4,0%	3,8%
Soutomaior	1,8%	2,3%	3,3%	4,8%	9,5%	9,2%	31,3%	30,0%	3,2%	4,4%
Vilaboa	1,4%	2,5%	5,8%	7,8%	12,1%	12,8%	23,3%	26,1%	4,7%	3,3%
Vigo	0,3%	0,7%	2,1%	4,9%	6,2%	8,0%	29,2%	27,3%	9,2%	12,1%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	0,4%	0,8%	2,7%	5,5%	6,9%	8,2%	29,7%	27,4%	8,0%	10,4%
Galicia	0,4%	1,0%	4,3%	7,2%	8,1%	8,9%	28,4%	25,7%	6,6%	9,3%

Fonte: Censo de poboación e vivendas. INE.

3.6. Benestar

O GALP Ría de Vigo-A Guarda posúe un indicador sanitario levemente inferior á media galega: 0,92 médicos de atención primaria por cada 1.000 habitantes. É un valor apropiado en termos do que é habitual en Galicia, máxime se temos en conta que a estrutura por idades da poboación do GALP non é tan envellecida como a doutras zonas.

Cangas, Redondela, Nigrán e A Guarda posúen as mellores ratios fóra do que é a cidade de Vigo, funcionando como centros de atención de referencia para os concellos veciños cunha ratio menor.

Táboa 30. Nº de médicos xerais en atención primaria e por cada 1.000 habitantes. 2013.

	Número	Número de médicos/1.000 habitantes
Baiona	6	0,50
Cangas	28	1,07
Guarda, A	13	1,25
Moaña	13	0,67
Nigrán	23	1,30
Oia	2	0,65
Redondela	33	1,10
Rosal, O	3	0,46
Soutomaior	3	0,41
Vigo	272	0,92
Vilaboa	4	0,68
GALP Ría de Vigo-A Guarda	400	0,92
Galicia	2.600	0,94

Fonte: Servizo Galego de Saúde. 2013

O número de persoas pensionistas no ámbito do GALP Ría de Vigo-A Guarda ronda as 90.000 persoas. Destacan as diferencias por sexos que se rexistran a nivel municipal. Así, en Vilaboa, Soutomaior e Redondela, os tres concellos do fondo da Ría de Vigo, son maioría as mulleres, mentres que no resto de concellos sono os homes, en particular en Cangas, Nigrán, Baiona e A Guarda.

Táboa 31. Número de pensionistas segundo xénero. 2013.

	Homes	Mulleres	Total
Guarda, A	1.216	1.010	2.226
Oia	433	396	829
Rosal, O	765	747	1.512
Cangas	3.061	2.596	5.657
Moaña	2.241	2.121	4.362
Vilaboa	712	833	1.545
Baiona	1.285	1.003	2.288
Nigrán	1.827	1.477	3.304
Redondela	3.405	3.524	6.929
Soutomaior	697	786	1.483
Vigo	29.266	29.585	58.851
GALP Ría de Vigo-A Guarda	44.908	44.078	88.986
Galicia	323.306	323.876	647.182

Fonte: IGE a partir de datos facilitados pola Seguridade Social

Se atendemos ao carácter das pensións, as non contributivas supoñen no ámbito do GALP Ría de Vigo-A Guarda unha fracción do 5,7% do total, unha porcentaxe inferior á media galega do 6,7%. A distribución por concellos das pensión non contributivas é neste GALP moi homoxénea, e só destaca un valor un pouco máis alto que nos demais municipios en Vilaboa (7,8%).

No tocante ao tipo das pensións non contributivas, as pensións de invalidez teñen neste GALP unha importancia sensiblemente superior á media galega (48% fronte ao 38%) e existen notables diferenzas na súa distribución por concellos. Perden importancia e se sitúan mesmo por baixo da media galega en Oia e Vilaboa, os dous concellos menos populosos da área, e acadan a súa máxima importancia en Redondela (57%) e Cangas (52%).

Táboa 32. Número de pensións non contributivas segundo tipo. 2013.

	Invalidez	Xubilación	Total
Guarda, A	65	75	140
Oia	10	25	35
Rosal, O	34	44	78
Cangas	150	140	290
Moaña	94	110	204
Vilaboa	38	83	121
Baiona	48	84	132
Nigrán	100	118	218
Redondela	185	141	326
Soutomaior	31	35	66
Vigo	1.702	1.795	3.497
GALP Ría de Vigo-A Guarda	2.457	2.650	5.107
Galicia	16.380	27.131	43.511

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar.

O GALP Ría de Vigo-A Guarda é a área costeira onde a presenza da renda de integración social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES) é máis importante, o cal asóciase tanto co maior nivel de información e acceso aos servizos públicos como ás maiores desigualdades internas que existen nas grandes aglomeracións urbanas. De feito, en relación á poboación municipal é no propio concello de Vigo onde adquieren maior relevancia, alcanzando a case o 1% dos seus habitantes (unha porcentaxe maior se falamos de núcleos familiares).

O GALP Ría de Vigo-A Guarda reúne un total de 3.250 rendas ou axudas deste tipo, o que supón o 27% das que se conceden en Galicia e o 70% das existentes nos 5 dos 7 GALP analizados.

Táboa 33. Beneficiarios de RISGA e AES. 2013.

	RISGA	AES	Total
Baiona	23	3	26
Cangas	114	43	157
Guarda, A	43	10	53
Moaña	41	8	49
Nigrán	31	8	39
Oia	9	1	10
Redondela	109	23	132
Rosal, O	12	1	13
Soutomaior	12	4	16
Vigo	2.144	588	2.732
Vilaboa	22	1	23
GALP Ría de Vigo-A Guarda	2.560	690	3.250
Galicia	9.300	2.653	11.953


Fonte: Consellería de Traballo e Benestar.

4. Mercado laboral

4.1. Paro rexistrado

No ámbito do GALP Ría de Vigo-A Guarda a evolución do paro rexistrado describe durante os últimos anos unha traxectoria similar ao do conxunto de Galicia: crecemento en números absolutos desde 2007 até 2013 e primeiro descenso no ano 2014. Non obstante, os datos indican que nesta área o impacto da crise foi superior á media galega, pois aquí o número de desempregados inscritos se elevou un 77% por só un 71% de media en Galicia. Malia a todo, o comportamento é máis benigno que na Mariña-Ortegal (92%), na Ría de Pontevedra (+90%) ou na de Arousa (80%).

Gráfico 7. Evolución do paro rexistrado no GALP . 2007-2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Táboa 34. Evolución do paro rexistrado por concellos. 2007-2014.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Evolución 2007-2014
Baiona	534	689	932	1.028	1.076	1.197	1.226	1.167	118,5%
Cangas	1.835	1.998	2.437	2.695	2.861	3.115	3.163	2.899	58,0%
Guarda, A	535	605	818	897	892	996	1.013	948	77,2%
Moaña	1.265	1.427	1.900	2.087	2.298	2.510	2.458	2.251	77,9%
Nigrán	781	905	1.265	1.417	1.539	1.709	1.754	1.653	111,7%
Oia	171	215	273	272	299	344	350	325	90,1%
Redondela	1.698	1.870	2.347	2.552	2.753	2.974	2.926	2.747	61,8%
Rosal, O	402	463	581	641	679	768	765	727	80,8%
Soutomaior	472	542	675	732	835	913	914	850	80,1%
Vigo	18519	20065	25800	28288	30622	33422	34032	32833	77,3%
Vilaboa	332	400	516	575	651	727	706	649	95,5%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	26.544	29.179	37.544	41.184	44.505	48.675	49.307	47.049	77,2%
Galicia	150.546	162.512	206.245	226.237	241.323	270.515	276.007	256.960	70,7%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Nos concellos das Rías de Vigo e Baiona e da costa meridional galega apréciase un comportamento dual neste aumento do paro. Dun lado temos os concellos de Nigrán e Baiona, os concellos coa poboación máis nova e formada e probablemente os máis expostos á burbulla inmobiliaria, onde o incremento dos parados superou o 110%. Do outro lado, aparecen os concello de Cangas e Redondela, os núcleos secundarios tradicionais da área de influencia de Vigo tradicionalmente relacionados coas actividades marítimo-pesqueiras, onde o crecemento foi só da orde do 60%.

Se detallamos a evolución do paro por sexos descubrimos que, como aconteceu en todas partes, o incremento foi máis notorio nos homes (134%) que nas mulleres (47%). Ambas taxas de variación son superiores no GALP Ría de Vigo-A Guarda que no total galego, polo que non se pode falar dun castigo diferencial por sexos nesta zona.

En cambio, si acontece iso nalgúns concellos. En Redondela, Vilaboa, O Rosal e Moaña o incremento do paro masculino foi moi superior á media da zona, mentres que en Baiona e A Nigrán os aumentos máis elevados se anotaron no colectivo feminino.

Táboa 35. Distribución porcentual do paro rexistrado segundo xénero. Evolución 2007-2014.

	2007		2014		Porcentaxe 2014		2007-2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Baiona	203	331	552	615	47,3%	52,7%	171,9%	85,8%
Cangas	622	1.212	1.306	1.592	45,1%	54,9%	110,0%	31,4%
Guarda, A	199	336	465	483	49,1%	50,9%	133,7%	43,8%
Moaña	419	846	1.079	1.172	47,9%	52,1%	157,5%	38,5%
Nigrán	297	484	793	859	48,0%	52,0%	167,0%	77,5%
Oia	66	105	169	156	52,0%	48,0%	156,1%	48,6%
Redondela	438	1.261	1.119	1.628	40,7%	59,3%	155,5%	29,1%
Rosal, O	126	277	348	379	47,9%	52,1%	176,2%	36,8%
Soutomaior	153	319	363	487	42,7%	57,3%	137,3%	52,7%
Vigo	6.620	11.898	15.100	17.733	46,0%	54,0%	128,1%	49,0%
Vilaboa	118	214	350	298	54,0%	46,0%	196,6%	39,3%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	9.261	17.283	21.644	25.402	46,0%	54,0%	133,7%	47,0%
Galicia	54.666	95.881	123.212	133.748	47,9%	52,1%	125,4%	39,5%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE


O feito de que o incremento do paro feminino sexa maior onde máis medrou o paro é un indicio de que no resto de concellos moitas mulleres deberon retirarse do mercado laboral, razón pola cal non engrosaron as listas do paro.

A estrutura do paro por idades no GALP Ría de Vigo-A Guarda é moi parecida á media galega, aínda que comezan a ter máis importancia as persoas de 35 ou máis anos que as máis mozas.

Por concellos existen diferenzas na estrutura do paro que en parte se explican por unha pirámide de poboación diferente pero en parte tamén por un distinto comportamento do paro.

Así, os parados maiores de 44 anos teñen máis importancia que a media galega e da zona en Redondela, Vigo e o Rosal. E os parados de entre 25 e 44 anos son especialmente numerosos en Cangas, Moaña, Nigrán, Baiona, Oia e A Guarda.

Gráfico 8. Paro rexistrado segundo idade. GALP e Galicia. 2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Táboa 36. Paro rexistrado segundo idade por concellos.

	Menores de 25 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	Maiores de 54 anos
Baiona	5,3%	25,9%	27,8%	25,7%	15,2%
Cangas	5,0%	23,3%	31,5%	23,7%	16,5%
Guarda, A	5,9%	26,4%	24,1%	26,2%	17,5%
Moaña	6,1%	22,5%	28,3%	24,7%	18,5%
Nigrán	6,3%	21,4%	29,1%	25,1%	18,1%
Oia	6,2%	23,4%	28,3%	22,8%	19,4%
Redondela	6,4%	18,5%	25,7%	25,8%	23,6%
Rosal, O	6,5%	19,4%	26,0%	27,8%	20,4%
Soutomaior	6,4%	20,6%	31,3%	23,5%	18,1%
Vigo	5,2%	20,0%	27,7%	25,4%	21,7%
Vilaboa	8,5%	22,7%	26,0%	23,0%	19,7%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	5,4%	20,6%	27,8%	25,3%	20,8%
Galicia	5,9%	21,5%	27,1%	25,1%	20,4%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

En perspectiva evolutiva hai dous grupos de idades non contiguos onde o incremento do paro foi máis intenso durante os últimos 8 anos. Un, o das persoas de 35 a 44 anos, castigou especialmente tanto aos concellos máis novos (Nigrán, Baiona) como aos intersticiais (Oia, Vilaboa, Soutomaior). Outro, o das persoas maiores de 54 anos, se revelou máis intenso do normal nos concellos de A Guarda, Nigrán, O Rosal e Moaña.

Táboa 37. Evolución do paro rexistrado segundo idade. 2007-2014.

	Menores de 25 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	Maiores de 54 anos
Baiona	-29,5%	33,0%	109,7%	160,9%	68,6%
Cangas	-22,0%	22,9%	87,5%	59,3%	39,8%
Guarda, A	-31,7%	42,0%	58,3%	87,9%	130,6%
Moaña	-27,1%	31,3%	86,3%	99,6%	79,0%
Nigrán	8,3%	36,7%	116,7%	141,3%	91,7%
Oia	-41,2%	26,7%	130,0%	80,5%	57,5%
Redondela	0,6%	17,1%	67,1%	72,9%	51,3%
Rosal, O	-21,7%	24,8%	64,3%	112,6%	82,7%
Soutomaior	-3,6%	24,1%	112,8%	77,0%	45,3%
Vigo	-5,6%	28,4%	102,8%	87,0%	69,6%
Vilaboa	17,0%	38,7%	122,4%	75,3%	47,1%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	-9,1%	28,2%	98,1%	87,6%	67,5%
Galicia	-4,6%	30,7%	84,5%	89,7%	60,8%


Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Relacionado con este comportamento negativo do paro entre as persoas de máis idade está estoutro dato, tirado da estatística desagregada polo nivel formativo dos inscritos: o GALP Ría de Vigo-A Guarda posúen unha proporción anormalmente elevada de parados con estudos primarios completos. Cómpre sinalar, non obstante, que parte desta especial relevancia débese tamén a unha menor importancia dos colectivos sen estudos.

Nesta zona o peso das persoas con estudos secundarios é menor que outras áreas costeiras galegas. Pola súa banda, a importancia relativa dos parados universitarios acada aquí niveis intermedios, nin moi altos nin moi baixos en termos comparativos.

Malia a todo, na área do GALP Ría de Vigo-A Guarda segue sendo o colectivo universitario quen ten máis difícil atopar emprego. No conxunto da área a proporción de universitarios no paro triplica a existente na poboación xeral. Nos colectivos de estudos primarios e secundarios esa mesma relación é de só 2 a 1.

Gráfico 9. Distribución do paro rexistrado segundo nivel de estudos. 2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Táboa 38. Distribución do paro rexistrado segundo nivel de estudos. 2014.


	Analfabetos	Estudos primarios incompletos	Estudos primarios completos	Estudos secundarios	Estudos post-secundarios
Baiona	0,5%	4,3%	15,8%	60,8%	18,5%
Cangas	0,0%	0,6%	48,6%	31,4%	19,5%
Guarda, A	0,5%	4,2%	9,1%	68,4%	17,7%
Moaña	0,0%	0,4%	53,4%	32,8%	13,5%
Nigrán	0,5%	4,8%	17,2%	59,3%	18,1%
Oia	0,3%	8,3%	16,3%	65,8%	9,5%
Redondela	1,4%	3,9%	11,3%	70,1%	13,3%
Rosal, O	0,4%	2,3%	14,3%	70,4%	12,5%
Soutomaior	3,9%	4,1%	8,0%	71,2%	12,8%
Vigo	2,6%	5,5%	14,5%	57,9%	19,4%
Vilaboa	2,0%	8,6%	12,9%	64,4%	11,9%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	2,0%	4,8%	18,2%	56,7%	18,3%
Galicia	4,2%	7,0%	13,1%	57,5%	18,2%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

A cidade de Vigo concentra a peor situación relativa dos parados con estudos secundarios e universitarios. Ademais, a situación dos parados con estudos de segundo grao é peor que a media en Soutomaior, Redondela e O Rosal, mentres que a dos parados universitarios empeora aínda máis en Vilaboa, Oia e A Guarda.

O detalle do paro por sectores económicos de procedencia presenta algunhas diferenzas a respecto do que é habitual no resto de Galicia e dalgunhas zonas costeiras. O primeiro sector de orixe é o comercio por xunto, como noutras partes, pero aquí cobra especial relevancia a industria automobilística. Ademais, no GALP Ría de Vigo-A Guarda acadan a terceira posición en importancia as actividades administrativas, cando normalmente aparecían en posicións máis baixas.


Gráfico 10. Distribución do paro rexistrado segundo actividade de procedencia. 2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

O mercado laboral do GALP Ría de Vigo-A Guarda non está exento dunha compoñente de xénero que se deixa notar nas cifras do paro. Como é habitual as mulleres representan máis do 70% nas actividades de traballo doméstico, saúde e servizos sociais, servizos persoais e ensino. Son tamén máis de 2/3 na hostalaría, nas actividades inmobiliarias e nas persoas sen emprego anterior. Pola contra representan menos de 1/3, ademais de no sector primario (agro, pesca e industrias extractivas e enerxéticas), no transporte e na construción.

Gráfico 11. Porcentaxe de mulleres no paro rexistrado segundo actividade de procedencia. 2014.




Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

No que toca aos datos de antigüidade no paro o GALP Ría de Vigo-A Guarda compórtase igual que o conxunto de Galicia: a metade dos parados con máis de 1 ano de permanencia do paro, un terzo con menos de 6 meses e o resto entre 6 meses e 1 ano. As diferenzas emerxen cando atendemos aos datos municipais, onde se constata a existencia de dous grupos de concellos con características opostas.

Nun primeiro grupo, liderado por Vigo e Redondela e no que tamén se inclúen Vilaboa, Soutomaior, O Rosal e Nigrán, é especialmente importante o peso dos parados de longa duración, e, consecuentemente, relativamente escasa a daqueles con menos de 6 meses no paro.

No outro grupo, composto por Baiona, Cangas, A Guarda, Oia e Moaña acontece todo o contrario, até o punto de que os parados de menos de 6 meses son tan importantes como os de longa duración. Nalgúns destes concellos tamén aumenta a relevancia do grupo intermedio, entre 6 meses e 1 ano de permanencia no paro.

Gráfico 12. Paro rexistrado segundo duración do tempo en desemprego. 2014.



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

Neste segundo grupo de concellos evidénciase un maior peso das mulleres nos parados de curta duración, en comparación co que acontecía no primeiro grupo, no que as mulleres eran especialmente numerosas no grupo de parados de longa duración.

Táboa 39. Paro rexistrado segundo duración do tempo de desemprego. 2014.


	Menos de 6 meses			Entre 6 meses e 1 ano			Máis de 1 ano		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Baiona	42,8%	40,7%	41,6%	16,8%	16,6%	16,7%	40,4%	42,9%	41,6%
Cangas	48,9%	36,5%	42,0%	15,5%	15,4%	15,4%	35,7%	48,1%	42,5%
Guarda, A	44,1%	38,1%	41,0%	17,4%	15,5%	16,6%	38,5%	46,2%	42,4%
Moaña	47,8%	35,8%	41,5%	14,2%	14,3%	14,3%	38,1%	49,8%	44,2%
Nigrán	41,6%	33,8%	37,5%	14,5%	15,4%	14,9%	43,9%	51,0%	47,5%
Oia	41,4%	41,0%	41,2%	16,0%	13,5%	14,8%	42,6%	45,5%	44,0%
Redondela	41,6%	29,3%	34,3%	15,4%	12,9%	13,9%	43,0%	57,7%	51,8%
Rosal, O	40,5%	33,0%	36,7%	16,1%	14,0%	15,1%	43,1%	53,0%	48,3%
Soutomaior	43,0%	30,8%	36,1%	15,7%	14,4%	15,1%	41,3%	54,6%	48,9%
Vigo	37,2%	31,4%	34,0%	15,3%	14,4%	14,8%	47,5%	54,2%	51,1%
Vilaboa	38,9%	35,2%	37,1%	14,0%	15,1%	14,5%	47,4%	50,0%	48,4%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	39,3%	32,3%	35,5%	15,3%	14,5%	14,9%	45,4%	53,2%	49,6%
Galicia	38,8%	34,9%	36,8%	15,2%	14,5%	14,8%	46,0%	50,6%	48,4%

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. IGE

4.2. Persoas afiliadas

Os datos de afiliacións á Seguridade Social, complementarios dos do paro para definir a situación do mercado laboral no ámbito do GALP Ría de Vigo-A Guarda, amosan durante os últimos anos unha evolución agregada semellante á rexistrada en Galicia, acompañada co ciclo económico e coas variacións globais no PIB. A única diferenza apreciable é que, así como nos primeiros anos da recesión, a caída das afiliacións na zona foi superior á galega, nos últimos anos e desde 2012 a área do GALP logrou recuperarse e seguir o mesmo comportamento que no resto de Galicia.

Gráfico 13. Evolución de persoas afiliadas en porcentaxe de variación interanual.



Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

A destrución de emprego acumulada desde 2007 e até 2014 foi aquí do -18%, máis intensa que o que sinala o -15% que se rexistrou en Galicia, e debido fundamentalmente ao impacto máis forte da recesión que experimentou até 2011.

Táboa 40. Persoas afiliadas, evolución 2007-2014 e peso relativo. Datos medios de afiliación.

	2014	2007-2014	% relativo
Baiona	4.031	-12,9%	2,8%
Cangas	8.291	-12,9%	5,7%
Guarda, A	3.133	-16,9%	2,2%
Moaña	6.347	-17,0%	4,4%
Nigrán	5.948	-16,7%	4,1%
Oia	985	-22,1%	0,7%
Redondela	10.208	-20,2%	7,1%
Rosal, O	1.970	-19,0%	1,4%
Soutomaior	2.445	-5,9%	1,7%
Vigo	98.971	-18,8%	68,6%
Vilaboa	1.973	-19,1%	1,4%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	144.300	-18,1%	100,0%
Galicia	902.795	-14,8%	

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

A evolución de cada concello móvese nunha perda de afiliación de entre o 16-20%, excepto nos casos de Soutomaior (-6%, debido á súa expansión demográfica), e Baiona e Cangas (-13%), onde a caída é inferior á media. Oia (-22%) rexistra a peor evolución municipal do GALP.

Por sexos, ao igual que acontecía ao analizarmos o paro, a evolución das afiliacións é moi distinta para homes e mulleres. Entre os homes a ocupación retrocedeu un 25%, unha porcentaxe superior ao 22% que rexistraron en Galicia, mentres que a mulleres retrocederon un 9%, unha porcentaxe tamén máis alta que o 5% galego.

Os homes experimentaron caídas superiores ao 21% en todos os concellos, excepto en Soutomaior (-11%), e todos se moveron entre unha caída desa magnitude e a do -29%. Vilaboa e Oia lideran as caídas do emprego masculino, seguidos de preto por Vigo e Moaña.

As mulleres presentan un mantemento do emprego en tres concellos: Soutomaior, Cangas e Baiona, para anotarse retrocesos de entre o -5% e o -13% no resto de concellos.

Táboa 41. Persoas afiliadas segundo xénero e evolución 2007-2014.

	2014		Evolución 2007-2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Baiona	2.138	1.893	-21,2%	-1,2%
Cangas	4.342	3.949	-22,3%	0,4%
Guarda, A	1.751	1.382	-23,7%	-6,3%
Moaña	3.197	3.150	-26,4%	-4,5%
Nigrán	3.244	2.704	-24,3%	-5,4%
Oia	543	442	-28,9%	-11,5%
Redondela	5.522	4.687	-25,5%	-12,9%
Rosal, O	1.111	859	-24,3%	-10,8%
Soutomaior	1.337	1.108	-11,3%	1,4%
Vigo	49.678	49.293	-26,1%	-9,8%
Vilaboa	1.012	962	-29,4%	-4,4%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	73.873	70.427	-25,4%	-8,6%
Galicia	463.991	438.804	-22,0%	-5,4%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

O conxunto de datos constata que a creación de emprego está ligada aos concellos máis dinámicos, ao xénero feminino e a persoas con maior nivel de cualificación.

As estatística da Tesouraría da Seguridade Social dinnos tamén que no ámbito do GALP Ría de Vigo-A Guarda acada unha especial relevancia o réxime xeral fronte ao réxime especial de autónomos. Se en Galicia o 71% das afiliacións se inscriben no réxime xeral nesta área a cifra sobe até o 77%. O resto de réximes, incluído o especial do mar, posúen neste ámbito a mesma importancia que no conxunto de Galicia.

Iso non impide que haxa varios concellos cun peso particularmente elevado do réxime do mar. Son Cangas, A Guarda, Moaña e Vilaboa, con entre un 8% e un 10% dos afiliados adscritos ás actividades do mar, o que significa entre 4 e 5 veces o que este sector importa en Galicia (2%). Non son porcentaxes particularmente altas se as comparamos coas que teñen os portos doutras áreas, mais cómpre ter en conta de que aquí estamos falando de concellos con maior número de habitantes.

En total, o réxime do mar reúne no GALP Ría de Vigo-A Guarda a un total de 3.500 persoas unha das cifras máis altas das áreas costeiras galegas. Nomeadamente Cangas ten unha posición preeminente en número de persoas afiliadas a este réxime, con 900, detrás das 1.400 de Ribeira e as 1.000 da Illa de Arousa. Tamén, destaca Vigo con aproximadamente 750.

Táboa 42. Persoas afiliadas segundo réxime. 2014.

	Réxime xeral de minería e do carbón	Réxime especial de autónomos	Réxime especial agrario	Réxime especial do mar	Réxime especial empregadas do fogar	Total
Baiona	2.939	898	8	144	128	4.117
Cangas	5.737	1.580	2	901	172	8.392
Guarda, A	1.949	762	196	331	66	3.304
Moaña	4.583	1.214	6	550	125	6.478
Nigrán	4.107	1.566	21	104	265	6.063
Oia	666	226	51	60	20	1.023
Redondela	7.871	1.963	19	342	216	10.411
Rosal, O	1.281	519	182	57	30	2.069
Soutomaior	1.820	486	7	114	44	2.471
Vigo	77.851	17.141	48	765	3.166	98.971
Vilaboa	1.418	398	8	158	60	2.042
GALP Ría de Vigo-A Guarda	110.222	26.753	548	3.526	4.292	145.341
Galicia	646.080	216.737	6.611	19.722	27.097	916.247

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

Se analizamos os datos de afiliacións por réximes durante os últimos 8 anos verificamos que no GALP Ría de Vigo-A Guarda tamén se produciu unha destrución de emprego no réxime xeral (-21%) maior que a rexistrada para o conxunto do país (-16%), pero aquí, a diferenza do que pasou en Galicia, o réxime de autónomos tamén destruíu emprego (-6% fronte a +14%).


A caída no réxime especial do mar tamén foi máis intensa no GALP Ría de Vigo-A Guarda (-28%) que no resto de Galicia (-22%). Só A Guarda e en menor medida Cangas sobrelevaron mellor a caída, que superou o -30% no resto dos principais portos pesqueiros.

Táboa 43. Evolución das persoas afiliadas segundo réxime. 2007-2014.

	Réxime xeral de minería e carbón	Réxime especial de autónomos	Réxime especial agrario	Réxime especial do mar	Réxime especial empregadas do fogar	Total
Baiona	-14,5%	2,9%	-56,8%	-34,7%	57,1%	-11,1%
Cangas	-11,9%	-2,5%	-93,8%	-26,1%	25,5%	-11,9%
Guarda, A	-20,2%	-2,2%	139,0%	-20,5%	33,3%	-12,4%
Moaña	-15,5%	-2,5%	-87,1%	-30,6%	-6,4%	-15,2%
Nigrán	-21,5%	-1,4%	27,3%	-27,5%	65,1%	-15,1%
Oia	-25,3%	1,6%	-28,2%	-4,0%	21,2%	-19,0%
Redondela	-22,0%	-2,4%	-44,9%	-31,9%	40,3%	-18,6%
Rosal, O	-24,6%	15,7%	-9,2%	16,3%	-9,1%	-14,9%
Soutomaior	-7,5%	12,0%	-76,3%	-9,5%	6,0%	-4,9%
Vigo	-21,9%	-8,2%	-62,1%	-35,4%	40,1%	-18,8%
Vilaboa	-19,8%	-3,5%	-68,6%	-22,2%	100,0%	-16,3%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	-20,8%	-5,5%	-19,8%	-28,3%	38,6%	-17,5%
Galicia	-16,2%	13,5%	-87,3%	-22,2%	38,4%	-13,5%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

Gráfico 14. Persoas afiliadas segundo sector de actividade. 2014.



Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

A composición sectorial das afiliacións amosa no ámbito do GALP unha estrutura produtiva e laboral moi vinculada aos servizos, que acadan aquí e na Ría de Pontevedra un dos maiores pesos (75%) de entre as áreas costeiras galegas, en correspondencia ao maior nivel de urbanización destas zonas. No GALP Ría de Vigo-A Guarda tamén é relevante, como xa se apuntou, o peso industrial (17%), que alcanza un peso semellante ao da Arousa. No GALP Ría de Vigo-A Guarda o sector da agricultura e a pesca e o da construción son menos importantes que noutras zonas costeiras.

Os datos municipais permítennos ver como Vigo, Baiona e Nigrán lideran o peso dos servizos, que nos 3 concellos supera o peso medio galego. A industria sobresaie por riba da media do GALP en Moaña, Redondela, Nigrán, O Rosal e Vilaboa, aínda que obviamente o peso medio do sector na área determínanos Vigo. O agro e a pesca son relativamente máis importantes que a media galega en Oia, A Guarda, O Rosal (todo o sector meridional), e en Moaña, Cangas e Vilaboa (toda a comarca do Morrazo). Pola súa banda, a construción sobresaie en Oia, O Rosal e Vilaboa (os concellos menos dinámicos).

Téñase en conta que nesta estatística moitos dos empregos industriais tamén están vinculados ao mar, e concretamente ás actividades de construción naval e da industria de transformación de peixes e mariscos.


Táboa 44. Persoas afiliadas segundo sector de actividade. 2014.

	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Non consta	Total
Baiona	138	638	282	2.969	4	4.031
Cangas	847	1.264	527	5.641	13	8.291
Guarda, A	440	462	231	1.992	9	3.133
Moaña	541	1.328	441	4.030	7	6.347
Nigrán	120	1.053	458	4.311	6	5.948
Oia	134	154	113	581	4	985
Redondela	346	2.160	737	6.954	12	10.208
Rosal, O	250	361	246	1.108	5	1.970
Soutomaior	128	424	170	1.723	0	2.445
Vigo	679	16.377	4.237	77.573	104	98.971
Vilaboa	175	348	200	1.246	5	1.973
GALP Ría de Vigo-A Guarda	3.796	24.568	7.641	108.127	169	144.300
Galicia	61.801	128.033	68.863	642.580	1.519	902.795

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE

3.3. Contratación

O cambio de tendencia que a reforma do mercado laboral supuxo na contratación en España e en Galicia tamén se deixa ver nas estatísticas referentes ao GALP Ría de Vigo-A Guarda. O número de contratos, que caera desde 2007 até 2010, estabilízase desde 2011 e en 2014 rexistra por vez primeira un crecemento significativo.



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Malia a todo o nivel de contratos do último ano non supera aínda o dato do ano 2008, 6 anos antes. Por iso, en relación a outras áreas costeiras, a evolución do GALP Ría de Vigo-A Guarda pode considerarse máis negativa, dado que en outras zonas o número de contratos ao final do período superaba ben ao nivel do ano 2008 ou mesmo ao do ano 2007, previo á crise, que significa un máximo histórico nesta estatística.

En termos acumulados o número de contratos no GALP retrocedeu un 18%, o dobre do que aconteceu en Galicia durante o mesmo período. Porén, esta evolución é enganosa. Vigo, cunha destrución do 28% dos contratos habidos antes do inicio da crise, empuxa cara abaixo a contratación global. A tónica habitual, en cambio, é a dun incremento da contratación no resto de concellos, con excepción de Vilaboa, nalgúns casos con porcentaxes que superan o 50% e até o 100% de crecemento.

Os datos de contratación por xénero e concello demostran que no GALP Ría de Vigo-A Guarda existe un maior desequilibrio na contratación que no conxunto de Galicia, xa que a cota de contratos a homes amplíase aquí do 53% ao 55%. Ademais, os datos evolutivos apuntan a que a destrución do número de contratos foi máis intensa no caso das mulleres que na dos homes, afondando a brecha existente entre uns e outras.

Por concellos demóstrase que onde a caída da contratación foi máis intensa foi en Vigo, tanto para mulleres como para homes.

Táboa 45. Número de contratos, porcentaxe relativa e evolución 2007-2014.

	2014	Evolución 2007-2014	Porcentaxe 2014
Baiona	3.278	13,0%	2,2%
Cangas	5.402	18,2%	3,5%
Guarda, A	2.088	4,8%	1,4%
Moaña	8.014	3,5%	5,3%
Nigrán	4.977	93,9%	3,3%
Oia	983	114,2%	0,6%
Redondela	13.107	51,1%	8,6%
Rosal, O	1.742	64,5%	1,1%
Soutomaior	985	28,8%	0,6%
Vigo	110.457	-28,4%	72,5%
Vilaboa	1.305	-18,7%	0,9%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	152.338	-18,3%	100,0%
Galicia	786.193	-9,1%	

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.


Táboa 46. Distribución porcentual dos contratos por xénero. Evolución 2007-2014.

	2014		Evolución 2007-2014	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Guarda, A	54,2%	45,8%	0,3%	10,8%
Oia	47,8%	52,2%	77,4%	164,4%
Rosal, O	54,6%	45,4%	101,9%	34,5%
Cangas	51,1%	48,9%	7,1%	32,5%
Moaña	61,9%	38,1%	0,8%	8,2%
Vilaboa	51,6%	48,4%	-26,4%	-8,6%
Baiona	50,2%	49,8%	37,9%	-4,3%
Nigrán	49,1%	50,9%	106,6%	83,0%
Redondela	71,6%	28,4%	62,3%	28,5%
Soutomaior	49,5%	50,5%	28,4%	29,1%
Vigo	53,8%	46,2%	-27,1%	-29,8%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	55,4%	44,6%	-15,9%	-21,1%
Galicia	53,1%	46,9%	-8,5%	-9,7%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

No ámbito do GALP Ría de Vigo-A Guarda a distribución dos contratos por idades é idéntica á existente no conxunto de Galicia.

Gráfico 16. Distribución dos contratos por idade. 2014.



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

As únicas diferenzas destacables nos datos municipais son unha maior concentración dos contratos xuvenís nos concello de Baiona e Nigrán, en razón de abrigaren moita poboación nova. Soutomaior, en cambio, o concello máis dinámico salienta por reunir a maioría dos contratos asinados nos tramos de idade que van dos 35 aos 54 anos.

Táboa 47. Distribución dos contratos por idades. 2014.

	De 16 a 34 anos	De 35 a 54 anos	De 55 e máis anos
Guarda, A	50,7%	44,7%	4,5%
Oia	48,8%	42,8%	8,5%
Rosal, O	47,5%	49,4%	3,2%
Cangas	50,5%	45,2%	4,4%
Moaña	44,0%	49,3%	6,7%
Vilaboa	47,0%	47,9%	5,1%
Baiona	57,3%	39,8%	2,9%
Nigrán	57,7%	37,2%	5,0%
Redondela	45,4%	51,1%	3,5%
Soutomaior	41,1%	54,0%	4,9%
Vigo	51,6%	44,1%	4,3%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	50,6%	44,9%	4,5%
Galicia	50,6%	44,3%	5,1%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Nos datos para o ano 2014 observamos unha distribución por tipos de contrato moi parecida á que se dá en Galicia. A diferenza específica do GALP Ría de Vigo-A Guarda consiste nun menor peso relativo dos contratos de obra e servizo e un maior peso dos eventuais por circunstancias da produción.

Por concellos Vigo, Cangas e Nigrán tiran para arriba das porcentaxes de contratación indefinida, que son en xeral máis baixas neste GALP que no resto do País. Os contratos de obra e servizo proliferan no Rosal, A Guarda e Vilaboa. Os eventuais concéntranse espacialmente nos concellos de Redondela, Oia e Moaña, e os de interinidade e de conversión a indefinidos en Vigo e Soutomaior.

Táboa 48. Distribución dos contratos por tipoloxía. 2014.

	Indefinido ordinario e fomento do emprego	De obra ou servizo	Eventual por circunstancias da produción	Interinidade	En prácticas	Para a formación	Outros	Conversións a indefinidos
Guarda, A	3,1%	57,1%	27,1%	8,8%	0,3%	0,9%	1,2%	1,5%
Oia	0,5%	24,3%	68,7%	2,4%	0,0%	0,8%	2,5%	0,7%
Rosal, O	1,5%	71,0%	22,4%	2,8%	0,2%	1,1%	0,3%	0,7%
Cangas	4,7%	38,8%	44,2%	6,9%	0,4%	1,2%	0,7%	3,1%
Moaña	2,6%	32,8%	60,1%	2,0%	0,2%	0,5%	0,6%	1,1%
Vilaboa	4,2%	51,3%	34,0%	3,9%	0,2%	1,3%	2,1%	3,1%
Baiona	2,9%	39,8%	50,1%	3,1%	0,2%	1,6%	0,7%	1,6%
Nigrán	4,3%	26,8%	51,0%	8,1%	0,5%	1,3%	6,1%	1,8%
Redondela	1,7%	14,9%	71,7%	9,4%	0,3%	0,6%	0,5%	1,0%
Soutomaior	2,4%	31,3%	45,9%	12,0%	0,3%	2,6%	1,4%	4,1%
Vigo	5,0%	31,5%	43,5%	13,5%	0,7%	0,9%	1,9%	3,1%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	4,4%	31,3%	46,8%	11,6%	0,5%	0,9%	1,7%	2,7%
Galicia	5,0%	35,3%	42,2%	10,2%	0,5%	1,3%	2,7%	2,8%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Se falamos en termos temporais, todos os tipos de contratos evolucionaron peor que en Galicia no ámbito do GALP Ría de Vigo-A Guarda e no período 2007-2014. Especialmente negativa é, en perspectiva dinámica e comparada, o comportamento dos contratos de interinidade, de obra ou servizo e dos indefinidos.

Táboa 49. Evolución dos contratos por tipoloxía. Evolución 2007-2014.

	GALP Ría de Vigo-A Guarda	Galicia
Indefinido ordinario e fomento do emprego	-31,7%	-19,3%
De obra ou servizo	-22,3%	-7,3%
Eventual por circunstancias da produción	-8,9%	-1,0%
Interinidade	-16,5%	-6,9%
En prácticas	-33,9%	-48,5%
Para a formación	-19,4%	-22,4%
Outros	-20,5%	-16,6%
Conversións a indefinidos	-57,3%	-55,1%
Total de contratos rexistrados	-18,3%	-9,1%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

No que respecta á temporalidade na contratación, o GALP Ría de Vigo-A Guarda víu aumentar nun punto porcentual a súa taxa entre 2007 e 2014, máis ou menos na mesma dirección e coa mesma intensidade que aconteceu en Galicia, co agravante de que partía de porcentaxes xa entón máis altas.

Por concellos son Vigo e Nigrán quen tiran un pouco da taxa de temporalidade cara abaixo, xa que no resto de concellos dita taxa é igual ou superior á media do GALP.

Co decurso da crise económica as taxas de temporalidade, tradicionalmente máis altas para as mulleres, tenderon a igualarse, e no caso concreto do GALP Ría de Vigo-A Guarda pasaron a ser máis elevadas no colectivo masculino.

Táboa 50. Evolución da Taxa de temporalidade nos contratos. 2007 e 2014.

	2007			2014		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Guarda, A	95,4%	96,0%	94,7%	95,5%	94,8%	96,3%
Oia	97,7%	96,8%	99,0%	97,8%	98,3%	97,3%
Rosal, O	95,8%	94,3%	97,0%	96,8%	96,5%	97,0%
Cangas	91,3%	90,5%	92,2%	96,7%	96,7%	96,6%
Moaña	97,8%	98,1%	97,3%	96,9%	97,1%	96,7%
Vilaboa	95,8%	95,3%	96,5%	96,2%	96,4%	96,1%
Baiona	97,0%	96,7%	97,2%	95,7%	96,3%	95,1%
Nigrán	93,9%	91,5%	95,9%	95,4%	95,8%	94,9%
Redondela	97,3%	98,1%	95,7%	97,0%	97,5%	96,3%
Soutomaior	94,1%	95,3%	92,9%	96,9%	97,4%	96,2%
Vigo	94,1%	93,5%	94,7%	94,8%	95,1%	94,5%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	94,4%	94,0%	94,8%	95,4%	95,7%	95,0%
Galicia	93,9%	93,5%	94,4%	94,7%	94,8%	94,7%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Se atendemos ao tipo de xornada o GALP Ría de Vigo-A Guarda presenta unha proporción de contratos a tempo completo superior á do conxunto de Galicia (69% por 63%), que a sitúa no segundo lugar en utilización deste tipo de xornada por detrás só da comarca da Arousa (78%). Isto lógrase a pesar de que Vigo e concellos de certa entidade como Nigrán, Cangas, Baiona ou Soutomaior, tiran para abaixo a contratación a tempo completo.

Táboa 51. Distribución dos contratos por tipo de xornada. 2014.

	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo
Guarda, A	62,5%	37,1%	0,3%
Oia	69,1%	30,8%	0,1%
Rosal, O	82,0%	17,8%	0,2%
Cangas	56,1%	42,9%	1,0%
Moaña	78,3%	21,6%	0,2%
Vilaboa	79,9%	19,7%	0,4%
Baiona	41,0%	58,8%	0,1%
Nigrán	62,7%	36,9%	0,4%
Redondela	79,0%	20,8%	0,2%
Soutomaior	44,0%	56,0%	0,0%
Vigo	60,5%	39,1%	0,4%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	69,3%	30,4%	0,3%
Galicia	62,9%	36,6%	0,5%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

En función do nivel de estudos e a diferenza dos datos do paro e as afiliacións, a contratación céntrase nas persoas de estudos secundarios e de terceiro grao, en maior medida aquí que en Galicia. A contratación de persoas universitarias concéntrase case en exclusiva no concello de Vigo.


Táboa 52. Distribución dos contratos rexistrados segundo nivel de estudos. 2014.

	Sen estudos	Estudos primarios	Estudos secundarios	Estudos superiores	Sen clasificar
Guarda, A	2,5%	27,1%	59,8%	10,6%	0,0%
Oia	0,5%	10,7%	87,5%	1,3%	0,0%
Rosal, O	0,2%	8,3%	84,1%	7,2%	0,1%
Cangas	0,6%	16,2%	75,7%	7,4%	0,0%
Moaña	7,4%	10,5%	79,6%	2,5%	0,0%
Vilaboa	2,1%	38,9%	56,7%	2,3%	0,0%
Baiona	1,8%	16,7%	76,6%	4,8%	0,1%
Nigrán	2,2%	17,3%	69,5%	10,8%	0,2%
Redondela	4,6%	9,7%	81,6%	4,1%	0,0%
Soutomaior	1,0%	20,8%	71,8%	6,2%	0,2%
Vigo	2,6%	14,4%	65,3%	17,6%	0,2%
GALP Ría de Vigo-A Guarda	2,8%	14,3%	68,4%	14,3%	0,1%
Galicia	4,9%	18,4%	64,1%	12,4%	0,2%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Por último, se ollamos aos grandes sectores de actividade económica, no GALP Ría de Vigo-A Guarda predominan os servizos (77%) e a moita distancia a industria (16%).

Gráfico 17. Distribución dos contratos segundo sector de actividade. 2014.



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

No agro e a pesca só destacan O Rosal, A Guarda, e nun segundo plano Cangas e Vilaboa. Na industria salienta o peso dos contratos subscritos en Redondela, Moaña, Vilaboa e O Rosal. A construción destaca en Cangas e Soutomaior, mentres que os servizos son cousa de Baiona, Soutomaior e Nigrán.

Táboa 53. Distribución dos contratos segundo sector de actividade. 2014.

	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
Guarda, A	535	110	91	1.352	2.088
Oia	9	5	45	924	983
Rosal, O	803	369	76	494	1.742
Cangas	529	384	489	4.000	5.402
Moaña	252	1.916	395	5.451	8.014
Vilaboa	99	302	80	824	1.305
Baiona	101	40	150	2.987	3.278
Nigrán	70	638	230	4.039	4.977
Redondela	278	3.538	585	8.706	13.107
Soutomaior	50	19	89	827	985
Vigo	1.372	16.709	5.490	86.886	110.457
GALP Ría de Vigo-A Guarda	4.098	24.030	7.720	116.490	152.338
	Muralla defensiva da Guarda (Restos)
Moaña	Conxunto de construcións dos nºs 17 ao 27 da rúa Concepción Arenal. Moaña (Virxe do Carme)
	Lavadoiro e muíño de Pumariño en Costa. Domaio
Nigran	Fonte e lavadoiro 1
	Fonte e lavadoiro 2
	Fonte e lavadoiro 3
Oia	Pasos de Serraseca
	Puza de Pedrones 1
	Puza e vivendas en Vilar
	Fonte de Bragadela
	Fonte de Chavella
	Fonte de San Cosme
	Fonte de Serraseca
	Fonte do Arrabal

	Fonte do río do Val
	Fonte do Souto
	Fonte en Vilar
	Fonte-lavadoiro da Cabreriza
	Fonte-lavadoiro de Chavella
	Fonte-lavadoiro de Os Loureiros
	Fonte-lavadoiro de Pedornes
	Fonte-lavadoiro de Riña
	Lavadoiro do Arrabal
	Lavadoiro e muiño
	Ponte Broi
	Ponte de Serraseca
	Ponte do Serrallo
	Pontella da Serraseca
	Conxunto de canizos e cruceiro da Riña
	Conxunto tradicional en Bragadela
Redondela	Lavadoiro e fonte da Volta
	Peto de ánimas de Santo André
	Ponte das illas de San Simón e San Antón
	Conxunto de hórreos na rúa Picota
Rosal, O	Lagar nun alpendre na Portela
	Palleira con peto de ánimas en Valdemifotos
	Fonte lavadoiro do Cruceiro
	Fonte lavadoiro en Outón
	Fonte lavadoiro en Rúa de Abaixo
	Fonte lavadoiro na Fecha
	Fonte-lavadoiro de Currás
	Peto das ánimas das Trallonas
	Peto de ánimas da Casa Grande no Barrio da Ponte. A Tamuxe
	Peto de ánimas da Estrada en Outón
	Peto de ánimas da Portela
	Peto de ánimas de Cal
	Peto de ánimas de Morán
	Peto de ánimas do Sobrino ou da Igrexa
	Peto de ánimas dos Picóns de Abaixo
	Peto de ánimas e cruz de Outón
	Peto de ánimas Retablo do Eido Vello
	Peto de ánimas xunto ó cruceiro de San Bartolomeu. Almiñas do Cruceiro
	Conxunto de muiños en Valdemifotos
	Conxunto tradicional en Outón
Soutomaior	Conxunto de sete muiños en A Devesa. Arcade

	Muíño dobre en Montesiña. Soutomaior
	Finca Cafexo dos Massó en Candán. Soutomaior
	Fonte-lavadoiro en A Devesa. Arcade
	Peto da Cacharela. Arcade
	Peto da Virxe das Dores en A Devesa. Arcade
	Peto de Alxán. Soutomaior
	Ponte de Comboa. Soutomaior
	Ponte sobre o río Oitavén. Soutomaior
	Ponte sobre o río Verdugo. Pontesampaio
Vigo	Panel publicitario "Pedro Domecq"
Vilaboa	Muíño de Mareas ou Bancas de Casó (Salinas de Ulló). Lugar das Salinas.Vilaboa
	Paneira da reitoral de Cobres
	Fonte da igrexa. Vilaboa

Cruces e cruceiros	
Concello	Denominación
Baiona	Cruceiro adro parroquial de Baiña
	Cruceiro da Cela
	Cruceiro da Pedra
	Cruceiro da Ponte
	Cruceiro da rúa L. salgado
	Cruceiro de Abaixo
	Cruceiro de Baiona
	Cruceiro de Sabarís
	Cruceiro de Sinal
	Cruceiro do adro
	Cruceiro do camiño da Igrexa
	Cruceiro do cemiterio 1
	Cruceiro do cemiterio 2
	Cruceiro do Monte
	Cruceiro do Parador
	Cruceiro paseo Monte do Boi
	Cruz de San Antón
Cruz nº 4 de Baiña	
Cangas	Cruceiro da capela de San Lourenzo
	Cruceiro do Hío
Guarda, A	Cruceiro - de San Roque- en San Roque
	Cruceiro -da Atalaia ou do Muro- na praza do Muro
	Cruceiro -da Cal- no barrio da Cal na Guarda

Cruceiro -da Cruz- na Cruz
Cruceiro -da Gándara- no barrio Porta do Bicho (Cruceiro do Crego)
Cruceiro -da Proba- na Proba
Cruceiro -das Loucenzas- na área recreativa das Loucenzas
Cruceiro -das Patas- no barrio das Patas na Gándara
Cruceiro -de Buxán- na praza de Buxán
Cruceiro -de Sa- no lugar de Centeares preto de Sete Camiños (Antigo)
Cruceiro -de Salgueiró- no Camiño Real en Salgueiró
Cruceiro -de San Francisco ou da Ermida- no Monte de Santa Tegra
Cruceiro -de San Xoán- entre A Longra e A Portela
Cruceiro -de Sete Camiños ou das Portelas- en Sete Camiños
Cruceiro -do Castro- no Castro
Cruceiro do cemiterio da Guarda no lugar da Cruz da Sangriña
Cruceiro do cemiterio de Salcidos en San Roque
Cruceiro -dos Crestos- nun xardín na rúa Galicia nº113 no Coruto
Cruceiro no Camiño Real no Couto 1
Cruceiro no Camiño Real no Couto 2 - Camposancos
Cruceiro no Monte de Santa Tegra
Cruceiro -Pinto- en Salcidos
Estela do Cruceiro Pinto en Salcidos
Cruces gravadas nun muro na encrucillada do Pino Gordo preto da Silveira
Cruz -da Barreira- no lugar da Costa do Pino na Barreira
Cruz -da Cova- no lugar da Cova entre Pintán e Buxán
Cruz -da Lada- no lugar da Lada preto da praza de Buxán
Cruz -da Rocha- nunha fachada na Rocha
Cruz -da Sangriña- no lugar da Cruz da Sangriña preto da Guarda
Cruz -das escolas da Sangriña- no lugar da Cruz da Sangriña
Cruz -de Carballidos- no lugar de Carballidos preto de San Roque
Cruz -de Curras- no barrio de Curras preto de Netos
Cruz -de Netos- en Netos
Cruz -do Lombo- no lugar do Lombo entre Pintán e Buxán
Cruz -do Mirador- no Monte Santa Tegra
Cruz -do Puntal- no lugar do Puntal no Muíño
Cruz -do Toxal- no lugar do Toxal preto de San Roque (Restos)
Cruz -dos Carballares- no lugar dos Carballares preto de San Roque
Cruz e Monolito do alto do Facho no Monte Santa Tegra
Cruz entre A Cruz e San Roque 2
Cruz entre A Ribeira e a Capela de San Caetano 3 na rúa San Caetano
Cruz entre A Ribeira e a Capela de San Caetano 4 na rúa San Caetano
Cruz entre A Ribeira e a Capela de San Caetano 5 na rúa da Roda
Cruz entre A Ribeira e San Caetano 1 na praza de San Caetano

	Cruz entre A Ribeira e San Caetano 2 na rúa de San Caetano
	Cruz entre os lugares da Lada e de Carballidos preto de Buxán
	Cruz gravada nunha fachada no Aloqueiro
	Cruz gravada nunha pena no lugar dos Eidos preto do Marouco
	Cruz na estrada PO-552 entre San Roque e A Gándara
	Cruz na PO-552 no barrio das Patas na Gándara
	Cruz na Portela
	Cruz na Praza de San Amaro no Outeiro
	Cruz na Silveira 2
	Cruz no camiño da Silveira 1
	Cruz no Coruto Vello 1
	Cruz no Coruto Vello 3
	Cruz no lugar da Campa entre O Coruto Vello e A Portela
	Cruz no lugar de Pelañares preto do Aloqueiro
	Cruz no lugar de Porta do Rei na Gándara
	Cruz no Marouco
	Cruz no Outeiro
	Cruz nun muro na Pasaxe
	Cruz nun muro no Coruto Vello 2
	Cruz nun portalón en Valiños
	Cruz nun portalón no Aloqueiro
	Cruz nunha fachada entre A Cruz e San Roque 1
	Cruz nunha fachada na rúa dos Malteses nº 5
	Cruz nunha fachada na rúa Galicia nº 82 no Coruto
	Cruz nunha fachada no Aloqueiro
	Cruz nunha fachada no Camiño Real en Salgueiró
	Cruz preto do lavadoiro en Salgueiró
Moaña	Cruceiro da igrexa en O Igraxario. Meira
	Cruceiro en O Cruceiro. Moaña (San Martiño)
Nigran	Cruceiro da igrexa
	Cruceiro da Touza. O Quinteiro
	Cruceiro de Mallón
	Cruceiro do Carballal
	Cruceiro do cemiterio
	Cruceiro na casa de Suero Yáñez (Barrio de Cartas)
Oia	Cruceiro da Riña
	Cruceiro de Bragadela
	Cruceiro de Escubelas
	Cruceiro do Mosteiro
	Cruceiro do Torreiro
	Cruceiro na Igrexa

	Cruz de Bragdela
	Cruz de Outeiro
	Cruz de Pedornes
	Cruz do Arrabal
Redondela	Cruceiro da Encarnación en Angorén
	Cruceiro da Igrexa
	Cruceiro da praza da Alfóndiga
Rosal, O	Cruceiro da Cal
	Cruceiro da escola
	Cruceiro de San Bartolomeu
	Cruceiro do Adro Vello
	Cruceiro do Calvario
	Cruceiro dos maios en Paradela
	Cruceiro dos Picóns
	Cruceiro e cemiterio de San Xoán de Tabagón
	Cruceiro miradoiro da Portela
	Cruz de Morán
Soutomaior	Cruceiro da igrexa en Rial. Soutomaior
	Cruceiro do Grupo Escolar. Arcade
	Cruceiro en Rial. Soutomaior
	Cruceiro no centro urbano. Arcade
	Cruz da Devesa. Arcade
	Cruz das Cadelas. Soutomaior
Vilaboa	Cruceiro das ánimas en Toural. Vilaboa
	Cruceiro de Acuña. Vilaboa
	Cruceiro de Nores. Cobres
	Cruceiro de Santradán. Cobres
	Cruceiro do Carballal. Cobres
	Cruceiro no adro da igrexa. Bértola
	Cruceiro no adro da igrexa. Cobres
	Cruceiro no adro da igrexa. Vilaboa
	Cruceiro particular de Cimadevila. Figueirido

Hórreos	
Concello	Denominación
Baiona	Hórreo 1
	Hórreo 2
	Hórreo 3
	Hórreo 4
	Hórreo 5

	Hórreo 6
	Hórreo 7
	Hórreo 8
	Hórreo 9
	Hórreo 10
	Hórreo 11
	Hórreo 12
	Hórreo 13
Oia	Canizo en Mougás
	Canizo en O Mogollón
	Canizo na Granxa
Vilaboa	Hórreo da reitoral de Vilaboa

Muiños	
Concello	Denominación
Baiona	Muiño 4 no río Groba
	Muiño hidráulico 1
	Muiño hidráulico 2
	Muiño hidráulico 3
	Muiño hidráulico 4
Oia	Muiño da Lavandeira
	Muiño de Abelardo
	Muiño de arriba
	Muiño de Mabilia
	Muiño do Budiño
	Muiño do medio
	Muiño dos Castiñeiros
	Muiño dos Louros en Chavella
	Muiño queimado
Rosal, O	Muiño da Aceña

Xardíns e zonas verdes	
Concello	Denominación
Guarda, A	Moreira nunha praciña na esquina das rúas Galicia e Vicente Sobrino
Soutomaior	Fraga do Castelo de Soutomaior en Lourido. Soutomaior

Outros elementos

Concello	Denominación
Guarda, A	Torre -do reloxo- na praza do reloxo nº 1
Moaña	Núcleo doméstico no lugar do Cruceiro. Moaña (San Martiño)
Oia	Núcleo de A Riña
	Núcleo de Serraseca
	Torreiro da festa de Pedornes
	Torreiro da festa dos Loureiros
Vigo	Monumento a Concepción Arenal no cemiterio de Pereiró
	Monumento a Elduayen nos xardíns da Avda. de Monterio Ríos
	Monumento a García Barbón en rotonda en avenida García Barbón
	Placa conmemorativa da rúa Otero Pedrayo
	Placa conmemorativa de praia das Fontes
	Placa conmemorativa na avenida do Dr. Corbal
	Placa conmemorativa na avenida Sanjurjo Badía
	Placa da avenida Manuel Olivé
	Placa da rúa López Mora

3.1.2 Metodoloxía de traballo

Para a elaboración da estratexia de desenvolvemento local participativo da Ría Vigo - A Guarda, empregouse un enfoque baseado na combinación de técnicas de análise cualitativas, cuantitativas e participativas.

O GALP realizou un proceso de contacto coas entidades e axentes locais, co obxectivo de divulgar e dar a coñecer o marco de traballo para a elaboración da candidatura. Por outra banda, aproveitando o traballo de avaliación e posta en valor dos resultados do período de programación 2007-2013, elaborou unha análise diagnóstica participativa da situación actual da zona costeira e das súas potencialidades. A orientación deste traballo garantiu a aplicación dun enfoque ascendente no cal se integrou con solvencia a opinión e visión dos diferentes axentes sociais da zona costeira. Do mesmo xeito, a dinámica de traballo reforzou o empoderamento de entidades e a sociedade civil, de cara a sentar as bases para o desenvolvemento sostible desta zona costeira e a participación na futura entidade xestora do FEMP

Os principais obxectivos deste proceso centráronse en:

1. Poñer en valor o traballo desenvolto e as iniciativas promovidas polo GALP dende a súa constitución.
2. Realizar unha análise da situación actual da zona costeira, comparándoa coa situación de partida do GALP.
3. Determinar as orientacións estratéxicas da zona costeira de cara ao seu futuro desenvolvemento.

Con este obxectivo, xunto coa análise de información de carácter secundario, implementouse unha metodoloxía de investigación cualitativa, orientada a recoller as concepcións, opinión e

visións dos axentes da zona costeira. Tamén se empregaron metodoloxías participativas, orientadas á conformación de dinámicas que integraron a perspectiva da cidadanía e a perspectiva técnica no obxecto da investigación.

O proceso de traballo estruturouse nos seguintes elementos de investigación e espazos complementarios:

1. **Análise de fontes documentais.** Revisáronse unha serie de indicadores sobre o territorio co obxectivo de ver cal foi a evolución do GALP, dende a súa constitución ata a actualidade. Esta información serviu de soporte para a preparación do resto de accións dentro do proceso de traballo.
2. **Reunións dos órganos sociais.** Todo o proceso foi informado e os acordos foron tomados polos órganos sociais do GALP, tanto a nivel de Asemblea, Xunta Directiva e Mesas. Estas reunións pretenderon reforzar tamén a participación do maior número de asociados nos diferentes espazos habilitados no proceso de traballo.
3. **Entrevistas e contactos persoais.** Realizáronse entrevistas persoais con diferentes axentes do territorio, co obxectivo de divulgar o traballo que se estaba desenvolvendo, ao tempo que se tentou favorecer a súa participación e a incorporación á candidatura nesta zona costeira. As entrevistas e contactos foron presenciais, de carácter telefónico ou por medio de correo electrónico.
4. **Grupos de discusión.** Realizáronse dous grupos de discusión formados por mulleres e mocidade, co obxectivo de ter unha visión transversal da situación do territorio e da súa perspectiva de futuro. O seu perfil foi heteroxéneo en función do lugar de procedencia. O perfil social foi de persoas con diferentes niveis de estudos e situación laboral.
5. **Aplicación da técnica diagnóstica Delphi.** Para integrar unha opinión experta realizouse un cuestionario Delphi a un perfil determinado de axentes locais: prioritariamente axentes de desenvolvemento local, axentes de emprego, técnicos locais de diferentes áreas, expertos coñecedores do territorio, centros de investigación e formación, historiadores, etc. Este cuestionario realizouse en dúas voltas, afondando nos citados obxectivos da investigación.
6. **Talleres participativos.** Realizáronse dous e foron abertos á cidadanía. O obxectivo central destes talleres consistiu na realización dunha análise e valoración dos resultados obtidos coa xestión do FEP. Ao mesmo tempo, aproveitouse o traballo para efectuar un diagnóstico sobre a situación actual da zona e definir as súas prioridades para favorecer e mellorar e empoderamento das entidades do territorio. Estes espazos favoreceron a integración e participación conxunta de diferentes perfís de entidades (sectores público, pesqueiro, económico, social) e a sociedade civil no seu conxunto. A metodoloxía de traballo destes espazos caracterizouse por fomentar a participación activa de todas as persoas participantes, mediante a formación en pequenos grupos de traballo en posta en común en plenario.

7. **Presenza en redes sociais.** Paralelo ao proceso de participación, tamén se publicou información nas redes sociais (Facebook), sobre o proceso de candidatura e os espazos de participación habilitados.
8. **Presenza en medios de comunicación.** Fundamentalmente deuse conta das accións de participación desenvoltas (talleres), a través da prensa escrita no Diario “La Voz de Galicia”.

3.2 Diagnóstico da zona costeira (Análise DAFO)

DEBILIDADES	
ÁMBITO PESQUEIRO	
1.	Escasa información ao consumidor dos produtos pesqueiros (orixe, calidade, etc).
2.	Débil confianza entre os axentes do sector.
3.	Falta de relevo xeracional.
4.	Perda da cultura tradicional mariñeira (actividade, oficios, ...).
5.	O produto da pesca teñen unha deficiente comercialización e un escaso valor engadido.
6.	Actividade pesqueira en retroceso. Diminución de capturas, dos prezos e dos ingresos. Maiores dificultades de emprego para a muller (conciliación, diferencias salariais, etc).
7.	Diminución dos recursos pesqueiros (mortalidade, ...). Falta de investigación para saber porque diminúen os recursos mariños.
8.	Falta de difusión de boas prácticas.
9.	Sector da pesca moi dividido, falta de unión entre as entidades para desenvolver iniciativas en conxunto.
10.	Xestión dos recursos pesqueiros deficiente.
11.	Pouca visibilidade dos avances do sector da pesca artesanal.
12.	Infrautilización do persoal técnico ao servizo do sector.
ÁMBITO TURISMO	
1.	O propio sector pesqueiro non ve atractivo ou como alternativa para a diversificación ao sector turístico. Turismo Mariñeiro.
2.	Escasa innovación e diversificación de actividades e servizos complementarios de lecer.
3.	Falta de divulgación turística.
4.	Certo caos no desenvolvemento turístico da zona (aloxamentos, edificacións, ...).
5.	Baixo nivel de formación, profesionalidade e calidade do sector da hostalería-restuación.
ÁMBITO NATURAL, PATRIMONIAL E TERRITORIAL	
1.	Contaminación das rías.
2.	Baixa conciencia ambiental
3.	Planificación territorial deficiente que altera a paisaxe e o medio e fai pouco atractivo e san o territorio (feísmo, falta de depuración de residuos, ...).
4.	Hai unha baixo coñecemento da biodiversidade do medio natural.
ÁMBITO EMPRENDEMENTO E SECTORES ECONÓMICOS	
1.	Vinculación débil entre a formación e o territorio, co medio.
2.	Escasa aplicación do coñecemento á economía real.
3.	Falta especialización.
4.	Falta de colaboración entre os axentes sociais e institucionais.
5.	Excesivo individualismo derivado dunha sociedade pouco estruturada e con baixa conciencia comunitaria (participación cidadá).
6.	Falta de liderado social ou liderado mal entendido

AMEAZAS
ÁMBITO PESQUEIRO
<ol style="list-style-type: none"> 1. Debilidade da marca “Galicia-Pesca”. Non se potencia moito. 2. Malas prácticas do sector e aumento do furtivismo. 3. Esfuerzo pesqueiro elevado nas especies obxecto da pesca profesional e deportiva. 4. Sobreexplotación dos recursos pesqueiros.
ÁMBITO TURISMO
<ol style="list-style-type: none"> 1. Temor a que o turismo da zona se converta nun turismo de masas coa conseguinte presión sobre o territorio e servizos.
ÁMBITO NATURAL, PATRIMONIAL E TERRITORIAL
<ol style="list-style-type: none"> 1. Baixo hidrodinamismo no fondo da Ría de Vigo.
ÁMBITO EMPRENDEMENTO E SECTORES ECONÓMICOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de axilidade e exceso de normas, incumprimentos abundantes. 2. Deficiente coordinación entre as institucións públicas.

FORTALEZAS
ÁMBITO PESQUEIRO
<ol style="list-style-type: none"> 1. A pesar de minguar os recursos, as rías seguen tendo unha riqueza produtiva e un produto de gran calidade. 2. Existencia dunha actividade pesqueira e marisqueira tradicional. Alto potencial da pesca artesanal. 3. A gran distribución entra no produto local. 4. Existencia de institucións e estruturas asociativas no sector pesqueiro. Sector do marisqueo a pe organizado en entidades asociativas consolidadas. 5. Prácticas de semicultivo de especies marisqueiras en aumento. 6. Persoal técnico ao servizo do sector moi experimentado.
ÁMBITO TURISMO
<ol style="list-style-type: none"> 1. Gastronomía, clima, praias. 2. Marca Galicia Calidade. 3. Gran potencialidade turística, 4. Existencia dun tecido empresarial hoteleiro con grande capacidade e oferta turística.
ÁMBITO NATURAL, PATRIMONIAL E TERRITORIAL
<ol style="list-style-type: none"> 1. Marco xeográfico excelente da zona costeira. 2. Grande riqueza do entorno natural e patrimonial, cultural, paisaxe mariñeiro, de interior, parque natural, etc.
ÁMBITO EMPRENDEMENTO E SECTORES ECONÓMICOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Amplas posibilidades económicas do territorio. 2. Calidade das persoas que conviven no territorio en canto a súa capacidade de esforzo e traballo. 3. Boa formación dos recursos humanos, con grande competencia.

OPORTUNIDADES
ÁMBITO PESQUEIRO
<ol style="list-style-type: none"> 1. Posibilidade de comercializar novos produtos do mar: algas, anémonas, reutilización de residuos, etc. 2. Aproveitamento da Lei Artesanal Alimentaria para a mellora do produto pesqueiro.
ÁMBITO TURISMO
<ol style="list-style-type: none"> 1. Aproveitar a cadea de valor da xente do mar para incardinar o turismo de cara a posibilidade de vivir experiencias mariñeiras.
ÁMBITO NATURAL, PATRIMONIAL E TERRITORIAL
<ol style="list-style-type: none"> 1. Grande riqueza paisaxística, patrimonial e natural no conxunto da zona costeira (Parque Nacional, etc).
ÁMBITO EMPRENDEMENTO E SECTORES ECONÓMICOS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Existencia de fondos europeos para canalizar iniciativas de desenvolvemento. 2. Existencia de moita xente non activa laboralmente (pensionistas, ...) que poden achegar a súa experiencia e coñecementos a sociedade.
ÁMBITO INFRAESTRUTURAS / COMUNICACIÓNS
<ol style="list-style-type: none"> 1. Existencia de boas infraestruturas de comunicacións.

3.3 Conclusións sobre a situación actual da zona pesqueira

O GALP Ría de Vigo-A Guarda é a área costeira máis urbanizada de Galicia cuxa dinámica demográfica e socioeconómica xira arredor da cidade de Vigo e da súa importancia como potencia industrial e centro rexional de servizos.

O sector pesqueiro acada importancia aquí non tanto polo seu peso relativo dentro dunha economía moi potente senón pola súa magnitude en termos absolutos. En termos de emprego no réxime especial do mar ou de capacidade da flota, o GALP Ría de Vigo-A Guarda constitúe a segunda zona costeira de Galicia en importancia, pero é o primeiro en termos de tecido empresarial (máis de 700 empresas), de integración vertical da cadea de valor do mar (barcos conxeladores, construción naval, industrias de procesamento, conserveiras), no valor das vendas en lonxa (máis de 110 millóns de euros anuais) ou en termos de produtividade aparente.

O sector pesqueiro caracteriza e imprime carácter aos principais portos pesqueiros da zona como A Guarda, Cangas, Baiona ou Moaña pero tamén aos concellos do fondo da ría de Vigo onde se desenvolven actividades diversas como o marisqueo, as bateas, e a industria de procesamento e das conservas.

O ámbito do GALP posúe unha pirámide de poboación equilibrada, xove pola ausencia de poboación maior pero cun dinamismo que xa coñeceu tempos mellores. Actualmente posúe índices baixos de natalidade, como o resto de Galicia, problemas para o recambio da súa poboación activa, un crecemento vexetativa negativo e un saldo migratorio nulo ou equilibrado.

O entorno de Vigo insírese nunha etapa histórica de transición desde un pasado industrial

glorioso a outro cada vez máis vinculado aos servizos. O mercado laboral sufriu coa recesión económica en maior medida que o resto de Galicia, e iso déixase notar nunha elevada proporción de persoas paradas con máis de 45 anos, con estudos primarios e con máis dun ano de permanencia nas listas do paro. A contratación é cada vez máis feminina, e concéntrase na cidade de Vigo e nas persoas de maior cualificación, non especialmente numerosas en toda a área.

De toda Galicia o GALP Ría de Vigo-A Guarda é a área con maior renda por habitante, pero esta se atopa distribuída de forma moi desigual, concentrándose espacialmente (en Vigo e Nigrán) e en determinados estratos sociais. Cómpre ter en conta que as rendas de inserción e as axudas de emerxencia sociais acadan neste ámbito unha relevancia capital, atinxindo ao 1% da poboación e a preto do 3% das familias, cifras máximas en toda a Galicia costeira.

A importancia turística da zona sitúaa a medio camiño entre a dimensión e o nivel de desenvolvemento que teñen nas Rías de Pontevedra e Arousa, as que posúen unha especialización turística máis clara dentro do noso litoral. A latitude, o clima, o Parque Nacional das Illas Cíes, a proximidade a Portugal, a presenza dun aeroporto na zona, e a consolidación como destino de buques transatlánticos, contribúen a elevar as cifras do sector. Non obstante a recesión económica supuxo aquí unha redución notable de viaxeiros e noites, entre o 25% e o 20% respectivamente, e a evolución futura parece condicionada á recuperación da economía española. Aínda que se avanzou algo nos últimos anos a capacidade da oferta de aloxamento e a súa orientación ao turismo de sol de praia mantense practicamente constante.

A dotación de infraestruturas de comunicación no ámbito do GALP é notable no aspecto portuario e aeroportuario, aínda que mellorable no plano terrestre, fundamentalmente por dúas razóns: dun lado, a existencia de peaxes nos principais traxectos por estrada, xunto coa carencia de alternativas rápidas e seguras, e doutro lado, a necesidade dunha nova saída cara ao sur tanto por estrada como por ferrocarril que potencie as relacións con Portugal.

En canto aos retos:

- Acadar unha estreita colaboración do sector pesqueiro para idear e implementar iniciativas e proxectos de desenvolvemento territorial en común
- Consegur establecer procesos de comunicación, participación e cooperación entre os distintos axentes sociais e institucionais implicados no desenvolvemento do territorio
- Acadar unha maior visibilidade dos proxectos promovidos dende o sector Pesqueiro
- Consegur un desenvolvemento económico sostible e unha mellora na calidade de vida das persoas, a través da creación e consolidación de emprego, así como a promoción dunha maior igualdade de oportunidades e relevo xeracional
- Recuperar medioambientalmente a zona costeira da Ría de Vigo - A Guarda para conseguír unha explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros de maneira sostible e un turismo de calidade
- Afondar nunha maior vinculación entre a formación e a economía real, en concreto a relacionada co mar, asegurando a fixación de poboación e a incorporación da xente máis nova ao mercado laboral

4.-MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA EDLP



4.1 Misión da estratexia

O GALP Ría de Vigo - A Guarda vai promover o desenvolvemento de proxectos e actuacións destinados a conseguir un desenvolvemento equilibrado, sostible e integrador da súa zona marítima de influencia para beneficio do conxunto da poboación, fornecendo a presenza do sector pesqueiro en termos económicos e de emprego, respectando e preservando o medio natural e o patrimonio cultural e cunha participación real e efectiva de axentes e poboación do territorio

4.2 Visión da estratexia

O GALP Ría de Vigo - A Guarda quere que a súa zona costeira teña unha xestión racional, sostible e integrada do medio físico e natural, que conte cun sector pesqueiro forte capaz de xerar emprego de calidade e cun grao maior de integración con outras actividades económicas, cunha zona marítima limpa e coidada e unha revalorización do seu patrimonio cultural, contando cunha maior implicación e participación do conxunto da comunidade local.

4.3 Valores da organización

O GALP asume os seguintes valores:

- A Ría de Vigo - A Guarda debe de ser unha zona dinámica, ordenada, e que xere oportunidades económicas e laborais, usando unha xestión equilibrada e integrada dos recursos para conseguir un equilibrio entre riqueza, traballo, turismo e medio ambiente.
- A necesidade de contar cun sector pesqueiro forte, con emprego de calidade e integrado noutras actividades económicas da zona costeira, a través da cooperación e colaboración entre os diferentes axentes do territorio.
- A conservación e preservación da riqueza natural, apostando por modelos de desenvolvemento sostible que manteñan os equilibrios dos ecosistemas e incorporen instrumentos de prevención da contaminación.
- A aposta por un desenvolvemento urbano e turístico sostible, que conte cunha maior implicación da comunidade costeira, e que prime os criterios medioambientais e culturais e busca do benestar do conxunto da poboación.
- A importancia do patrimonio cultural marítimo e das súas tradicións para a conformación da identidade territorial, así como a necesidade de preservalo e poñer en valor para beneficio do conxunto da comunidade.
- A participación, implicación e información do conxunto de cidadáns e a colaboración e coordinación entre axentes territoriais como elementos centrais á hora de garantir unha boa xestión dos recursos.

5.- PLAN DE ACCIÓN



5.1 Obxectivos estratéxicos

Obxectivo estratéxico 1

- Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

Obxectivo estratéxico 2

- Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

Obxectivo estratéxico 3

- Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

Obxectivo estratéxico 4

- Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.

Obxectivo estratéxico 5

- Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

Obxectivo estratéxico 6

Fomento da cooperación

5.2 Obxectivos específicos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

Obxectivo específico 1.1: Introducir procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

Obxectivo específico 2.1: Contribuír á valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, o incremento do seu valor engadido, o posicionamento claro no mercado e o fomento do coñecemento entre a poboación.

Obxectivo específico 2.2: Conseguir a creación novos de produtos e servizos turísticos intersectoriais.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

Obxectivo específico3.1: acadar a conservación do medio natural na zona costeira.

Obxectivo específico3.2: concienciar a axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir ás emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: O fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras como elemento para reforzar a identidade territorial, e o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.

Obxectivo específico 4.1: Aumentar a implicación e sensibilización da poboación sobre a importancia do patrimonio pesqueiro da zona.

Obxectivo específico 4.2: Acadar maiores cotas de igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mocidade.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5: Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza, dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

Obxectivo específico 5.1: POÑER en práctica instrumentos para conseguir un maior empoderamento do sector para acadar un maior desenvolvemento da zona pesqueira

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6: Fomento da cooperación.

Obxectivo específico 6.1: Incrementar a cooperación entre entidades do territorio e de fóra do territorio do GALP para reforzar a sinerxía e o establecemento de redes, na mellora dos diferentes sectores e no desenvolvemento das zonas pesqueiras.

5.3 Liñas de actuación

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1: Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

Obxectivo específico 1.1: Introducir procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar.

Liñas de actuación 1.1.1: Incidir nunha maior integración, modernización e profesionalidade do sector pesqueiro, para mellorar a eficiencia, a rendibilidade e o valor engadido dos produtos.

Liñas de actuación 1.1.2: Mellorar a *gobernanza* do sector pesqueiro a través do fomento e transferencia de coñecemento, e a promoción do asociacionismo e a capacidade de reflexión do sector.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2: Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

Obxectivo específico 2.1: Contribuír á valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, o incremento do seu valor engadido, o posicionamento claro no mercado e o fomento do coñecemento entre a poboación.

Liñas de actuación 2.1.1: Posta en valor de especies infravaloradas e novos aproveitamentos dos produtos pesqueiros, incidindo nos procesos artesanais de pesca.

Obxectivo específico 2.2: Conseguir a creación novos de produtos e servizos turísticos intersectoriais.

Liñas de actuación 2.2.1: conxugar o sector turístico e pesqueiro para a potenciación de actividades turísticas aproveitando o potencial que ofrece o medio mariño

Liñas de actuación 2.2.2: desenvolvemento do turismo mariñeiro, como estratexia de diversificación do sector pesqueiro.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3: Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

Obxectivo específico3.1: acadar a conservación do medio natural na zona costeira.

Liña de actuación 3.1.1 : promoción dunha maior sensibilización en relación ao coidado do medio ambiente e os recursos da zona costeira.

Obxectivo específico3.2: concienciar a axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir ás emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética.

Liña de actuación 3.2.1: Accións de estudo e concienciación, orientadas á redución de emisións contaminantes e á optimización enerxética

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: O fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras como elemento para reforzar a identidade territorial, e o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.

Obxectivo específico 4.1: Aumentar a implicación e sensibilización da poboación sobre a importancia do patrimonio pesqueiro da zona.

Liña de actuación 4.1.1: Posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial para garantir un maior coñecemento por parte do sector pesqueiro e a cidadanía.

Liña de actuación 4.1.2: Accións orientadas á recuperación, rehabilitación e posta en valor dos recursos patrimoniais.

Obxectivo específico 4.2: Acadar maiores cotas de igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mocidade.

Liña de actuación 4.2.1: Fomento da igualdade de oportunidades no acceso, permanencia e promoción no sector pesqueiro e impulso do emprendemento feminino

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5: Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza, dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

Obxectivo específico 5.1: POÑER en práctica instrumentos para conseguir un maior empoderamento do sector para acadar un maior desenvolvemento da zona pesqueira

Liña de actuación 5.1.1: promover o asociacionismo e a capacidade de reflexión do sector.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6: Fomento da cooperación.

Obxectivo específico 6.1: Incrementar a cooperación entre entidades do territorio e de fóra do territorio do GALP para reforzar a sinerxía e o establecemento de redes, na mellora dos diferentes sectores e no desenvolvemento das zonas pesqueiras.

Liña de actuación 6.1.1: posta en práctica de medidas encamiñadas a promover a coordinación e a colaboración dos diferentes sectores e territorios implicados no desenvolvemento da zona pesqueira.

5.4 Medidas

1. OBXECTIVO ESTRATÉGICO: Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

1.1. Obxectivo específico: Introducir procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar.

1.1.1.Liñas de actuación: Incidir nunha maior integración, modernización e profesionalidade do sector pesqueiro, para mellorar a eficiencia, a rendibilidade e o valor engadido dos produtos.

Descrición das medidas

As medidas oriéntanse á mellora, innovación e fixación de novos estándares na cadea vertical da pesca, favorecendo a trazabilidade das producións pesqueiras, a súa valorización e a comercialización no mercado. Contéplanse tamén accións dirixidas á mellora e preservación dos aproveitamentos pesqueiros de diferentes produtos (produtos de valor comercial, especies infravaloradas) así como a preservación de especies en perigo de extinción.

Medidas

- 1.1.1.1. Apoio a iniciativas e proxectos de transformación, elaborado e envasado de produtos do mar.
- 1.1.1.2. Apoio á implantación de novas tecnoloxías nos procesos de comercialización, así como outras accións conxuntas e coordinadas do sector que sirvan para que acaden unha maior rendibilidade
- 1.1.1.3. Apoio a iniciativas encamiñadas á mellora da imaxe, presentación e exposición dos produtos pesqueiros.
- 1.1.1.4. Proxectos dirixidos á mellora do acondicionamento dos locais de venda dos produtos pesqueiros.
- 1.1.1.5. Apoio a proxectos e iniciativas que potencien o recoñecemento, mellora da identificación, trazabilidade e calidade diferencial dos produtos locais.
- 1.1.1.6. Proxectos experimentais con especies de valor comercial, por exemplo, o ourizo.
- 1.1.1.7. Apoio iniciativas que axuden á recuperación de especies en risco de desaparición
- 1.1.1.8. Estudo para a implantación de medios mecánicos na extracción dos produtos marisqueiros, facendo fincapé no impacto que pode xerar sobre o produto e o medio mariño.

1.1.2.Liñas de actuación 1.1.2: fomento e transferencia de coñecemento, e a promoción do asociacionismo para unha maior profesionalización do sector.

Descrición das medidas

Trátase de desenvolver procesos de investigación, formación, reflexión e transferencia do coñecemento no sector pesqueiro, para favorecer a súa especialización e contribuír á súa profesionalización. No mesmo sentido, as medidas pretenden contribuír ao intercambio de coñecementos e experiencias, para reforzar a conexión coa mocidade, como potencial foco de emprego no sector. Tamén se pretende obter información científica sobre a situación dos recursos e o medio, de cara á mellora da diversificación de actividades no ámbito pesqueiro.

A súa vez, estas accións pretenden reforzar a importancia que ten para a zona costeira, o sector pesqueiro, os recursos e o medio mariño. Tamén a orientación cara os propios consumidores, incidindo en factores como o consumo consciente e o coñecemento e diferenciación dos produtos pesqueiros locais.

Medidas

- 1.1.2.1. Apoio a proxectos e actividades de concienciación e formación, para que o propio sector desenvolva iniciativas orientadas á integración da cadea vertical da pesca (producción, transformación e comercialización).
- 1.1.2.2. Accións e proxectos que promocionen sectores específicos: redeiras ou carpinteiros de ribeira.
- 1.1.2.3. Accións formativas, divulgativas, de investigación e innovación, para a mellora da capacitación e profesionalización do sector pesqueiro e dos potenciais emprendedores, en diversos temas, como por exemplo os efectos das políticas pesqueiras, etc.
- 1.1.2.4. Programa de accións formativas dirixidas a mellorar os procesos de atención ao cliente.
- 1.1.2.5. Realización de xornadas divulgativas, dirixidas prioritariamente ás entidades do sector, sobre os efectos que as políticas pesqueiras teñen no mesmo.
- 1.1.2.6. Accións de difusión e divulgación sobre as condicións do medio mariño, calidade das súas augas e o impacto que xeran na actividade pesqueira e marisqueira.
- 1.1.2.7. Estudo do impacto das actividades de pesca deportiva e marisqueo sobre os recursos e a rendibilidade do sector profesional.
- 1.1.2.8. Accións para un mellor coñecemento e difusión dos factores que inciden na formación dos prezos dos produtos do mar e posta en práctica desta información para a mellora da rendibilidade dos pescadores e mariscadoras.
- 1.1.2.9. Accións de divulgación da cuantificación estatística das capturas da flota artesanal e do litoral (bases de datos).
- 1.1.2.10. Mellora nas condicións laborais e de habitabilidade nos buques de pesca.

2. **OBXECTIVO ESTRATÉGICO:** Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

2.1. **Obxectivo específico:** Contribuír á valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, o incremento do seu valor engadido, o posicionamento claro no mercado e o fomento do coñecemento entre a poboación.

2.1.1. **Liñas de actuación:** Posta en valor de especies infravaloradas e novos aproveitamentos dos produtos pesqueiros, incidindo nos procesos artesanais de pesca.

Descrición das medidas

Estas medidas céntranse en accións destinadas ao aproveitamento das especies do mar, principalmente as infravaloradas ou descoñecidas, á xeración de novos usos dos produtos pesqueiros (medicinais, gastronómicos, etc.) ou ao estudo e utilización dos descartes da pesca, tendo presente en todos os casos o impacto que xera o seu aproveitamento no medio mariño.

Medidas

- 2.1.1.1. Accións e proxectos que reforcen o valor engadido dos produtos pesqueiros novidosos, para a súa comercialización en mercados locais e foráneos.
- 2.1.1.2. Apoio a iniciativas dirixidas ao cultivo, aproveitamento e comercialización de novas especies do mar ou especies infravaloradas, como por exemplo: anémonas, lapas, caramuxos, orella de mar, etc.
- 2.1.1.3. Accións encamiñadas ao aproveitamento das especies depredadoras (estrela de mar, reló, ...) para a elaboración de novos produtos como fariña, etc.

- 2.1.1.4. Accións orientadas ao aproveitamento do cultivo de algas tanto para usos medicinais, gastronómicos, etc.
- 2.1.1.5. Procesado de restos do monte, mariscos e de algas de arribazón para abonos ou compostaxe.
- 2.1.1.6. Proxectos que incidan no aproveitamento dos froitos producidos no monte en combinación cos produtos pesqueiros e a través da industria conserveira.
- 2.1.1.7. Estudo exhaustivo sobre os descartes e a súa influencia na diminución de recursos mariños.
- 2.1.1.8. Aproveitamento dos descartes e refugallos da acuicultura e marisqueo para xerar novos produtos e reducir a contaminación dos fondos mariños.
- 2.1.1.9. Proxectos de recuperación, divulgación e valorización de procesos de conservación tradicionais do peixe como salazón, secado e afumado (por exemplo, a anguía).
- 2.1.1.10. Programa de actuacións baseadas en propostas científicas para equilibrar cultivos mariños a través do fomento de novas especies, reducindo os monocultivos.
- 2.1.1.11. Realización de estudos e divulgación dos resultados dos procesos de diversificación do sector pesqueiro e do territorio, en concreto.
- 2.1.1.12. Accións para a restauración da normal circulación das correntes mariñas: diques pilotados, pantaláns, escolleras.
- 2.1.1.13. Promoción de estudos e divulgación da relación entre o estado ambiental dos hábitats coa mellora de determinadas especies de interese pesqueiro.

2.2. Obxectivo específico: Conseguir a creación novos de produtos e servizos turísticos intersectoriais.

2.2.1. Liñas de actuación: Conxugar o sector turístico e pesqueiro para a potenciación de actividades turísticas aproveitando o potencial que ofrece o medio mariño

Descrición das medidas:

Estas medidas pretenden reforzar as potencialidades do sector do turismo como factor de importancia para a diversificación das actividades e colaboración co sector pesqueiro.

Medidas:

- 2.2.1.1. Apoio a proxectos que desenvolvan modelos de hostalería de referencia que sirvan para a posta en valor da relación existente entre a gastronomía e a utilización dos produtos pesqueiros e marisqueiros.
- 2.2.1.2. Accións de adecuación, organización e dinamización de espazos dentro das lonxas e mercados para acoller actividades de hostalería ou turismo.
- 2.2.1.3. Accións de fomento da inclusión, dentro dos paquetes turísticos, de visitas guiadas a lonxas e outros contornos de traballo do sector pesqueiro.
- 2.2.1.4. Apoio ás festas gastronómicas que tomen como base os produtos pesqueiros locais.
- 2.2.1.5. Programa de formación e divulgación intersectorial dirixido a adquirir un maior coñecemento e sensibilización dos recursos turísticos como activo económico de primeira orde.
- 2.2.1.6. Programa de accións formativas dirixidas a mellorar os procesos de atención ao cliente en ambos sectores
- 2.2.1.7. Accións que fomenten o uso de recursos tecnolóxicos e de marketing na promoción da zona como destino turístico.
- 2.2.1.8. Desenvolvemento de iniciativas e servizos de turismo relacionadas coa pesca deportiva, deportes náuticos, a posta en valor de recursos medioambientais e incluso patrimoniais (pecios).
- 2.2.1.9. Creación dunha rede de aulas náuticas para que os emprendedores poidan manter actividade e emprego fora do período estival.

2.2.1.10. Proxectos e actividades que aborden a problemática da adaptabilidade de embarcacións, infraestruturas para a práctica de actividades náuticas por parte de persoas con discapacidade.

2.2.1.11. Apoio á Carta Europea de Turismo Sostible. Promoción dun selo de turismo responsable

2.2.2.Liñas de actuación: Desenvolvemento do turismo mariñeiro, como estratexia de diversificación do sector pesqueiro.

Descrición das medidas:

Esta medidas tentan promover a innovación na definición e realización de servizos turísticos complementarios, como factor de diversificación do sector.. E na mesma liña, desenvolver produtos e servizos específicos que potencien un turismo baseado no respecto dos valores ambientais e paisaxísticos. As accións que se promovan deben facilitar un achegamento ao contorno natural de maneira ecolóxica, a través de transporte ecolóxico con baixa emisión de gases contaminantes e ruído.

Trátase de abrir unha liña de traballo que axude a desestacionalizar a demanda e oferta turística, contribuíndo á profesionalización do sector, e polo tanto, á apertura de novos negocios. A súa vez, perséguese a posta en valor e o fomento do turismo de experiencias nas actividades tradicionais do sector pesqueiro: actividades das conserveiras, redeiras,...

Medidas

2.2.2.1. Apoio a proxectos que se centren en produtos e servizos específicos que potencien un turismo baseado no respecto dos valores ambientais e paisaxísticos.

2.2.2.2. Iniciativas de deseño (físico e virtual) e aproveitamento de itinerarios turísticos baseadas nas tradicións e cultura mariñeira, así como en rutas de infraestruturas e espazos naturais, de actividades mariñeiras ou elementos singulares: uso de embarcacións tradicionais, patrimonio industrial, espazos naturais, etc.

2.2.2.3. Programas e actividades de visitas guiadas a portos e lonxas para ensinar os métodos e procedementos de traballo do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.

2.2.2.4. Apoio na creación dun distintivo de calidade entre as actividades relacionadas con turismo mariñeiro.

2.2.2.5. Desenvolvemento do turismo de cruceiro cara o turismo mariñeiro, gastronomía, actividades náuticas, etc.

3. OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

3.1. Obxectivo específico: Acadar a conservación do medio natural na zona costeira.

3.1.1.Liña de actuación: Promoción dunha maior sensibilización en relación ao coidado do medio ambiente e os recursos da zona costeira.

Descrición das medidas:

As medidas contidas nesta liña de actuación fan referencia a accións relacionadas coa preservación, conservación e valorización dos recursos naturais do territorio. Tamén fan referencia á problemática da contaminación e a xeración de residuos. Por último, existen medidas encamiñadas ao reforzo da concienciación e sensibilización da importancia que teñen os valores ambientais para contribuír á preservación do medio natural e a paisaxe.

Medidas

3.1.1.1. Accións de conservación do medio natural, con especial atención aos fondos mariños.

- 3.1.1.2. Plan de recuperación, acondicionamento da liña costeira orixinal, camiños tradicionais, vías de acceso ao mar, sendeiros litorais.
- 3.1.1.3. Apoio a medidas de posta en valor dos espazos de protección ambiental (Rede Natura, Parque Marítimo Terrestre Illas Atlánticas).
- 3.1.1.4. Promoción de accións formativas e divulgativas dirixidas a dar a coñecer o territorio de costa, a súa paisaxe e recursos naturais.
- 3.1.1.5. Creación de plataformas ou aplicacións (web, app, mapas interactivos) con información medioambiental e elementos do patrimonio marítimo da zona costeira.
- 3.1.1.6. Mellora da investigación da orixe e influencia das mareas vermellas no ecosistema, ou outras problemáticas mariñas.
- 3.1.1.7. Fomento do uso de materiais sostibles (madeira de calidade) para a construción de estruturas lixeiras en equipamentos e infraestruturas do territorio (pasarelas, escaleiras...) e nas embarcacións.
- 3.1.1.8. Posta en marcha de programas de xestión e tratamentos de residuos (plásticos, redes...) e contaminantes do medio mariño (medicamentos, hormonas...).
- 3.1.1.9. Campañas de concienciación sobre o uso e tratamento de residuos e o impacto que estes xeran sobre o medioambiente.
- 3.1.1.10. Programa de encontros e intercambio de coñecementos con grupos medioambientalistas para a xeración de ideas para reducir a contaminación.
- 3.1.1.11. Accións de formación destinadas a dotar dun mellor coñecemento os procedementos e medios para actuar e situacións de contaminación.
- 3.1.1.12. Apoio programas de voluntariado ambiental.
- Existencia de modelos de tipo para o desenvolvemento de iniciativas de hostalería baseada na elaboración de produtos pesqueiros.
- Número de accións para a adecuación de espazos dentro de lonxas e mercados para a realización de actividades relacionadas coa hostalería e/ou o turismo a través dos produtos pesqueiros.
- Número de actos ou accións de dinamización para o consumo de produto pesqueiro nas lonxas e mercados.
- Número de visitas turísticas a lonxas e espazos de interese pesqueiro.
- Número de festas gastronómicas de produtos pesqueiros locais.
- Número de accións de formativas destinadas a mellora do desenvolvemento turístico da zona.
- Número de accións de divulgación destinada a un mellor coñecemento dos recursos turísticos da zona.
- Número de iniciativas que fomenten o destino turístico da zona a través das novas tecnoloxías.
- Número de iniciativas e servizos de turismo náutico-deportivo.
- Existencia da rede de aulas náuticas.
- Numero de embarcacións e infraestruturas náuticas adaptadas para persoas con discapacidade.
- Número de iniciativas e establecementos adheridos ao selo de turismo sostible.

Rango de intensidade de axuda

10,0% (750.000,00 €).

Liñas de actuación 2.2.2: Desenvolvemento do turismo mariñeiro, como estratexia de diversificación do sector pesqueiro.

Obxectivo estratéxico 2. Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras

Obxectivo específico 2.2: Conseguir a creación novos de produtos e servizos turísticos intersectoriais.

Descrición

Esta medidas tentan promover a innovación na definición e realización de servizos turísticos complementarios, como factor de diversificación do sector.. E na mesma liña, desenvolver produtos e servizos específicos que potencien un turismo baseado no respecto dos valores ambientais e paisaxísticos. As accións que se promovan deben facilitar un achegamento ao contorno natural de maneira ecolóxica, a través de transporte ecolóxico con baixa emisión de gases contaminantes e ruído.

Trátase de abrir unha liña de traballo que axude a desestacionalizar a demanda e oferta turística, contribuíndo á profesionalización do sector, e polo tanto, á apertura de novos

negocios. A súa vez, perséguese a posta en valor e o fomento do turismo de experiencias nas actividades tradicionais do sector pesqueiro: actividades das conserveiras, redeiras,...

Medidas
1. Apoio a proxectos que se centren en produtos e servizos específicos que potencien un turismo baseado no respecto dos valores ambientais e paisaxísticos. 2. Iniciativas de deseño (físico e virtual) e aproveitamento de itinerarios turísticos baseadas nas tradicións e cultura mariñeira, así como en rutas de infraestruturas e espazos naturais, de actividades mariñeiras ou elementos singulares: uso de embarcacións tradicionais, patrimonio industrial, espazos naturais, etc. 3. Programas e actividades de visitas guiadas a portos e lonxas para ensinar os métodos e procedementos de traballo do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. 4. Apoio na creación dun distintivo de calidade entre as actividades relacionadas con turismo mariñeiro. 5. Desenvolvemento do turismo de cruceiro cara o turismo mariñeiro, gastronomía, actividades náuticas, etc.
Potenciais beneficiarios
<ul style="list-style-type: none"> • Concellos • Empresas • Asociacións empresariais
Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> • Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero). • Número de iniciativas turísticas ambientais e paisaxísticas. • Número de itinerarios turísticos deseñados. • Número de visitas turísticas guiadas a portos e lonxas. • Número de iniciativas adheridas a un selo de calidade de turismo mariñeiro.
Rango de intensidade de axuda
12,0% (900.000,00 €).

Obxectivo estratéxico 3.

Liña de actuación 3.1.1 : Promoción dunha maior sensibilización en relación ao coidado do medio ambiente e os recursos da zona costeira.
Obxectivo estratéxico 3: Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono. Obxectivo específico 3.1: Acadar a conservación do medio natural na zona costeira.
Descrición
As medidas contidas nesta liña de actuación fan referencia a accións relacionadas coa preservación, conservación e valorización dos recursos naturais do territorio. Tamén fan referencia á problemática da contaminación e a xeración de residuos. Por último, existen medidas encamiñadas ao reforzo da concienciación e sensibilización da importancia que teñen os valores ambientais para contribuír á preservación do medio natural e a paisaxe.
Medidas
1. Accións de conservación do medio natural, con especial atención aos fondos mariños. 2. Plan de recuperación, acondicionamento da liña costeira orixinal, camiños tradicionais, vías de acceso ao mar, sendeiros litorais. 3. Apoio a medidas de posta en valor dos espazos de protección ambiental (Rede Natura, Parque Marítimo Terrestre Illas Atlánticas). 4. Promoción de accións formativas e divulgativas dirixidas a dar a coñecer o territorio de costa, a súa paisaxe e recursos naturais. 5. Creación de plataformas ou aplicacións (web, app, mapas interactivos) con información medioambiental e elementos do patrimonio marítimo da zona costeira. 6. Mellora da investigación da orixe e influencia das mareas vermellas no ecosistema, ou outras problemáticas mariñas. 7. Fomento do uso de materiais sostibles (madeira de calidade) para a construción de

- estruturas lixeiras en equipamentos e infraestruturas do territorio (pasarelas, escaleiras...) e nas embarcacións.
8. Posta en marcha de programas de xestión e tratamentos de residuos (plásticos, redes...) e contaminantes do medio mariño (medicamentos, hormonas...).
 9. Campañas de concienciación sobre o uso e tratamento de residuos e o impacto que estes xeran sobre o medioambiente.
 10. Programa de encontros e intercambio de coñecementos con grupos medioambientalistas para a xeración de ideas para reducir a contaminación.
 11. Accións de formación destinadas a dotar dun mellor coñecemento os procedementos e medios para actuar e situacións de contaminación.
 12. Apoio programas de voluntariado ambiental.
 13. Programa de actividades educativas e culturais relacionadas coa cultura do mar e que, a súa vez, fomenten prácticas responsables de coidado do medio natural.
 14. Programación de roteiros que poñan en valor os hábitats, especies e, a súa vez, axuden a recuperar e fomentar o patrimonio cultural material e inmaterial.
 15. Identificación de espazos (sistema SIG, por exemplo) no territorio GALP susceptibles de acoller actividades (agrícolas, forestais, ...) que xeren valor a nivel ambiental ou paisaxístico para a costa e o medio mariño.
 16. Fomento de proxectos tecnolóxicos (boia medioambiental) para facer medidas de control medioambiental.
 17. Accións para a redución dos efectos da contaminación producidos polo uso do automóbil. Fomento doutros medios para desprazamentos (bicicletas, barcos para visitar praias, etc).
 18. Recuperación do Observatorio medioambiental da Ría de Vigo.

Potenciais beneficiarios

- Concellos
- Empresas
- Asociacións empresariais
- Universidades e Institutos e Centros de Investigación
- Asociacións (sociedade civil)
- Particulares

Indicadores

- Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero).
- Número de accións de conservación do medio natural.
- Número de espazos recuperados da franxa litoral.
- Número de iniciativas de posta en valor dos espazos de protección natural.
- Número de accións formativas destinadas a un mellor recoñecemento dos recursos naturais.
- Número de accións de divulgación sobre os recursos naturais da zona costeira.
- Existencia do uso das novas tecnoloxías para a divulgación medioambiental e patrimonial da costa.
- Número de estudos sobre as problemáticas do ecosistema do medio mariño.
- Número de equipamentos e infraestruturas construídas con materiais sostibles.
- Número de campañas de concienciación para un mellor tratamento de residuos.
- Número de encontros medioambientais e número de iniciativas xeradas.
- Número de accións de formación que faciliten unha mellor resposta a situacións de contaminación ambiental.
- Número de programas de voluntariado.
- Número de actividades educativas e culturais relacionadas co mar.
- Número de roteiros baseados na posta en valor do patrimonio.
- Número de actividades na costa que xeren valor ambiental.
- Número de iniciativas tecnolóxicas para o control ambiental.
- Número de iniciativas de mobilidade sostibles no territorio.
- Existencia do observatorio medioambiental da Ría de Vigo.

Rango de intensidade de axuda

7,0% (525.000,00 €).

3.2.1: Accións de estudo e concienciación, orientadas á redución de emisións contaminantes e á optimización enerxética
<p>Obxectivo estratéxico 3: Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.</p> <p>Obxectivo específico 3.2: Concienciar a axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir ás emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética.</p>
Descrición
<p>As medidas céntranse no estudo e sensibilización sobre a necesidade de reducir a contaminación atmosférica e concienciar á poboación da necesidade de empregar enerxías limpas e respecuosas co medio ambiente, así como, incidir no aproveitamento enerxético eficiente.</p>
Medidas
<ol style="list-style-type: none"> 1. Proxectos e actividades de innovación relacionados co uso de enerxías renovables ou fontes alternativas de enerxía, que poidan ter relación coas actividades do sector pesqueiro. 2. Proxectos e iniciativas de investigación relacionados coa eficiencia enerxética a bordo de embarcacións, ou nas infraestruturas, equipamentos e instalacións nas que se realicen actividades pesqueiras. 3. Campañas para a sensibilización da poboación, en especial a do sector pesqueiro, sobre a necesidade de reducir o consumo de enerxía e a contaminación ambiental.
Potenciais beneficiarios
<ul style="list-style-type: none"> • Concellos • Empresas • Universidades e Institutos e Centros de Investigación
Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> • Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero). • Número de iniciativas postas en práctica para o uso das enerxías renovables nas actividades pesqueiras. • Número de accións de sensibilización sobre a contaminación ambiental.
Rango de intensidade de axuda
<p>3,0% (225.000,00 €).</p>

Obxectivo estratéxico 4.

Liña de actuación 4.1.1: Posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial para garantir un maior coñecemento por parte do sector pesqueiro e a cidadanía.
<p>Obxectivo estratéxico 4. O fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras como elemento para reforzar a identidade territorial, e o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.</p> <p>Obxectivo específico 4.1: Aumentar a implicación e sensibilización da poboación sobre a importancia do patrimonio pesqueiro da zona.</p>
Descrición
<p>Estas medidas están tentan reforzar o coñecemento do patrimonio cultural marítimo e pesqueiro, por parte das persoas vinculadas ao sector pesqueiro e a poboación en xeral, mediante actividades de divulgación, estudo ou investigación do mesmo.</p>
Medidas
<ol style="list-style-type: none"> 1. Accións dirixidas á actualización dalgúns oficios tradicionais (por exemplo, carpintería de ribeira) para a realización de novos produtos que poderían estar vinculados ao turismo/lecer. 2. Actividades de divulgación do patrimonio pesqueiro. 3. Actividades orientadas á posta en valor do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico,... vinculado co mar. 4. Impulso da información deste patrimonio do mar nas web municipais con contidos específicos, incluíndo as accións postas en marcha.

Potenciais beneficiarios	
•	Concellos
•	Empresas
•	Particulares
Indicadores	
•	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero).
•	Número de novos produtos creados a partir dos oficios tradicionais.
•	Número de accións de divulgación vinculadas ao patrimonio mariñeiro.
•	Número de visitas a páxinas web e recursos virtuais.
Rango de intensidade de axuda	
3,0% (225.000,00 €).	

Liña de actuación 4.1.2: Accións orientadas á recuperación, rehabilitación e posta en valor dos recursos patrimoniais.	
<p>Obxectivo estratéxico 4. O fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras como elemento para reforzar a identidade territorial, e o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.</p> <p>Obxectivo específico 4.1: Aumentar a implicación e sensibilización da poboación sobre a importancia do patrimonio pesqueiro da zona.</p>	
Descrición	
<p>Estas medidas oriéntanse á recuperación, rehabilitación, adecuación de bens do patrimonio material (tanto moble coma inmobile) e tamén de barrios mariñeiros ou infraestruturas do patrimonio do litoral. Tamén medidas dirixidas á conservación e posta en valor do patrimonio inmaterial, mediante a sistematización da información e a captura en diferentes formatos.</p>	
Medidas	
<ol style="list-style-type: none"> 1. Recuperación das infraestruturas do patrimonio industrial marítimo (conserveiras, cetáceas, etc.) para o seu aproveitamento multifuncional tanto para actividades turísticas como para outro ámbito. 2. Proxectos e actividades para a definición de novos usos das infraestruturas pesqueiras e outros elementos que forman parte do patrimonio da zona costeira, promovendo a sinerxía entre sectores (p.e. un albergue nunha antiga salazón,...). 3. Proxectos de recuperación de embarcacións tradicionais e dos procesos de mantemento de redes e velas das mesmas. 4. Proxectos para a recuperación das carpinterías de ribeira. 5. Proxectos para a recuperación de barrios tradicionais mariñeiros. 6. Elaboración dun mapa xeorreferenciado do patrimonio material de toda a zona de costa do GALP: paisaxe, rede natura, parques, edificacións, equipamentos, etc. 7. Proxectos encamiñados á recollida e posta en valor do patrimonio inmaterial. 8. Deseño e desenvolvemento de aplicacións de realidade aumentada do territorio. (información sobre patrimonio, natureza e vistas panorámicas). 9. Plan de mellora dirixido a adaptación das infraestruturas e espazos á persoas con discapacidade e mobilidade reducida. 	
Potenciais beneficiarios	
•	Concellos
•	Empresas
•	Asociacións (sociedade civil)
•	Particulares
Indicadores	
•	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero).
•	Número de infraestruturas patrimoniais recuperadas/acondicionadas.
•	Número de actividades (turísticas,...) promovidas nos espazos patrimoniais recuperados.
•	Número de embarcacións restauradas ou recuperadas (por tipoloxía).
•	Número de proxectos de carpintería de ribeira desenvolvidos.

- Número de proxectos desenvolvidos nos barrios mariñeiros.
- Existencia dun mapa xeorreferenciado de elementos patrimoniais e paisaxísticos.
- Número de elementos do patrimonio inmaterial recuperado.
- Existencia de aplicacións tecnolóxicas de realidade aumentada na posta en valor do patrimonio.
- Número de infraestruturas adaptadas a persoas con discapacidade.

Rango de intensidade de axuda

5,0% (375.000,00 €).

Liña de actuación 4.2.1: Fomento da igualdade de oportunidades no acceso, permanencia e promoción no sector pesqueiro e impulso do emprendemento feminino

Obxectivo estratéxico 4. O fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras como elemento para reforzar a identidade territorial, e o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.

Obxectivo específico 4.2: Acadar maiores cotas de igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mocidade.

Descrición

Trátase de poñer en práctica iniciativas que promovan o emprendemento feminino e melloren as súas condicións de traballo.

Medidas

1. Promoción da incorporación de mulleres e mocidade ao sector
2. Mellora das condicións de traballo e calidade de vida das persoas do sector
3. Promoción dunha remuneración xusta, evitando a precariedade, a brecha salarial e a clasificación profesional por razón de sexo
4. Desenvolvemento de alternativas e mecanismos para compensar a temporalidade e períodos de inactividade mediante actividades complementarias ao traballo habitual
5. Racionalización dos horarios de traballo, mellorando a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e a corresponsabilidade
6. Facilitamento e aseguramento dunhas condicións óptimas de saúde, hixiene e seguridade no traballo
7. Estudio de enfermidades derivadas da actividade profesional, e coeficientes redutores.
8. Impulso do recoñecemento , a igualdade de trato e non discriminación no sector
9. Visibilización do papel das mulleres e a súa contribución ao sector pesqueiro
10. Recoñecemento profesional das persoas que traballan no sector.

Potenciais beneficiarios

- Concellos
- Empresas
- Asociacións empresariais
- Confrarías
- Asociacións de produtores de produtos pesqueiros
- Asociacións (sociedade civil)
- Particulares

Indicadores

- Evolución da taxa de emprego, datos por sexo e grupos de idade.
- Evolución de indicadores (brecha salarial) por sexo. Evolución do salario mínimo no sector (datos segregados por sexo).
- Taxa de temporalidade, datos por sexo.
- Número de permisos de maternidade , paternidade, excedencias, flexibilización horaria (datos por sexo).
- Número de títulos profesionais, datos por sexo.
- Número de actividades de promoción, recoñecemento, de iniciativas emprendedoras lideradas ou nas que participen mulleres.

Rango de intensidade de axuda

2,0% (150.000,00 €).

Obxectivo estratéxico 5.

Liña de actuación 5.1.1: promover o asociacionismo e a capacidade de reflexión do sector.
<p>Obxectivo estratéxico 5: Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza, dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.</p> <p>Obxectivo específico 5.1: Poñer en práctica instrumentos para conseguir un maior empoderamento do sector para acadar un maior desenvolvemento da zona pesqueira</p>
Descrición
<p>As medidas que se promoven nesta liña de actuación refírense ao impulso da participación do sector e conxunto de axentes locais do territorio no desenvolvemento sostible da zona pesqueira. Facendo especial atención ao papel da muller a través do impulso do liderazgo e empoderamento das mulleres no sector.</p> <p>As medidas pretenden promover o asociacionismo e a colaboración que favorezan o establecemento de sinerxías entre os sectores económicos, sociais e institucionais da zona costeira, así como con outros territorios e países.</p>
Medidas
<ol style="list-style-type: none"> 1. Realización de actividades dirixidas ao establecemento de espazos de participación, intercambio de coñecementos, sinerxías e redes de colaboración de pesca de altura, baixura, marisqueo e redeiras para xerar proxectos innovadores e reforzar o conxunto do entramado asociativo do sector 2. Actividades de reforzo da comunicación entre as entidades e entre estas e as persoas socias para fomentar a súa gobernanza, sobre todo a través das novas tecnoloxías. 3. Programa de encontros sectoriais para o intercambio de experiencias a nivel supramunicipal e transnacionais. 4. Promoción da presenza e participación activa das mulleres nos órganos de decisión e xestión do sector 5. Incremento da participación das mulleres na vida económica, política e sociocultural das súas comunidades e no desenvolvemento sostible nas zonas de pesca.
Potenciais beneficiarios
<ul style="list-style-type: none"> • Concellos • Asociacións empresariais • Confrarías • Asociacións de produtores de produtos pesqueiros • Universidades e Institutos e Centros de Investigación • Asociacións (sociedade civil)
Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> • Número de accións de dinamización realizadas. • Número de entidades e colectivos sociais participantes. • Tipoloxía de accións de comunicación e dinamización da participación. • Número de reunións/encontros realizados. • Número de participantes nos espazos ou órganos do GALP, así como nas actividades de dinamización (desagregación por idade, xénero e tipoloxía).
Rango de intensidade de axuda
10,0% (750.000,00 €).

Obxectivo estratéxico 6.

Liña de actuación 6.1.1: Posta en práctica de medidas encamiñadas a promover a coordinación e a colaboración dos diferentes sectores e territorios implicados no desenvolvemento da zona pesqueira.	
Obxectivo estratéxico 6: Fomento da cooperación. Obxectivo específico 6.1: Incrementar a cooperación entre entidades do territorio e de fóra do territorio do GALP para reforzar a sinerxía e o establecemento de redes, na mellora dos diferentes sectores e no desenvolvemento das zonas pesqueiras.	
Descrición	
Estes proxectos pretenden impulsar a colaboración e a cooperación entre entidades do territorio e de fóra do territorio, ben con carácter sectorial (un só sector) ou intersectorial (varios sectores: pesca – turismo), para mellorar a cohesión social das zonas e dinamizar os territorios, dende unha visión integrada e multisectorial.	
Medidas	
<ol style="list-style-type: none">1. Elaboración dun diagnóstico integrado sobre a situación do medio mariño galego: medio ambiente e estado dos recursos.2. Estudos para o cartografado de toda a zona costeira do GALP, dos hábitats e especies mariñas. Estudo para a creación de arrecifes artificiais e zonas de protección, como zonas de cría.3. Proxectos específicos de I+D+i, de transferencia de coñecemento entre entidades, ou rexións diferentes, para fomentar unha cultura de innovación.4. Colaboración entre institucións (universidades, institutos de investigación, axencias...) para o fomento de programas de I+D+i relacionados co sector pesqueiro.5. Accións de apoio á innovación e intercambio de experiencia con outros países, en relación a novas especies de cultivo, e mesmo descartes da pesca.6. Promoción de intercambios formativos con outras rexións e países para ver como abordaron unha maior profesionalización do sector turístico a través da valorización dos recursos pesqueiros.7. Plataforma tecnolóxica, con un catálogo de recursos integrado, para difundir e promover as actividades de turismo mariño de toda Galicia de forma directa e como un destino turístico diferenciado.8. Fomento dos vínculos do entre institucións que se ocupan de estudar os niveis de contaminación (Instituto Marítimo Pesqueiro, Oceanográfico, Universidade de Vigo...) para mellorar na detección de verteduras e contar con datos actualizados.9. Accións de estudo ou análise de proxectos internacionais que fomenten e poñan en valor os usos tradicionais do mar10. Proxectos de colaboración e cooperación entre GALP, para reforzar a posta en valor dos produtos pesqueiros e incidir no desenvolvemento sostible das zonas costeiras.11. Cooperación en proxectos de patrimonio inmaterial.	
Potenciais beneficiarios	
<ul style="list-style-type: none">• Concellos• Asociacións empresariais• Confrarías• Asociacións de produtores de produtos pesqueiros• Universidades e Institutos e Centros de Investigación• Asociacións (sociedade civil)	
Indicadores	
<ul style="list-style-type: none">• Diagnóstico da relación entre o medio ambiente mariño e o estado dos recursos• Número de arrecifes artificiais creados.• Número de zonas de protección mariña creadas.• Número de proxectos de intercooperación desenvolvidos.• Número de programas de I+D+i desenvolvidos no sector pesqueiro.• Existencia de elementos turístico-mariños catalogados e divulgados, vinculados a TIC.• Número de accións de dinamización realizadas entre entidades ou colectivos sociais.• Número de reunións/encontros realizados.	

Rango de intensidade de axuda

5,0% (375.000,00 €).

5.7 Carácter integrado e multisectorial da estratexia

O GALP Ría de Vigo – A Guarda aposta por unha estratexia na que se reforza o carácter diferencial deste territorio, destacando a singularidade da zona, en relación á paisaxe, aos recursos, ao patrimonio material e inmaterial e ao propio sector pesqueiro.

O carácter integrado e multisectorial da estratexia está relacionado con dous factores que constitúen os principais desafíos da zona costeira, para contribuír ao seu desenvolvemento:

1. Acada unha estreita colaboración do sector pesqueiro para idear e implementar iniciativas e proxectos de desenvolvemento territorial común, mediante o establecemento de procesos de comunicación, participación e cooperación entre os distintos axentes sociais e institucionais, afondando nunha maior vinculación entre a formación e a economía real, asegurando a fixación de poboación e a incorporación da mocidade ao mercado laboral.
2. Enténdese tamén que unha estratexia de integración multinivel e entre diferentes sectores, pode reforzar o dinamismo económico que precisa esta zona costeira, conseguindo un desenvolvemento económico sostible e unha mellora na calidade de vida das persoas, a través da creación e consolidación de emprego, así como a promoción dunha maior igualdade de oportunidades e relevo xeracional.

O principal factor de integración nesta estratexia refírese á consolidación dunha “marca” que identifique ao territorio, valorizando as súas características definitorias (o entramado social, a paisaxe, o clima, etc.) e a aposta decidida por unha actividade pesqueira artesanal e sostible, onde o produto sexa o elemento central.

O modelo multisectorial de desenvolvemento que integraría a conexión co ámbito do turismo, os recursos ambientais, o patrimonio, tendo sempre como fíos condutores aos produtos e actividades pesqueiras. Considérase que o desenvolvemento precisa respecto e coidado do patrimonio costeiro co que conta a zona. Este factor reforza a identidade local que se lle quiere imbuír á zona costeira.

A estratexia diríxese a promover a integración do conxunto de actividades do sector pesqueiro, apostando por unha visión que integre a cadea vertical da pesca (dende a embarcación ao mercado). Para isto promóvense actuación orientadas a mellorar o sector, apostando por unha visión integradora e un aproveitamento sostible dos recursos pesqueiros.

Tamén se reforza a vinculación intersectorial, ao promover liñas de actuación que perseguen a diversificación da economía local cara actividades turísticas, que teñan como reclamo ao conxunto de actividades do sector pesqueiro e o abano de recursos patrimoniais vinculados ao mesmo.

En definitiva, podemos dicir que o carácter integrado e multisectorial da estratexia se reforza nos obxectivos relacionados con:

1. O posicionamento do produto da Ría de Vigo – A Guarda como produto con valor engadido e procedente dun modelo de pesca sostible, onde se reforza a posición social do sector pesqueiro.
2. A aposta por un modelo organizativo e innovador de desenvolvemento do sector, incidindo en novos aproveitamentos pesqueiros, ben de produtos ou relacionados co ámbito enerxético.
3. A consolidación dunha imaxe do territorio, na que se reforza a colaboración entre o conxunto da zona costeira, para a posta en marcha dunha estratexia de turismo diversa e de calidade.
4. O reforzo da identidade costeira a través da recuperación do patrimonio medioambiental e cultural, facendo especial mención ao conxunto do patrimonio marítimo.

Por último, enténdese que o carácter integrador se reforce mediante unha aposta por modelo

de traballo colaborativo entre as entidades do territorio, para desenvolver iniciativas relacionadas co conxunto de ámbitos temáticos: o pesqueiro, o turístico, o ambiental e o patrimonial.

5.8 Carácter innovador da estratexia

A EDLP da Ría de Vigo – A Guarda introduce factores innovadores relacionados coa aposta por unha maior integración das actuacións marítimas e as pesqueiras, e un maior reforzo da identidade do territorio.

O modelo de desenvolvemento do sector pesqueiro introduce cambios relacionados coa necesidade de valorizar os produtos da zona e de vincular o sector coas actividades turísticas. Fálase da importancia da atención ao conxunto de procesos que poden engadir valor ás producións pesqueiras, destacando o alto potencial do produto. As innovacións fan referencia á transformación, pero tamén aos posibles aproveitamentos de novas especies, especies infrautilizadas ou de escaso valor comercial, así como as posibilidades de aproveitamento dos descartes.

Por outra banda, a relación entre o sector turístico e o pesqueiro, vese reforzada pola necesidade de establecer un modelo, unha imaxe de marca do territorio, no que se favoreza o establecemento de sinerxías entre ambos sectores. Apóstase por un turismo diferencial e de calidade, fuxindo de modelo de masificación, propios doutras zonas costeiras.

Enténdese tamén que é preciso innovar no que respecta ás condicións de traballo do sector, reforzando a súa imaxe para facer que sexa un sector capaz de atraer activos, que reforsen a continuidade e o relevo xeracional. Isto implica que sexan recoñecidos os profesionais e as profesionais do sector.

As actuacións que reforzan o carácter innovador da estratexia fan referencia a:

- Introducción de procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar: integración, modernización e profesionalidade do sector pesqueiro, para mellorar a eficiencia, a rendibilidade e o valor engadido dos produtos.
- Novos aproveitamentos dos produtos pesqueiros, incidindo na necesidade da investigación sobre o aproveitamento de especies infravaloradas, o posicionamento claro no mercado e fomento do coñecemento entre a poboación.
- Melloras dos procesos comercializadores dos produtos, favorecendo a introdución de novas tecnoloxías e canles de comunicación.
- Creación de novos produtos e servizos turísticos intersectoriais
- Aumentar a implicación e sensibilización da poboación sobre a importancia do patrimonio pesqueiro da zona
- Poñer en práctica instrumentos para conseguir un maior empoderamento do sector para acadar maior desenvolvemento da zona pesqueira.
- Incremento da cooperación entre entidades do territorio e de fora do territorio do GALP para reforzar a sinerxia e o establecemento de redes, na mellora dos diferentes sectores e no desenvolvemento das zonas pesqueiras
- Medidas de animación dende o propio GALP, que reforsen a colaboración entre o GALP e o resto de axentes.

5.9 Contribución da estratexia á creación de emprego

A creación de emprego poténciase no Plan de Acción, a través da priorización de proxectos que implique a creación de postos de traballo e a dotación orzamentaria máis elevada para as iniciativas de carácter produtivo.

No Plan de acción recóllense medidas que se orientan a diferentes factores que inciden de maneira directa ou indirecta na creación de emprego:

1. Existen medidas que inciden na integración, modernización e profesionalidade do sector pesqueiro, para mellorar a eficiencia, a rendibilidade e o valor engadido dos produtos: apoio a iniciativas e proxectos de transformación, elaborado e envasado de produtos do mar, apoio á implantación de novas tecnoloxías nos procesos de comercialización, etc.
2. O reforzo da posición social do sector, mellorando as súas condicións de traballo, fai que o mesmo sexa máis atractivo á hora de fomentar a contratación, principalmente da xente máis nova. Fálase de programas formativos dirixidas á mellora profesional do sector, o que implica maiores posibilidades de creación de emprego. Existen medidas específicas dirixidas a apoiar o emprendemento, a través de accións de apoio, asesoramento e acompañamento.
3. Os novos aproveitamentos ou actividades de diversificación dos produtos pesqueiros, implican tamén novos nichos de mercado, que ao marxe da actividade pesqueira ou marisqueira convencional, poden converterse en novos xacementos de emprego.
4. O aproveitamento do turismo mariñeiro, como estratexia de diversificación do sector pesqueiro, e de vinculación do sector pesqueiro ás actividades pesqueiras, supón un potencial importante como actividade que pode reforzar o tecido económico da zona costeira, e por tanto contribuír a crear emprego. Tamén cabe indicar o potencial que supón todo o conxunto de servizos accesorios que implican a posta en marcha de iniciativas neste sentido.
5. Recóllense actuacións, vinculadas á gobernanza, que abordan o deseño dunha estratexia integral entre os axentes sociais e institucionais para a promoción conxunta do emprendemento e a titorización de proxectos empresariais, que reforcen a vinculación profesional co sector pesqueiro, ou actividades relacionadas.
6. Accións de cooperación que fomenten a sinerxía, na promoción de proxectos conxuntos entre diversos sectores produtivos (primario e servizos fundamentalmente).

Para reforzar as anteriores medidas destínase un importe do 65%, do conxunto do orzamento que ten á súa disposición o GALP, para poñer en marcha o programa de axudas.

Isto implica que estes proxectos, de natureza produtiva, se van a dedicar principalmente á creación directa de postos de traballo. Indirectamente, tamén os proxectos que se promovan dende outro tipo de entidades, públicas principalmente, supoñerán unha creación de emprego, asociado á posta en marcha destes proxectos.

A incidencia sobre a creación de emprego é un criterio que se valora positivamente á hora de seleccionar os proxectos que van a ter financiamento do FEMP. A creación de emprego, xunto coa cohesión social das zonas pesqueiras, é a principal finalidade que pretende abordar dito fondo. Neste apartado tense en conta o volume de emprego xerado, tendo maior puntuación canto maior é o número de empregos xerados. Tamén se valora a tipoloxía de colectivos que van a ostentar os postos de traballo, priorizando a menores de 35, persoas con discapacidade e mulleres.

A creación de emprego é un dos principais indicadores que se vai a ter en conta para valorar o impacto real do Fondo no territorio, sendo un indicador de referencia en todas as liñas de acción, practicamente.

Explicase con mais detalle no 8.2 “Procedemento para a xestión do programa de axudas”

5.10 Contribución da estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación

Tal e como se reflexa na diagnose, o mercado laboral da zona non está exento dunha compoñente de xénero que se deixa notar nas cifras do paro. Como é habitual as mulleres representan máis do 70 % nas actividades de traballo doméstico, saúde e servizos sociais, servizos persoais e ensino. Son tamén máis de 2/3 na hostalaría, nas actividades inmobiliarias e nas persoas sen emprego anterior. Representan menos de 1/3 no sector primario, transporte e na construción.

A evolución de afiliacións é moi distinta para homes e mulleres. Entre os homes a ocupación retrocedeu un 25 % (22% en Galicia), mentres que as mulleres retrocederon un 9 % (5% en Galicia).

Se analizamos os datos de afiliacións por réximes durante os últimos 8 anos, verificamos que nos concellos da zona se produciu unha destrución de emprego no réxime xeral do 21% (-16% en Galicia). O réxime de autónomos tamén destruíu emprego nun -6% (+14% en Galicia).

Os datos de contratación por xénero e concello demostran que no GALP 7 existe un maior desequilibrio na contratación que no conxunto de Galicia, xa que a cota de contratos a homes amplíase aquí do 53 % ao 55 %. Ademais, os datos evolutivos apuntan a que a destrución do número de contratos foi máis intensa no caso das mulleres que na dos homes, afondando a brecha existente entre uns e outras.

Algúns dos mecanismos contemplados para promover a igualdade e non discriminación son os seguintes:

1. Promover a participación equitativa de homes e mulleres: cotas de participación na xunta directiva do GALP Ría de Vigo – A Guarda.
2. Criterios sociais: apoio á economía social (promoción do cooperativismo, etc). Criterios éticos: apoio aos produtos/organizacións de comercio xusto, procurarase mercar con empresarios locais, e empresas que garanten transparencia e respecto ao medio ambiente.

Dentro do baremo de proxectos puntúase positivamente a creación de emprego feminino e de mocidade.

A perspectiva de xénero nos proxectos susceptibles de financiación da nosa zona é fundamental, tanto nos proxectos produtivos como non produtivos: é preciso conseguir como mínimo cinco puntos neste apartado para tramitar o proxecto

Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Preguntas	Ata
Téñense en conta as diferenzas de partida entre mulleres e homes á hora de elaborar o proxecto (diagnóstico).	1
Se existen diferenzas de partida entre homes e mulleres, establécense accións positivas	1
Foméntase a presenza de mulleres en actividades consideradas tradicionalmente como masculinas.	1
Foméntase a presenza de homes en actividades tradicionalmente consideradas como femininas	1
No proxecto desagregáanse os datos tendo en conta a variable sexo	1
Os proxectos que impliquen contratación de persoas traballadoras establecen unha porcentaxe de contratación de mulleres (non inferior ao 40%).	1
Na elaboración dos proxectos e memorias utilízase termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero: linguaxe non sexista	1
Na avaliación proposta no proxecto intégranse indicadores de xénero	1
Tódolos materiais, imaxes e documentación evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller, e deberán fomentar valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.	1
A entidade promotora estableceu medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas usuarias ou beneficiarias e/ou das persoas contratadas para prestar a actividade obxecto da subvención	1
TOTAL	10

Explicase con mais detalle no 8.2 “Procedemento para a xestión do programa de axudas”

5.11 Contribución ao principio de desenvolvemento sostible

Contribución da estratexia á sostibilidade ambiental

Para contribuír á sostibilidade da zona costeira, a EDLP, céntrase principalmente nos seguintes factores, que manteñen unha forte interdependencia entre eles:

1. A promoción dunha maior sensibilización en relación ao coidado do medio ambiente e os recursos da zona costeira
2. Preservación , conservación e valorización dos recursos naturais do territorio.
3. Accións encamiñadas a reducir a problemática da contaminación e a xeración de residuos.
4. Medidas encamiñadas ao reforzo da concienciación e sensibilización da importancia que teñen os valores ambientais para contribuír á preservación do medio natural e a paisaxe.
5. Accións de estudo e concienciación, orientadas á redución de emisións contaminantes e á optimización enerxética
6. Concienciación da poboación sobre a necesidade de empregar enerxías limpas e respectuosas co medio ambiente
7. Accións que incidan sobre o aproveitamento enerxético eficiente
8. O reforzo da gobernanza do sector e a mellora da cooperación, pecharían a batería de elementos que reforzarían tanto a sostibilidade social, como económica e ambiental na zona costeira.

5.12 Complementariedade, coordinación e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona

Complementariedade e cooperación da EDLP coa RIS 3

A RIS3 é a Estratexia de especialización intelixente de Galicia, a cal pretende acadar a competitividade, o crecemento económico e emprego sostible e de calidade a través da innovación. Pretende dinamizar os sectores endóxeos e tractors da economía galega, entre os cales se atopan o sector pesqueiro e o do turismo, eixes centrais da EDLP desta zona pesqueira.

Existe un claro aliñamento da EDLP da Ría de Vigo – A Guarda coa RIS3, no relacionado cos retos 1 e 3 que formula a mesma, que abordan respectivamente a xestión innovadora dos recursos naturais e culturais, e o establecemento dun novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo. A complementariedade é moi alta no primeiro reto, se ben no terceiro é case puntual.

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. RIS3 ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE DE GALICIA		OBXECTIVOS DA EDLP					
	OBXECTIVOS RIS3	1	2	3	4	5	6
RETO 1 Xestión innovadora de recursos naturais e culturais.	Prioridade 1: Valorización dos recursos do mar.	▲	▲			—	—
	Prioridade 2: Modernización da acuicultura.	●	●	●		—	—
	Prioridade 3: Modernización dos sectores agrogandeiro, pesqueiro e forestal	▲	●	▲		—	—
	Prioridade 4: Mellora da obtención de enerxía a partir dos recursos naturais.			▲		—	—
	Prioridade 5: Modernización do sector turístico e das industrias culturais a través das TIC.		▲			—	—
RETO 2 O modelo industrial da Galicia do futuro.	Prioridade 1: Diversificación dos sectores industriais tractors.					—	—
	Prioridade 2: Mellora da competitividade industrial.					—	—
	Prioridade 3: Impulso da economía do coñecemento.					—	—
RETO 3 Novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo	Prioridade 1: Envellecemento activo.					—	—
	Prioridade 2: Alimentación saudable e segura.	●	▲			—	—

En relación ao primeiro reto...

Existe un grao de complementariedade alto entre a prioridade 1 da RIS3, que ten como obxectivo “Poñer en valor os subprodutos e residuos vinculados ao mar, como os descartes da pesca ou os refugallo da industria conserveira”, co obxectivo específico 2.1 da EDLP, que aborda a temática relacionada con “Contribución á valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, o incremento do seu valor engadido, o posicionamento claro no mercado e o fomento do coñecemento entre a poboación” e co obxectivo 1.1 “Introducir procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar”, xa que se contemplan accións dirixidas á mellora e preservación dos aproveitamentos pesqueiros de diferentes produtos (produtos de valor comercial, especies infravaloradas ou en perigo de extinción)

A prioridade 2 recollida na Estratexia RIS3, formúlase como principal obxectivo o de “Modernizar a acuicultura para xerar novos produtos e servizos de base tecnolóxica, principalmente a través da aplicación de coñecemento da biotecnoloxía e das TIC”. Esta prioridade ten unha complementariedade media cos tres obxectivos primeiros da estratexia, destacando o importante papel que a acuicultura ten para a Ría de Vigo. Contémplase relación co obxectivo específico 1.1, que aborda “a introdución de procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar”. Tamén existe un grao de complementariedade medio co segundo obxectivo da EDLP, en relación ao obxectivo específico 2.1 “Contribuír á valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, o incremento do seu valor engadido, o posicionamento claro no mercado e o fomento do coñecemento entre a poboación” e 3.2 “Concienciar a axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir as emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética”.

A prioridade 3, ten coma obxectivo “Modernizar os sectores pesqueiro, agrícola, gandeiro e forestal para que as explotacións sexan máis eficientes e rendibles e tamén para xerar produtos e servizos innovadores”, garda relación con tres dos obxectivos da estratexia, se ben a súa intensidade varia. En relación ao obxectivo 1 da EDLP, apreciase un grao de complementariedade alto, relacionado co obxectivo específico 1.1: “Introducir procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar”. No segundo obxectivo a complementariedade é media, relacionado co obxectivo 2.1: “Contribuír á valorización dos produtos pesqueiros locais”. En canto á vinculación co obxectivo terceiro da estratexia, dicimos que a complementariedade é alta, porque hai un aliñamento importante dos obxectivos 3.1. e 3.2, en relación a actuación de coidado do medio ambiente, a súa valorización e accións relacionadas coa optimización dos recursos e o uso sostible da enerxía.

A prioridade 4 da RIS3, ten coma obxectivo o de “Diversificar o sector enerxético galego mellorando a explotación dos recursos naturais para obter enerxía, en especial a través da produción de biomasa, da enerxía undimotriz, das torres eólicas offshore e dos biocombustibles de orixe mariña”. Alíñase de maneira importante co obxectivo 3.2., da estratexia que aborda “a concienciación de axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir as emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética”.

Por último, a prioridade 5 da citada estratexia de innovación, ten unha complementariedade alta co obxectivo da EDLP, “de diversificación da economía local”, en relación cos obxectivos específicos 2.1 e 2.2 que abordan a “valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, o incremento do valor engadido, o posicionamento claro no mercado e o fomento do coñecemento entre a poboación” e “conseguir a creación de novos produtos e servizos turísticos intersectoriais”, respectivamente.

En relación ao terceiro reto...

A EDLP mantén relación coa RIS, no que se refire á prioridade 2 deste reto, que nos fala da alimentación segura e saudable. No primeiro obxectivo da EDLP, contémplase actuacións na liña de actuación 1.1.1. na que se incide sobre unha maior integración, modernización e profesionalidade do sector pesqueiro, para mellorar a eficiencia, a rendibilidade e o valor

engadido dos produtos. Tamén no obxectivo específico 3.1: “Acadar a conservación do medio natural na zona costeira”, na liña 3.1.1: promoción dunha maior sensibilización en relación ao coidado do medio ambiente e os recursos da zona costeira.

Complementariedade e cooperación da Estratexia de desenvolvemento local do sector pesqueiro co Plan integral de turismo de Galicia

O Plan Integral de Turismo de Galicia é a folia de ruta para o sector turístico, estando orientado á dinamización do conxunto da economía galega e á creación de emprego. Esta ferramenta pretende posicionar a Galicia como un destino diferencial, multiexperiencial, orientado a un modelo europeo de turismo sostible. Pretende tamén afianzar ao sector turístico galego, facéndoo competitivo, proactivo, innovador e coordinado, cunha visión internacional.

Na EDLP o turismo é un factor de suma importancia, xa que constitúe o principal ámbito de diversificación económica ao que se pode acoller o sector pesqueiro. Hai que destacar tamén a importancia que ten o turismo mariñeiro, dentro da zona costeira, e o aproveitamento dos produtos pesqueiros e os recursos naturais e ambientais como elementos que reforzan a visión dun turismo sostible.

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. PLAN INTEGRAL DE TURISMO DE GALICIA.						
LIÑAS ESTRATÉXICAS PITG	OBXECTIVOS DA EDLP					
	1	2	3	4	5	6
L.E. 1: O Camiño de Santiago como eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e modelo demostrador internacional.	▼				—	—
LE.2: A oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxeos diferenciais, buscando a desestacionalización e os novos públicos.		▲	▼	▼	—	—
L.E.3: Galicia como destino ambiental, social e economicamente sostible.		▼	▲		—	—
L.E.4. O fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo e un destino intelixente.					—	—
L.E.5: A promoción e comercialización de Galicia como destino único baseado nun modelo á demanda.		▼			—	—
L.E.6: O consenso e a cooperación entre o sector público e privado para un marco eficiente e xerador de oportunidades.						●

A EDLP mostra un grao de complementariedade baixo coa primeira liña estratéxica do PITG. Das 13 accións que contempla a segunda liña estratéxica do PITG, podemos indicar que ao redor do 50% das mesmas teñen algunha relación co obxectivo segundo da EDLP, que aborda “a creación de novos produtos e servizos turísticos intersectoriais”, polo cal podemos indicar que existe unha alta complementariedade. Existen medidas vinculadas a accións especializadas dirixidas a públicos específicos, como pode ser por exemplo o turismo náutico ou de cruceiros. Tamén hai un forte peso de medidas vinculadas ao turismo enogastronómico, con accións encamiñadas á exaltación dos produtos pesqueiros locais. O turismo mariñeiro ten unha alta sinerxía coas medias contempladas no PITG, reforzando a posta en valor dos produtos pesqueiros locais e o aproveitamento dos espazos naturais e os aspectos culturais. Sucede algo similar co obxectivo cuarto da Estratexia, no referente á valorización do patrimonio costeiro, sobre todo no vinculado a aspectos culturais da cultura tradicional mariñeira e o patrimonio industrial costeiro.

Hai que indicar que o PITG recolle o “turismo mariñeiro” como un dos produtos cabeceira de

marca. Isto implica ao apoio de iniciativas e o impulso de eventos neste ámbito, facendo tamén referencia a proxectos concretos impulsados polos GALP, como poden ser as Campañas “Come o Mar” do Club de turismo mariñeiro “Mar Galaica”. Tamén incide na necesidade de promover sinerxías entre o turismo náutico e o turismo mariñeiro.

A liña estratéxica terceira “Galicia como destino ambiental, social e economicamente sostible, relacionase, de maneira puntual co obxectivo específico 2.2, en relación a medidas que contemplan a promoción da accesibilidade no turismo . Tamén se complementa co obxectivo 3.1, no relativo ás medidas que contemplan a “conservación do medio natural na zona costeira”, para que reverta de maneira directa no medio ambiente e no turismo.

A liña estratéxica quinta do PITG tamén complementa nas medidas recollidas no obxectivo 2.2, cando se tenta reforzar a comercialización de produtos de turismo mariñeiro. A vinculación é feble

Para rematar a última liña (6) mostra un grao medio de complementariedade coa estratexia local, xa que contempla dentro das accións do fomento da cooperación.

Complementariedade e coordinación da Estratexia de desenvolvemento local do sector pesqueiro co Plan de ordenación do litoral de Galicia

O Plan de Ordenación do Litoral constitúe un marco normativo estable para a protección efectiva do litoral de Galicia. Trata de xestionar o territorio ordenando os seus usos e atendendo á súa configuración natural e antrópica, así como aos seus procesos e dinámicas. Unhas das súas finalidades fan referencia á necesidade da sostibilidade da paisaxe é ao recoñecemento das singularidades e identidade de cada territorio.

O POL e a EDLP son complementarios na medida en que se recollen unha serie de actuacións que vertebran a construción e preservación da paisaxe, o respecto polos espazos ambientais e o coidado e posta en valor dos elementos identitarios da poboación, entre os que destaca o patrimonio. Podemos indicar que hai un grao de complementariedade importante entre as medidas que se propoñen na EDLP, en relación ás temáticas que aborda o POL.

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL						
ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DO POL	OBXECTIVOS DA EDLP					
	1	2	3	4	5	6
1. Actuacións de cooperación e coordinación coas distintas administracións públicas e entidades con incidencia no eido litoral			●		—	●
2. Actuacións orientadas á protección dos valores naturais e patrimoniais existentes no ámbito do Plan de Ordenación do Territorio			▲		—	—
3. Actuacións orientadas a suplir déficits en materia de infraestruturas					—	—
4. Actuacións para o fomento do coñecemento e regulación do uso público do espazo litoral			●	●	—	—
5. Actuacións de fomento do coñecemento orientadas á investigación e divulgación técnica e científica			▲		—	—
6. Actuacións de promoción e investigación da paisaxe do litoral						

A EDLP recolle no obxectivo 6.1 “Incrementar a cooperación entre entidades para reforzar a sinerxia”, recolle a necesidade da colaboración entre os axentes do territorio para darlle cohesión ás iniciativas que se promovan na zona costeira. Esta formulación é acorde tamén á que se expón no POL, no que ten que ver coas actuacións de cooperación e coordinación entre administracións e entidades, que teñen incidencia no litoral. Tamén se aprecia unha relación importante no que concerne ao obxectivo específico 3.1 da EDLP “Acadar a conservación do medio natural da zona costeira”, xa que se contemplan varias medidas en sintonía co POL.

No referente a actuacións orientadas á protección dos valores naturais e patrimoniais existentes existe unha alta complementariedade coas medidas recollidas no obxectivo específico 3.1. da EDLP.

En relación ás actuacións para o fomento do coñecemento e regulación do uso público do espazo litoral tamén se aprecia unha complementariedade importante co conxunto da estratexia, no sentido de que estamos a falar de medidas vinculadas ao establecemento de espazos turísticos sustentables, a recuperación de sendas tradicionais ou a habilitación de puntos de observación da paisaxe. Esta complementariedade céntrase sobre todo nos obxectivos estratéxicos terceiro e cuarto da estratexia.

As actuacións de fomento do coñecemento orientadas á investigación e divulgación técnica e científica teñen certa complementariedade co obxectivo 3.

En relación ás actuacións orientadas a suplir déficits en materia de infraestruturas ou a promoción e a investigación da paisaxe do litoral, a complementariedade é practicamente inexistente coa EDLP, xa que son actuacións concretas.

Complementariedade da Estratexia de desenvolvemento local do sector pesqueiro co programa Leader

O Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia é o instrumento que regula a distribución de fondos comunitarios para o desenvolvemento rural en Galicia. O seu principal obxectivo é o de crear un marco coherente e firme que asegure o futuro do medio rural no mantemento e a creación de emprego.

Se ben falamos de ámbitos sectoriais diferentes, a complementariedade entre ambos programas, tanto a EDLP como o PDR, é importante, tendo en consideración a principal finalidade de ambas ferramentas, que se centra na creación do emprego e na mellora da cohesión social das zonas agrarias e costeiras. En ambos casos o que se pretende é melloras as condicións de vida e de traballo das poboacións do medio rural e costeiro, se falamos tanto da finalidade do Programa Leader, coma dos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro.

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA						
MEDIDAS DO PDR*	OBXECTIVOS DA EDLP					
	1	2	3	4	5	6
1. Transferencia de coñecementos e innovación na agricultura, silvicultura e nas zonas rurais	▲	▼			—	—
2. Mellora da viabilidade das explotacións e a competitividade de todos os tipos de agricultura en todas as rexións e promoción de tecnoloxías agrícolas innovadoras nas explotacións e da xestión sostible dos bosques.	▲				—	—
3. Fomentar a organización da cadea alimentaria, en particular a transformación e comercialización dos produtos agrícolas, o benestar animal e a xestión de riscos no sector agrícola.	●	▼			—	—
4. Restaurar, preservar e conservar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura			▲		—	—
5. Promover a eficiencia dos recursos e alentar o paso a unha economía hipocarbónica e resistente ao cambio climático nos sectores agrícola, alimentario e silvícola.			●		—	—
6. Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais.	●	●	●	●		

* Avance 2014-2020. Documento provisional

Existe unha alta sinerxía entre as medidas contempladas no PDR, coas medidas relacionadas co obxectivo específico 1.1 da EDLP “Introducir procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar”. Este alto grao de complementariedade sitúase a nivel da importancia que en ambos ámbitos se lle da á profesionalización do sector, á innovación, á cooperación e á transferencia de coñecemento. Neste sentido a liña de actuación 1.1.1 da EDLP ten plena sintonía coas actividades que se sinalan no punto número 1 das medidas contempladas no PDR. Tamén existe relación alta coa medida 1.1.2 “Fomento de transferencia de coñecemento, e a promoción do asociacionismo para unha maior profesionalización do sector”. Ten relación tamén co obxectivo 2.1 “Valorización de produtos pesqueiros locais ...”

En relación á mellora da viabilidade, a competitividade e a promoción de tecnoloxías innovadoras, tanto no PDR coma na EDLP, contémpanse medidas encamiñadas a este fin, sendo o grao de complementariedade importante entre ambas estratexias. Estas medidas impleméntanse tanto a nivel produtivo, como de produción dos produtos, tentando garantir a sostibilidade dos mesmos e do propio medio.

En relación ao terceiro punto de medidas do PDR, que nos fala do fomento da organización da cadea alimentaria, en particular a transformación e comercialización dos produtos agrícolas, o benestar animal e a xestión de riscos no sector agrícola, rexístrase tamén a mesma preocupación a nivel de sector pesqueiro, onde se contemplan medidas para a cooperación, a sinerxía e reforza da cadea vertical da mesma, no seu obxectivo específico 1.1 e 1.2. Tamén se aprecia certa complementariedade co obxecto específico 2.1, no que respecta á valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, incremento de valor engadido...

O cuarto punto de medidas do PDR garda unha alta complementariedade coas medidas recollidas no obxectivo específico 3.1. da EDLP, que aborda aspectos relacionados coa “Conservación do medio natural na zona costeira”. Abórdanse accións relacionadas co coidado do medio ambiente e a súa posta en valor, así como, accións orientadas á preservación do medio mariño e dos recursos.

En ámbolos dous sectores (mariño e agrario), a loita contra o cambio climático é unha preocupación común, que reforza a complementariedade deste tipo de políticas no territorio. A EDLP recolle un obxectivo específico concreto, o 3.2: “Concienciar a axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir as emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética” subliñando a complementariedade destas medidas co punto número 5 do PDR.

En relación ao punto sexto do PDR, “fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais”, non se contemplan medidas directas e específicas neste sentido na EDLP, se ben se integran de maneira transversal no conxunto de obxectivos e liñas de actuación que recolle esta última, polo cal podemos fala de complementariedade entre ambos programas.

5.13 Redes

O establecemento de redes e iniciativas de cooperación está presente no plan de acción da estratexia, contemplándose tamén actividades concretas para promover a cooperación entre os GALP, como actividades de animación.

A EDLP inclúe unha serie de medidas encamiñadas a promover a coordinación e a colaboración entre diferentes axentes do territorio e de fóra do mesmo. Enténdese que é necesario afondar na colaboración entre entidades da zona, para promover iniciativas vinculadas ás actividades marítimas e pesqueiras, tanto no referente a estas como alternativa profesional, como a alternativas de turismo ou lecer. Tamén se considera necesario continuar con medidas de cooperación que redunden na conservación do patrimonio e a súa valorización. Por outra banda, sinálase como necesario establecer a cooperación entre axentes para reforzar a gobernanza na zona pesqueira.

Tamén se recollen iniciativas para a xeración de redes, vinculadas ás actividades de animación do GALP. No período anterior o grao de colaboración foi máis limitado, polo cal neste período preténdese reforzar a cooperación entre entidades e territorios. Apostarase por iniciativas que reforcen ao conxuntos de sectores produtivos, melloras na integración tecnolóxica ou de valorización dos produtos ou recursos locais, así como, melloras relacionadas coa capacidade de xestión dos propios GALP.

Tamén se inclúe a necesidade de establecer iniciativas orientadas a mellorar a gobernanza e colaboración do sector fomentando:

- a colaboración entre grupos de acción local do sector pesqueiro no resto de España ou noutros países
- a participación en iniciativas vinculadas a redes existentes como a “Rede española de Grupos de Pesca”, a “Rede de mujeres del sector pesquero”, “FARNET”, etc.

a participación á hora de impulsar iniciativas ou colaborar en proxectos de carácter transnacional vinculados ao ámbito marítimo ou pesqueiro, coma por exemplo o programa “Espacio Atlántico 2014-2020”.

6.-PLAN DE FINANCIAMIENTO



6.1 Distribución global de orzamento

CONCEPTOS	2016	2017	2018	2019	2020	Total	%
Custos de explotación e animación	250.818,00	250.818,00	250.818,00	250.818,00	250.818,00	1.254.090,01	25%
Custos de aplicación da EDLP	752.454,00	752.454,00	752.454,00	752.454,00	752.454,00	3.762.270,02	75%
Custos totais	1.003.272,01	1.003.272,01	1.003.272,01	1.003.272,01	1.003.272,01	5.016.360,03	100%

CONCEPTOS	2016	2017	2018	2019	2020	Total	Prod./Non Prod.	% ayudas	% gasto tot.
Objetivo estratégico 1	Productivos	270.883,44	270.883,44	270.883,44	270.883,44	1.354.417,21	90%	40%	27,00%
	Non productivos	30.098,16	30.098,16	30.098,16	30.098,16	150.490,80	10%		3,00%
Objetivo estratégico 2	Productivos	150.490,80	150.490,80	150.490,80	150.490,80	752.454,00	80%	25%	15,00%
	Non productivos	37.622,70	37.622,70	37.622,70	37.622,70	188.113,50	20%		3,75%
Objetivo estratégico 3	Productivos	30.098,16	30.098,16	30.098,16	30.098,16	150.490,80	40%	10%	3,00%
	Non productivos	45.147,24	45.147,24	45.147,24	45.147,24	225.736,20	60%		4,50%
Objetivo estratégico 4	Productivos	37.622,70	37.622,70	37.622,70	37.622,70	188.113,50	50%	10%	3,75%
	Non productivos	37.622,70	37.622,70	37.622,70	37.622,70	188.113,50	50%		3,75%
Objetivo estratégico 5	Productivos	-	-	-	-	-	0%	10%	0,00%
	Non productivos	75.245,40	75.245,40	75.245,40	75.245,40	376.227,00	100%		7,50%
Objetivo estratégico 6	Productivos	-	-	-	-	-	0%	5%	0,00%
	Non productivos	37.622,70	37.622,70	37.622,70	37.622,70	188.113,50	100%		3,75%
Total programa de ayudas	Productivos	489.095,10	489.095,10	489.095,10	489.095,10	2.445.475,51	65%	100%	48,75%
	Non productivos	263.358,90	263.358,90	263.358,90	263.358,90	1.316.794,51	35%		26,25%
	Total	752.454,00	752.454,00	752.454,00	752.454,00	3.762.270,02	100%		75,00%
Costos de explotación		200.654,40	200.654,40	200.654,40	200.654,40	1.003.272,01			20,00%
		50.163,60	50.163,60	50.163,60	50.163,60	250.818,00			5,00%
Costos de gestión	Total costos	250.818,00	250.818,00	250.818,00	250.818,00	1.254.090,01			25,00%
	Total estrategia	1.003.272,01	1.003.272,01	1.003.272,01	1.003.272,01	5.016.360,03			100,00%

6.2 Plan de financiamiento do plan de acción

Obxectivo estratéxico 1

	Importe			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Financiamento Total	Productivos	Non productivos
Obxectivo estratéxico 1	1.354.417,21	150.490,80	1.504.908,01	90,00%	10,00%
Obxectivo específico 1.1	1.354.417,21	150.490,80	1.504.908,01	90,00%	10,00%
Liña de actuación 1.1.1	1.091.058,31	75.245,40	1.166.303,71	93,55%	6,45%
Liña de actuación 1.1.2	263.358,90	75.245,40	338.604,30	77,78%	22,22%

Obxectivo estratéxico 2

	Importe			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
Obxectivo estratéxico 2	752.454,00	188.113,50	940.567,51	80,00%	20,00%
Obxectivo específico 2.1	75.245,40	37.622,70	112.868,10	66,67%	33,33%
Liña de actuación 2.1.1	75.245,40	37.622,70	112.868,10	66,67%	33,33%
Obxectivo específico 2.2	677.208,60	150.490,80	827.699,40	81,82%	18,18%
Liña de actuación 2.2.1	300.981,60	75.245,40	376.227,00	80,00%	20,00%
Liña de actuación 2.2.2	376.227,00	75.245,40	451.472,40	83,33%	16,67%

Obxectivo estratéxico 3

	Importe			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
Obxectivo estratéxico 3	150.490,80	225.736,20	376.227,00	40,00%	60,00%
Obxectivo específico 3.1	75.245,40	188.113,50	263.358,90	28,57%	71,43%
Liña de actuación 3.1.1	75.245,40	188.113,50	263.358,90	28,57%	71,43%
Obxectivo específico 3.2	75.245,40	37.622,70	112.868,10	66,67%	33,33%

Liña de actuación 3.2.1	75.245,40	37.622,70	112.868,10	66,67%	33,33%
-------------------------	-----------	-----------	------------	--------	--------

Obxectivo estratéxico 4

	Importe			Porcentaxe	
	Produtivos	Non produtivos	Total	Produtivos	Non produtivos
Obxectivo estratéxico 4	188.113,50	188.113,50	376.227,00	50,00%	50,00%
Obxectivo específico 4.1	188.113,50	112.868,10	300.981,60	62,50%	37,50%
Liña de actuación 4.1.1	75.245,40	37.622,70	112.868,10	66,67%	33,33%
Liña de actuación 4.1.2	112.868,10	75.245,40	188.113,50	60,00%	40,00%
Obxectivo específico 4.2	-	75.245,40	75.245,40	0,00%	100,00%
Liña de actuación 4.2.1	-	75.245,40	75.245,40	0,00%	100,00%


Obxectivo estratéxico 5

	Importe			Porcentaxe	
	Produtivos	Non produtivos	Total	Produtivos	Non produtivos
Obxectivo estratéxico 5	0,00	376.227,00	376.227,00	0,00%	100,00%
Obxectivo específico 5.1	0,00	376.227,00	376.227,00	0,00%	100,00%
Liña de actuación 5.1.1	0,00	376.227,00	376.227,00	0,00%	100,00%

Obxectivo estratéxico 6

	Importe			Porcentaxe	
	Produtivos	Non produtivos	Total	Produtivos	Non produtivos
Obxectivo estratéxico 6	0,00	188.113,50	188.113,50	0,00%	100,00%
Obxectivo específico 6.1	0,00	188.113,50	188.113,50	0,00%	100,00%
Liña de actuación 6.1.1	0,00	188.113,50	188.113,50	0,00%	100,00%

7.- CAPACIDADE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL



7.1. Experiencia da asociación en desenvolvemento local participativo

O GALP Ría de Vigo – A Guarda esténdense por un total de 10 concellos adscritos administrativamente a catro comarcas da provincia de Pontevedra: Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Baiona, Oia O Rosal e a Guarda. Neste novo período ten prevista a incorporación do sector pesqueiro do concello de Vigo.

Todos os concellos teñen a característica de definir os límites terrestres das rías de Vigo e Baiona, así como o Baixo Miño.

O Grupo de Acción Local de Pesca do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda constituíuse o 9 de outubro de 2009.

O número de socios variou ao longo do tempo, chegando a ser 51 socios, que se distribúen en diferentes mesas sectoriais:

- Mesa de organizacións profesionais do sector pesqueiro
- Mesa institucional
- Mesa económica
- Mesa sociocultural
- Mesa da muller

Desde a súa constitución ata a actualidade tramitou un total de 122 proxectos, tanto produtivos como non produtivos.

O GALP realizou numerosas actividades de difusión e sensibilización:

- Xornadas de sensibilización medioambiental entre as que destacan as limpezas submarinas dos portos pesqueiros (A Guarda, Baiona, Nigrán, Cesantes, Cangas, Meira).
- Xornadas de difusión da riqueza patrimonial da nosa zona, entre as que destacan o documental sobre a carpintería de ribeira e a recompilación de tradición oral mariñeira desde Aldán ata a Guarda. Tamén se realizou unha recompilación de receitas tradicionais da nosa zona.
- Xornadas sobre a muller: Documental, publicación e material fotográfico “Un mar de mulleres” no que se visibiliza o papel da muller na nosa zona. Tamén realizouse a campaña en contra da violencia de xénero, consistente nunha representación teatral en cada un dos concellos do GALP 7 e un concurso fotográfico sobre a igualdade. Tamén se realizou unha recompilación de receitas tradicionais da nosa zona, elaboradas por mulleres relacionadas co mundo do mar (redeiras, mariscadoras, pescadoras ...)
- Participación xunto cos demais GALPs galegos na creación do club de turismo mariñeiro “Mar Galaica Galicia” e na campaña “Come o mar” durante os anos 2013, 2014 e 2015.
- Realización de intercambios de experiencias con outros FLAGs. O GALP visitou os FLAGs de Bretaña francesa, Tenerife, Cádiz Estrecho Recibiuse a visita de FLAGs de Bretaña francesa, Letonia, Estonia, Bulgaria, Romanía, Portugal ...

O GALP forma parte da “Red española de grupos de pesca”, da “Red española de mujeres en el sector pesquero” e de FARNET.

7.2 Consignar os espazos de traballo, dotación e equipamentos.

O GALP Ría de Vigo – A Guarda ten a súa sede no inmovible situado en Ventura Misa, 19 no concello de Baiona. Trátase dun concello céntrico dentro do ámbito de actuación, feito que facilita aos promotores a súa atención en persoa na oficina.

O local dispón de mesa de reunións e cadeiras. Nese espazo habitualmente realízanse as reunións da Xunta Directiva.

A oficina dispón de mesas de traballo, cadeiras, dous ordenadores de sobremesa, ordenador portátil, teléfono móbil, teléfono fixo, escaner- fax, fotocopiadora, cañón proxector, cámara fotográfica, armarios, etc.

Dispónse de dúas pequenas habitacións para almacenaxe de material.

7.3. Recursos humanos e técnicos: Organigrama. Descrición do equipo técnico e xustificación do mesmo en función das características da zona pesqueira, do orzamento e outros factores específicos. Funcións do persoal contratado. Procedemento para a contratación do persoal do equipo técnico baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrencia, capacidade, experiencia e non discriminación

O equipo técnico para o Grupo de Acción Local do sector pesqueiro está dimensionado en función do ámbito territorial do GALP (10 concellos e o sector pesqueiro de Vigo) e poboación da zona de actuación (145.558 habitantes).

O número de persoas contratadas que conforman o equipo técnico e a súa cualificación son a seguintes:

- Xerente: unha persoa que ocupe o posto de xerente, que se encargará de dirixir e coordinar ao resto do equipo técnico. Responsable de dinamización e xestión dos expedientes de subvencións enmarcados no FEMP. Responsable da consecución dos obxectivos marcados polos órganos de decisión do GALP para o desenvolvemento da EDLP. Informa e presta asesoramento técnico a emprendedores e empresas. Asesora sobre as necesidades de financiamento de proxectos enmarcados no FEMP. Capta e canaliza iniciativas de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos. Dinamiza colectivos para a posta en marcha de proxectos en común. Responsable do seguimento e avaliación da EDLP.
Requisitos: Licenciado/a universitario. Ter experiencia profesional acreditada en desenvolvemento local participativo. Dedicación exclusiva ao GALP
- Persoal técnico - administrativo: Asesora a promotores dende o primeiro contacto co GALP. Leva a cabo dinamización e xestión de proxectos. Acompañamento e seguimento do promotor tras a posta en funcionamento da actividade e control das obrigas e compromisos do beneficiario.

Requisitos: Ter experiencia profesional acreditada en desenvolvemento local participativo.

Neste apartado comentaremos de maneira sucinta cal é o organigrama de funcionamento do Grupo de Acción Local de Pesca do Sector Pesqueiro e cales son as funcións asignadas aos órganos de xestión.

O Grupo de Acción Local de Pesca do Sector Pesqueiro presenta un modelo organizativo dual, no que se diferencia entre os órganos sociais e os órganos de xestión. Dentro dos órganos sociais temos a Asemblea Xeral, A Xunta Directiva e os cargos de presidencia, vicepresidencia, secretaría e tesourería. Os órganos sociais son os órganos soberanos para a toma de decisións sobre as cuestións relacionadas coa boa marcha da organización e cumprimento dos seus fins. Tamén cómpre diferenciar entre os mesmos, tendo como referencia as súas diferentes atribucións segundo o marco estatutario, a seguinte clasificación:

1. Órganos de carácter directivo: a asemblea, a xunta directiva, o presidente e o vicepresidente
2. Órganos de carácter administrativo: a secretaría e a tesourería

No que se refire aos órganos sociais, veñen recollidos no artigo 5 da orde de constitución dos GALP, no seu punto segundo cláusula terceira, onde se indica que contará cunha presidencia e unha xunta directiva. Esta estrutura de órganos, no momento da constitución do GALP, conta con diferentes alternativas de opinión, relativas principalmente á estrutura representativa nas diferentes mesas sectoriais.

No que respecta aos órganos de xestión, o Convenio de colaboración entre a Consellería e o GALP, establece na súa cláusula decimo sétima que contará como mínimo coa figura dunha persoa na área xerencial, se ben non se desenvolve máis a estrutura

O GALP conta con dous postos de traballo asignados á área de xestión, que corresponden á xerencia e á administración. O procedemento de contratación está regulado nomeándose unha comisión que será a encargada da selección dos postos. Para o apoio nas labores de captación de candidatos cóntase co apoio dunha asistencia técnica. As bases de contratación serán debatidas abordando modificacións en diferentes aspectos relacionados co perfil dos candidatos. A contratación do equipo realízase en novembro do ano 2009.

En relación á estrutura de tarefas do equipo establécese un plan de traballo no que se contemplan funcións relacionadas coa posta en funcionamento da oficina do GALP, a formación do persoal, a condución da estrutura de mesas de traballo, o deseño de actividades de dinamización.

Da información cualitativa podemos comentar que a coordinación do GALP, a supervisión dos proxectos e a planificación de actuacións centradas na sensibilización e dinamización do GALP recaen fundamentalmente na área xerencial, mentres que as labores do procedemento de xestión dos proxectos recaen na área administrativa. Na realización cotiá das actividades, coméntase o peso importante das convocatorias de axuda na realización das tarefas ordinarias do Grupo.

Outro elemento de análise son as asistencias técnicas de carácter externo noutras actividades diferentes ás anteriormente comentadas. Para os traballos de asesoramento en materia laboral, fiscal e contable cóntase con asistencias técnicas. Sucede o mesmo no que respecta a asistencia de auditores externos para o control da execución orzamentaria do Grupo e dos proxectos presentados ás convocatorias de axudas, contratación esta que se realiza mediante un procedemento pautado e público. Isto é o que no correspondente convenio se describe coma xestión indirecta.

Cadro de valoración do posto:


Posto	Cotizacións á seguridade social (a cargo do empregador)	Custo total anual (a cargo do empregador)	Retribucións anuais (incluídas as pagas extraordinarias)
Xerente	10.489,56	43.737,12	33.247,56
Técnico Administrativo	6.387,72	26.634,12	20246,4
Total	16.877,28	70.371,24	53.493,96

O GALP deberá contar co persoal necesario para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora e deberá ter como mínimo unha persoa encargada da xerencia.

O equipo técnico do GALP está constituído por xerente e persoal técnico-administrativo.

A selección do persoal do GALP deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumprir os seguintes requisitos:

- a) Publicación dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona pesqueira ou na provincia ou provincias, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web que estableza a Consellería do Mar, para o cal lle enviará unha comunicación do anuncio.
- b) Apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de solicitudes, que empezará a contar desde a última publicación nos medios indicados na letra anterior.
- c) Realización dun procedemento de selección que garanta os coñecementos do persoal.
- d) Comunicación á Consellería do Mar do resultado do proceso de selección.



7.4 Capacidade administrativa e financeira do grupo para xestionar e implementar a estratexia. Cualificación do persoal responsable da administración e do control financeiro. Funcións e responsabilidades do equipo xestor

As características dos postos de traballo da persoas do GALP serán as seguintes:

- a) Xerente, que é o máximo responsable técnico do programa, con titulación mínima de licenciado ou graduado universitario ou equivalente.

O/a xerente terá dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional

b) Persoal administrativo: título de bachelarelato ou equivalente.

O réxime de contratación do persoal do GALP será laboral e polo tanto seranlle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.

O persoal fará unha declaración na que conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.

O/a xerente fará unha declaración na que conste que ten dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.

Funcións e responsabilidades do posto de xerente:

- As tarefas de representación técnica do GALP
 - Coordinación e organización das tarefas a realizar dentro do Programa e en relación ao persoal da oficina.
 - Responsabilidade da execución do Programa e dos acordos dos órganos de goberno do GALP.
 - Sinatura dos documentos que esixan ser refrendados pola persoa coa responsabilidade da xestión técnica.
 - Garantir o funcionamento legal, económico e administrativo do GALP.
 - Executar baixo a dirección do Presidente todos os acordos dos órganos de goberno do GALP.
 - Promover, orientar e executar as iniciativas locais de desenvolvemento propóndoas a Xunta Directiva do GALP a través do seu Presidente.
 - A xestión ordinaria do programa conforme ás directrices establecidas pola Xunta Directiva e a execución dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.
 - Colaborar co Presidente da Asociación para os temas a tratar nos órganos de goberno da mesma.
 - Asistir con voz pero sen voto ás sesións ordinarias e extraordinarias dos órganos de goberno da Asociación, así como ás mesas sectoriais cando sexa requerido pola Xunta Directiva.
 - Estudar e presentar proxectos que sexan capaces de involucrar aos distintos axentes socioeconómicos do territorio
- Promocionar a vida asociativa nos distintos ámbitos sectoriais, así como promover e coordinar iniciativas e accións de animación sociocultural e de participación social que poidan contribuír ao desenvolvemento do territorio.
- Informar sobre axudas e subvencións promovidas por distintos organismos públicos (local, autonómico, estatal e comunitario) e privados que sexan de carácter de desenvolvemento local e de mellora do funcionamento da oficina.
 - Custodiar a documentación da Asociación (propia e referente aos expedientes das axudas).
 - Colaborar co Secretario da Asociación e coas mesas sectoriais para a confección das actas correspondentes.

Funcións e responsabilidades do persoal técnico – administrativo:

- Atención, información e asesoramento a promotores para a posta en marcha de proxectos que sexan susceptibles de acadar axudas.
- Atención, información e asesoramento para que cada iniciativa presentada polos promotores se encadre correctamente nas liñas de financiamento dos GALP.
- Valoración e información aos promotores para que os proxectos presentados e a documentación que teñan que acompañar cumpran os requisitos e os criterios esixidos pola Asociación.
- Asistir ás reunións ordinarias e extraordinarias dos órganos de goberno da Asociación, así como as mesas sectoriais, cando o requira a Xunta Directiva.
- Fomentar, organizar e participar en congresos, xornadas, cursos e outros foros que traten de temas de desenvolvemento local.
- Levar a xestión de todas as obrigas fiscais.
- Control diario do rexistro de entradas e saídas da documentación interna e externa da Asociación.
- Colaborar coa Xerencia nas tarefas de promoción, captación, animación e impulso de proxectos de investimento, así como na vertebración do tecido asociativo do territorio.
- Atención ás demandas de información dos promotores e recepción das chamadas telefónicas.
- Calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polos órganos de goberno da Asociación.

8.- DISPOSICIONES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



8.1 Xestión interna do GALP

8.1.1. Procedementos de traballo e toma de decisións: requisitos e procedementos para a adquisición e perda da condición de asociados, dereitos e obrigas dos socios, mecanismos de participación dos asociados, incluíndo mulleres e mocidade, funcións da asemblea xeral e xunta directiva, convocatorias, dereitos de voto, maiorías, delegacións, procedementos de toma de decisións, grupos de traballo, etc..).

Adquisición de condición de asociado

O GALP estará integrado por un conxunto equilibrado e representativo das entidades dos diferentes sectores: pesqueiro, social, económico e público, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Rexerá o principio de portas abertas de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben deberá solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido á Presidencia no que manifieste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa constitución dos fins estatutarios. Debe achegar ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación.

Cando unha entidade solicite a entrada no GALP, una vez constituída esta, deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación. Se un candidato a ser asociado non ten o seu domicilio social no ámbito de actuación do GALP, deberá demostrar, a través dunha memoria, que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo, ademais de acreditar un ano de actividade no ámbito territorial do GALP.

A entidade dirixirá unha solicitude á presidencia do GALP e este a trasladará á Xunta Directiva, que deberá resolver na primeira reunión que se celebre adscribindo a unha das mesas sectoriais segundo o seu interese preferente.

A decisión da Xunta Directiva de inclusión dun novo socio, deberá ser ratificada na primeira xuntanza da Asemblea Xeral que se celebre.

En caso de non admisión pola Xunta Directiva, o/a solicitante pode recorrer ante a próxima Asemblea Xeral. Neste suposto, devandito recurso será incorporado de xeito automático como punto da orde do día na primeira sesión que celebre a Asemblea Xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Perda da condición de asociado

1.- Perderase a condición de entidade asociada ao GALP:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, o que deberá solicitar por escrito.
- b) Por sanción imposta pola Xunta Directiva, debido ao incumprimento das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito pola Xunta Directiva e contra o mesmo, caberá recurso perante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- c) Por perda da representatividade ou dos requisitos necesarios para a condición de asociado.
- d) Por extinción da persoa xurídica.

2.- O acordo de expulsión, adoptado pola Xunta Directiva previa audiencia do asociado, notificaráselle por escrito e contra o mesmo caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre. De ratificarse o acordo de expulsión pola Asemblea Xeral, a persoa interesada poderá recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3.- A baixa por calquera motivo do GALP, non exime ao asociado de satisfacer as e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Dereitos dos asociados

As entidades asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
- b) Participar con voz e voto nas mesas sectoriais.
- c) Elixir, e ser elixidos, como representantes ou cargos, da súa mesa sectorial, e da Xunta Directiva.
- d) Solicitar, e obter, información sobre calquera aspecto da marcha do GALP que poida ser de interese para o mesmo.
- e) Participar nas actividades do GALP. Para isto cómpre estar ao corrente no pagamento das cotas establecidas e non ter débedas pendentes co GALP.
- f) Os demais que resulten das normas legais e dos Estatutos do GALP, do regulamento de orde interna ou ben dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

Obrigas dos asociados

As entidades asociadas teñen as seguintes obrigas:

- Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados nas Asembleas Xerais e outros órganos de goberno.
- Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes aos devanditos cargos.
- Desembolsar as cotas de entrada e periódicas que acorde o órgano competente.
- Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, a súa mesa sectorial ou as Comisións que puideran crearse.
- Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teña interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consaguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- Fomentar os obxectivos que promove o GALP.

Órganos de consulta e de goberno do GALP

O GALP de ampla base democrática, rexerese polo sistema de autogoberno e polo principio de representación, a través dos órganos de consulta e de goberno seguintes:

- Mesas Sectoriais, órganos de consulta que serán a base de participación e difusión da información para as entidades que operen no territorio.
- Asemblea Xeral, órgano supremo de goberno.
- Xunta Directiva, órgano de goberno.

Mesas sectoriais

As entidades asociadas ao GALP terán unha das súas canles de participación a través das distintas mesas sectoriais que constituirán a base de participación e difusión da información das entidades que operan no territorio.

1.- As Mesas Sectoriais teñen como finalidade dinamizar sectorialmente aos actores locais implicados no desenvolvemento do territorio, así como servir de canle informativa das actividades do GALP.

2.- As entidades asociadas ao GALP estrutúranse nas mesas organizadas en torno os ámbitos seguintes:

- Mesa de organizacións profesionais do sector produtivo: integrada por todas as organizacións profesionais que teñan actividade pesqueira, marisqueira, acuícola ou calquera outra relacionada, no territorio, aínda que a súa sede radique fóra do territorio do GALP, que previa solicitude e de acordo sexan admitidas.

- Mesa do sector público: Integrada polas distintas administracións públicas e entidades públicas e outras de dereito público implicadas no desenvolvemento do territorio

- Mesa de desenvolvemento económico: Integrada por todas as asociacións interesadas, que previa solicitude e de acordo co establecido sexan admitidas, e que teñan como obxectivo a activación dos recursos económicos do territorio. Entrarían neste apartado as asociacións de empresarios, asociacións profesionais e sindicatos, agás as relacionadas co sector pesqueiro e marisqueiro.

- Mesa do sector social: Integrada por todas as asociacións interesadas, que previa solicitude e de acordo co establecido sexan admitidas, e que teñan como obxectivo difundir a cultura e/ou impulsar accións sociais neste ámbito de actuación. Entrarían neste apartado as asociacións de mulleres, veciñais, xuvenís, culturais, recreativas, deportivas, sociais, asistenciais ou análogas, así como as entidades e organizacións sociais, asociacións ecoloxistas, ou análogas que contén coa defensa do medio ambiente entre os seus obxectivos.

Cada entidade asociada pertencente ao GALP necesariamente deberá adherirse a algunha destas mesas. Poderán participar asociacións de ámbito suprazonal sempre que non existan entidades da mesma natureza a nivel zonal e xustifiquen a súa actividade no territorio do GALP.

3.- As mesas sectoriais teñen por función elaborar informes sobre a inxerencias, opinións e propostas dos colectivos presentes nelas, facer consultas ou propostas daqueles temas que vaian ser sometidos aos órganos de goberno do GALP, Asemblea Xeral ou Xunta Directiva; asesorando á Xunta Directiva sobre a problemática do sector ó que representan e sobre as actuacións de mellora, proxectos e iniciativas que se podan enunciar, e servirán de canle informativo das actividades do GALP.

De cada unha das sesións da mesa sectorial con acordos que vaian sometidos a decisión da Asemblea Xeral elevarase unha acta na que se establecerán sucintamente os acordos adoptados, a que quedará baixo a custodia da Secretaría da correspondente mesa sectorial e a disposición de calquera asociado ou órgano da asociación. Será obrigatorio que se deposite unha copia de cada acta da Mesa na sede da Asociación para que estea a disposición da Presidencia e da Secretaría do GALP para informar aos membros da Xunta Directiva.

4.- As Mesas Sectoriais reuniranse como mínimo unha vez ao ano, antes da Asemblea Xeral, ou tantas veces como o estime a Presidencia da Mesa ou cando o soliciten as dúas terceiras partes dos adscritos a esa Mesa.

Cada Mesa terá como mínimo un representante que ocupará a Presidencia, e si o número de entidades que constitúen a mesa o permite, contará con Secretaria e as Vogalías que se estipulen nos Estatutos ou no Regulamento de Réxime Interno.

Os representantes das Mesas serán elixidos por maioría simple e renovados ao mesmo tempo que a Xunta Directiva.

Todos os cargos serán elixidos de forma institucional, é dicir, o cargo recaerá sempre sobre a persoa que represente á entidade interesada.

Se se producise unha vacante dos cargos nunha mesa sectorial, esta cubriríase na primeira xuntanza da mesma. Se a vacante cuberta fora a dalgún membro da Xunta Directiva, o representante elixido será membro de pleno dereito unha vez refrendado na vindeira Asemblea Xeral.

Se ademais, o novo representante elixido ven a substituír a persoa que ocupa a Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría ou Tesourería, a Xunta Directiva, na súa primeira xuntanza, deberá ratificalo no seu cargo, ou elixir a un novo representante para cubri-lo.

Asemblea Xeral.

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do GALP e estará integrada por todas as persoas representantes das entidades que se atopen en pleno uso dos seus dereitos sociais.
2. Todos os membros efectivos teñen dereito a voz e voto.
3. Elixirá aos membros da Xunta Directiva por un período de catro anos, que poderá prorrogarse, e ratificará aos cargos directivos.
4. As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.
5. A Asemblea Xeral ordinaria reunirse unha vez ao ano dentro dos tres primeiros meses do ano.
6. A Asemblea Xeral extraordinaria reunirse tantas veces como sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante convocatoria da Presidencia do GALP.
7. Así mesmo, e con carácter extraordinario, reunirse a Asemblea Xeral cando o solicite, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, un mínimo de entidades asociadas non inferior ao 10%, con expresión detallada das cuestións que deban integrar a orde do día da convocatoria. Recibida esta petición pola Presidencia, e dentro dos 15 días naturais seguintes, procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral.
8. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representadas, a maioría absoluta das entidades asociadas. En segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora, o quórum será cos asociados presentes.
9. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a celebración da reunión da Asemblea Xeral haberán de mediar polo menos 15 días naturais.
10. A convocatoria da Asemblea Xeral será comunicada por escrito, correo electrónico, fax ou por correo postal, a cada unha das persoas representantes das entidades sociais, con expresión detallada da correspondente orde do día.
11. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nun representante do mesmo sector, cada socio só poderá asumir unha delegación de voto.

Funciós da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Coñecer e aprobar, se procedese, a conta xeral de ingresos e gastos anualmente, así como o orzamento anual de gastos e ingresos da entidade para o exercicio seguinte, modificando as cotas e establecendo derramas extraordinarias.
- b) Censurar a xestión da Xunta Directiva, ou dos seus compoñentes.
- c) Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso e periódicas, así como a súa forma de pago.
- d) Aprobación do informe de xestión, plan de actividades e regulamento interno.
- e) A admisión de novas entidades asociadas ao GALP.
- f) A aprobación da creación ou fusión das mesas sectoriais, sempre que correspondan a un mesmo sector.
- g) Aprobación dos gastos derivados das funcións dos membros da Xunta Directiva.

Funciós da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) A solicitude de declaración de utilidade pública.
- b) A elección ou cese da Xunta Directiva e a ratificación dos cargos.
- c) A disposición ou alleamento dos bens do GALP.

- d) A constitución dunha federación ou a integración nela, se xa existise.
- e) A modificación dos presentes estatutos.
- f) A disolución do GALP, designando aos liquidadores.
- g) Toda as non conferidas expresamente a Asemblea xeral Ordinaria ou as que sendo competencia da mesma, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agarda-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

Acordos da Asemblea Xeral.

1. Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse como regra xeral por maioría simple. A Presidencia do GALP ostenta voto de calidade en caso de empate.
2. O nomeamento das persoas que ostenten o cargo de vogais da Xunta Directiva realizarase a través dos sectores de pertenza. Os vogais de cada sector só poderán ser elixidos polas persoas representantes do respectivo sector na Mesa Sectorial.
3. Requiren o voto dos dous terzos dos membros da Asemblea Xeral os acordos referidos aos artigos 13.1 na letra g), 13.2 nas letras a), b), d), e) e de maioría simple o resto dos acordos.

Xunta Directiva.

A Xunta Directiva asume a dirección da entidade por delegación da Asemblea Xeral. Os seus membros serán propostos polas mesas sectoriais, segundo a representación que lle corresponda, e elixidos pola Asemblea Xeral. Estará integrada polos seguintes cargos:

- PRESIDENCIA
- VICEPRESIDENCIA
- SECRETARÍA
- TESOUREIRÍA
- VOGALÍAS

A Xunta Directiva elixirá entre os seus membros aqueles que ostenten os cargos da Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería que deberán ser propostos á Asemblea Xeral para a súa aprobación, se procede, na seguinte xuntanza.

De non ser ratificados pola Asemblea a Xunta Directiva terá que realizar unha nova proposta, tras a consulta da Asemblea Xeral.

Os cargos exércense a título persoal (non poden ser delegados).

A cota de representación de cada unha das mesas sectoriais na Xunta Directiva será a que se indica a continuación

Compoñentes	Xunta Directiva
Representantes Institucionais	
Mesa do sector público	4
Concellos e outras entidades de carácter público	
Representantes económicos e sociais	
Mesa de desenvolvemento económico	2
Mesa do sector social	2
Mesa de sector produtivo	7

Os membros da Xunta Directiva proporán entre eles aos cargos da mesma mediante acordo adoptado, por maioría absoluta en primeira votación e maioría simple en segunda votación, os cargos serán persoais e cun mandato de 4 anos, esta proposta será elevada á Asemblea Xeral para a súa ratificación.

Todos os cargos da Xunta Directiva son honoríficos e gratuítos. Non se remunerará nin se compensará gasto algún pola asistencia a mesas sectoriais, xuntas directivas ou Asembleas. Só excepcionalmente, poderanse compensar ás asociacións algúns gastos de locomoción por asistencia a Xuntas Directivas, sempre e cando as dispoñibilidades financeiras o permitan. Dita excepcionalidade deberá acordarse por maioría cualificada da Asemblea. En ningún caso se poderá xeneralizar a compensación de gastos de locomoción a todos os membros da mesma.

Poderase crear a figura dun Xerente que se vinculará co GALP a traveso dun contrato laboral. O Xerente será seleccionado segundo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante convocatoria pública. O proceso de selección será aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva. O seu labor consistirá en dinamizar o territorio e impulsar o funcionamento do GALP dentro dos contidos dos acordos adoptados no ámbito das súas competencias.

exercicio dos cargos de Secretaria e Tesourería poderase complementar coa designación de persoal cualificado por parte da Xunta Directiva, creándose así unha estrutura técnica que asesore en tales materias a cada un deles.

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine a Presidencia ou en ausencia deste a Vicepresidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida pola persoa que ostente a Presidencia, na súa ausencia pola Vicepresidencia ou Secretaria.

Para a válida constitución da Xunta Directiva, deberán estar presentes, alomenos dous dos seguintes cargos: Presidencia, Secretaria, Vicepresidencia ou Tesourería.

Para que os acordos da Xunta sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes.

A persoa que represente a Secretaría, ou no seu defecto, a Vicepresidencia, levantará acta das sesións, que se transcribirán ao libro de actas.

Funcións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación do GALP. Serán funcións da Xunta Directiva as seguintes:

- Propoñer a composición de cargos da Xunta Directiva a Asemblea Xeral para a súa aprobación ou rexeitamento.
- Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral ou se poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.
- Promover a administración do GALP de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
- Propor á Asemblea Xeral o nomeamento de socios de honor, así como a admisión, suspensión, expulsión ou baixa dos membros do GALP con suxeición ao previsto nos Estatutos.
- Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
- Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias,

regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.

- Estudo, informe e proposta anual á Asemblea Xeral de:
 - Informe económico-financeiro anual: conta xeral de ingresos e gastos, explicativa da marcha da entidade.
 - Orzamento anual de gastos e ingresos previstos.
 - Memoria e programación anual de actividades.
- Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes das mesas sectoriais, designando comisións de estudo e traballo, se fóra preciso.
- Adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP.
- A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación, aos recollidos no convenio coa Consellería do Mar.
- A avaliación e elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería do Mar
- Contratación do persoal e expedientes de contratación. Para o desenvolvemento destas actuacións a Xunta Directiva poderá constituír mesas de contratación cuxa composición será como mínimo de cinco membros, que deberán formar parte da Xunta Directiva do GALP. Formará parte en todo caso desta mesa a Presidencia do GALP ou Vogal en quen delegue.
- En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos á Asemblea Xeral.

Para o exercicio destas competencias, a Xunta Directiva poderá apoiarse no equipo técnico e de xestión do propio GALP ou solicitar o apoio de expertos/as externos na materia.

Reunións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva reunirse, con carácter ordinario, seis veces ao ano e, con extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos a tratar, o dispoña a Presidencia ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia dos mesmos, agás por causa xustificada.

As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito, con indicación da orde do día. As ordinarias cunha antelación de 78 horas, e as extraordinarias cunha antelación de 24 horas polo procedemento máis axeitado.

Poderán asistir as sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar por escrito:

- noutros membros da Xunta Directiva
- noutro membro dun órgano de goberno da súa propia entidade
- noutro membro da mesa sectorial

(A delegación do voto nun membro da Directiva, non implica a delegación de cargo na mesma).

No proceso de toma de decisións, cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto, tendo a Presidencia o voto calidade. Os acordos adoptaranse por maioría.

No caso de ausencia temporal, xustificada e expresamente comunicada, os cargos serán provisionalmente substituídos nas súas funcións entre os vogais membros da Xunta Directiva, con excepción da sinatura representativa.

O quórum de constitución, en primeira convocatoria, será a maioría simple, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. O quórum de votación necesario para a adopción de acordos válidos será o da maioría simple de asistentes á reunión.

Os mecanismos de participación incluíndo mulleres e mocidade están reflexados no documento de RSC do punto seguinte.

8.1.2. Relación de medidas de RSC que desenvolverá o GALP.

MECANISMOS DE PARTICIPACIÓN DO GALP DIRIXIDO ÁS ENTIDADES SOCIAIS

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

Para convocar reunións consúltase previamente aos socios as datas e horarios mais axeitados. As convocatorias de asembleas xerais comunícanse con 15 días de antelación. As convocatorias de Xunta Directiva como mínimo tres días antes, e as das mesas sectoriais como mínimo con tres días.

A comunicación cos socios realízase por teléfono, contacto directo e correo electrónico. Realízanse frecuentes reunións de traballo e xuntanzas extraordinarias

Actuacións que ten previsto desenvolver

Procurarase agrupar os temas a tratar nas reunións, evitando no posible a acumulación de Xuntas Directivas en períodos moi curtos de tempo. Realización de consultas por correo electrónico, que se ratificarían na seguinte xuntanza

MECANISMOS DE PARTICIPACIÓN DIRIXIDOS AOS GRUPOS DE INTERESE

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

As experiencias e iniciativas de interese son compartidas mediante o uso das redes sociais e correos electrónicos. Tamén se organizan seminarios e xornadas sobre temas de interese: patrimonio, medio ambiente, igualdade, xornadas de presentación de proxectos aprobados. ... Participase en xornadas, congresos, nos que se intercambian opinións, e experiencias cos asistentes.

Actuacións que ten previsto desenvolver

Maior difusión das actividades desenvolvidas polo Grupo. Solicitar aos socios (concellos, confrarías...) que publiquen as axudas na prensa local, radio, redes sociais, etc. Tamén que colaboren na difusión de actividades organizadas polo Grupo.

MECANISMOS PARA O INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS OU DIVULGACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS DE EMPRENDEMENTO E INOVACIÓN

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

O equipo técnico e a xunta directiva do GALP 7 teñen contacto fluído cos demais GALPs galegos, e cos GDRs. Tamén se realizan intercambios de experiencias con outros FLAGS, tanto nacionais como estranxeiros (visita a Países Baixos, Bretaña francesa, Cádiz, Tenerife

...). O GALP 7 foi anfitrión en numerosas ocasións de FLAGS que quixeron coñecer os proxectos financiados no noso territorio (Estonia, Letonia, Bretaña francesa, Romanía, Portugal ...)

Participouse nas actividades organizadas pola “Red Española de Grupos de Pesca”, pola “Red española de mujeres en el sector pesquero” e por FARNET. A información deses encontros transmitiuse aos socios nas reunións celebradas e nos informes realizados.

Asistiuse como expositor a numerosas feiras gastronómicas (Salón de Gourmets, Forum Gastronómico de Girona, de Coruña ..). Nestas feiras deuse a coñecer os nosos produtos e coñecéronse produtos innovadores.

Envíase información sobre axudas e subvencións para o emprendemento por correo electrónico e redes sociais.

Trabállase directamente con axentes públicos e privados especializados (axentes de emprego, asistencia técnica de confrarías)

Participase con demais GALPs galegos en actividades organizadas dentro de Mar Galaica, como a campaña “Come o mar”

Actuacións que ten previsto desenvolver

Participación nas actividades organizada por FARNET, “Red española de grupos de pesca”, “Red española de mujeres en el sector pesquero”. Participación en feiras gastronómicas.

Participación na campaña “Come o mar” de Mar Galaica

MECANISMOS PARA A DIFUSIÓN DE INICIATIVAS INOVADORAS QUE TEÑEN LUGAR NO TERRITORIO

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

A difusión de iniciativas innovadoras do territorio realízase mediante correo electrónico, redes sociais, xornadas de presentación de proxectos aprobados pola Consellería, notas de prensa.

Moitos proxectos aprobados son visitados por delegacións de FLAGS doutros países (Romanía, Letonia, Estonia, Bretaña francesa ...). As actividades realizadas polo GALP son comunicadas á prensa local. Participouse en programas de televisión (“Vivilo mar”), radio Vigo – Cadena Ser (“La guía gastronómica”) ...

Actuacións que ten previsto desenvolver

Asistencia a xornadas, visitas de estudo, apoio a lanzamento de produtos.

ACCIONS EMPRENDIDAS PARA A DIFUSIÓN E PRESERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

Contacto e apoio ás actividades deseñadas por colectivos (asociacións medioambientais, asociacións culturais, deportivas ...)

Na mesa sociocultural do GALP 7 realízanse propostas para a promoción do patrimonio. Elaborouse un documental sobre carpintería de ribeira, deseñáronse paneis informativos sobre patrimonio, recuperouse a tradición oral desde Aldán ata a Guarda, realizáronse xornadas sobre o patrimonio ...

Na mesa medioambiental do GALP 7 propuxéronse accións como a limpeza submariña dos portos, elaboración de paneis informativos sobre residuos, contaminación, especies ameazadas. Realizáronse tamén xornadas sobre problemática ambiental na ría de Vigo, sustentabilidade do fondo mariño, custodia do territorio, turismo e voluntariado ...

Esta información divulgouse na web www.accioncosteira.es/, nas redes sociais, en notas de prensa e mediante correo electrónico.

Actuacións que ten previsto desenvolver

Entre as actuacións pendentes de desenvolver está a recompilación de receitas tradicionais da zona a base de peixe e marisco, elaboradas polas mulleres mariscadoras, redeiras, etc. Tamén está prevista a realización dun concurso fotográfico sobre o mar, e xornadas de sensibilización medioambiental con limpeza de zonas costeiras.

ACCIÓNS PARA A INCORPORACIÓN DE NOVOS SOCIOS AO GALP.

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

Reunións con posibles novos socios, invitación a actividades de sensibilización (xornadas), nas que se explica o funcionamento do GALP, deseño de material de divulgación do GALP, recollida de propostas e debates nos contactos ou reunións informais.

Actuacións que ten previsto desenvolver

Desenvolvemento de asembleas mais dinámicas e participativas. Cesión de exposicións de patrimonio, medio ambiente, muller a diferentes asociacións da zona para que coñezan ao Grupo e que formen parte da entidade.

ACCIÓNS PARA FAVORECER A CAPACITACIÓN DAS PERSOAS QUE CONFORMAN A XUNTA DIRECTIVA

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

Seguimento de entidades e dos cursos que ofertan. Formación ás redeiras de Cangas e A Guarda. Participación do equipo técnico do GALP en cursos en formato on line. Asistencia a charlas e actos formativos próximos. Posta en valor dos coñecementos aprendidos mediante o envío de informes por correo electrónico

Actuacións que ten previsto desenvolver

Participación en cursos en formato on line. Asistencia a charlas ou actos formativos, coma a Lei de Subvencións, etc.

MECANISMOS PARA FAVORECER O EQUILIBRIO ENTRE HOMES E MULLERES NA XUNTA DIRECTIVA

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

Planificación das xuntanzas para non obstaculizar as responsabilidades persoais (datas e horarios que permitan conciliar a vida familiar e laboral). A linguaxe corporativa non é discriminatoria.

No Plan Estratéxico Zonal visibilizouse o compromiso coa igualdade (criterio excluínse á hora de valorar proxectos). Realizáronse campañas para visibilizar o papel das mulleres (documental, publicación e exposición "Un mar de mulleres"), realizouse unha campaña en contra da violencia de xénero (representación teatral nos dez concellos da zona GALP 7, concurso de fotografía sobre igualdade)

Actuacións que ten previsto desenvolver

Promover a participación equitativa de homes e mulleres: cotas de participación na xunta directiva, para conseguilo recomendarase aos socios que designen a unha muller como representante ante o Grupo.

CRITERIOS DE COMPRA PARA SELECCIONAR OS PROVEDORES DE BENS E SERVIZOS.

Actuacións ven desenvolvendo na actualidade

A nivel ambiental: utilízanse bombillas de baixo consumo, o material de oficina reciclaxe (papel, cartón, tóner de impresora), equipos informáticos con modo de enerxía, etc.

Criterios sociais: fomento da inserción sociolaboral de persoas en situación desfavorecida (mulleres, xuventude e discapacitados).

Actuacións que ten previsto desenvolver

Criterios sociais: apoio á economía social (promoción do cooperativismo, etc)

Criterios éticos: apoio aos produtos/organizacións de comercio xusto, procurárase mercar con empresarios locais, e empresas que garanten transparencia e respecto ao medio ambiente.

Prácticas de participación que o GALP Ría de Vigo – A Guarda ten previsto implementar en caso de aprobarse a EDLP

As principais prácticas de participación consistirán en:

1. Deseño e elaboración de accións de información e divulgación para a sensibilización e activación da participación: publicidade, cartelería, redes sociais e novas tecnoloxías, contactos persoais, medios de comunicación, reunións informativas, etc.
2. Desenvolvemento de actividades de formación e dinamización para o animación da participación na zona: entrevistas, encontros, xornadas, ... entre outras.
3. Desenvolvemento de procesos de participación tanto a nivel plenario (Asembleas) como a nivel de grupos de traballo sectorial (Comisións Sectoriais): Reunións, Foros, por exemplo.
4. Establecemento de dinámicas de seguimento e avaliación para a revisión e adaptación do proceso de participación como da propia estratexia de desenvolvemento sostible da zona costeira: paneis de traballo, reunións da Xunta Directiva e Comisións Sectoriais.

Prácticas de RSC que o GALP Ría de Vigo – A Guarda ten previsto implementar en caso de aprobarse a EDLP.

As principais prácticas de RSC consistirán en:

1. Procurárase agrupar os temas a tratar nas reunións, evitando no posible a acumulación de Xuntas Directivas en períodos moi curtos de tempo. Realización de consultas por correo electrónico, que se ratificarían na seguinte xuntanza
2. Maior difusión das actividades desenvolvidas polo Grupo. Solicitar aos socios (concellos, confrarías...) que publiquen as axudas na prensa local, radio, redes sociais, etc. Tamén que colaboren na difusión de actividades organizadas polo Grupo.
3. Participación nas actividades organizada por FARNET, “Red española de grupos de pesca”, “Red española de mujeres en el sector pesquero”. Participación en feiras gastronómicas. Participación na campaña “Come o mar” de Mar Galaica.
4. Desenvolvemento de asembleas mais dinámicas e participativas. Cesión de exposicións de patrimonio, medio ambiente, muller a diferentes asociacións da zona para que coñezan ao Grupo e que formen parte da entidade.
5. Procurárase agrupar os temas a tratar nas reunións, evitando no posible a acumulación de Xuntas Directivas en períodos moi curtos de tempo. Realización de consultas por correo electrónico, que se ratificarían na seguinte xuntanza
6. Maior difusión das actividades desenvolvidas polo Grupo. Solicitar aos socios (concellos, confrarías...) que publiquen as axudas na prensa local, radio, redes sociais, etc. Tamén que colaboren na difusión de actividades organizadas polo Grupo.
7. Participación nas actividades organizada por FARNET, “Red española de grupos de pesca”, “Red española de mujeres en el sector pesquero”. Participación en

- feiras gastronómicas. Participación na campaña “Come o mar” de Mar Galaica.
8. Desenvolvemento de asembleas mais dinámicas e participativas. Cesión de exposicións de patrimonio, medio ambiente, muller a diferentes asociacións da zona para que coñezan ao Grupo e que formen parte da entidade.
 9. Promover a participación equitativa de homes e mulleres: cotas de participación na xunta directiva, para conseguilo recomendarase aos socios que designen a unha muller como representante ante o Grupo.
 10. Criterios sociais: apoio á economía social (promoción do cooperativismo, etc). Criterios éticos: apoio aos produtos/organizacións de comercio xusto, procurarase mercar con empresarios locais, e empresas que garanten transparencia e respecto ao medio ambiente.

8.2 Procedementos para a xestión do programa de axudas

En relación ós límites cuantitativos de axuda pública, non se establece un importe máximo por proxecto (tanto en produtivos como en non produtivos).

A porcentaxe máxima para proxectos produtivos será do 60 % para proxectos que acaden un mínimo de 70 puntos no baremo. A puntuación mínima para acadar financiación é de 40 puntos. A porcentaxe máxima para proxectos non produtivos é de 100 % para proxectos que acaden un mínimo 80 puntos no baremo. A puntuación mínima para acadar financiación é de 50 puntos.

Esa porcentaxe máxima estará condicionada tamén aos criterios de subvencionalidade establecidos no Regulamento 1303/2013 de disposicións comúns e Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e o Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Para poder ser elixibles os proxectos e actuacións subvencionables deberán poder enmarcarse nos obxectivos da estratexia de desenvolvemento local participativo da Ría de Vigo- A Guarda, e responder a algunha das tipoloxías definidas na referida estratexia.

Os proxectos deberán axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto, ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos, ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón tamén como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.

Para que un proxecto non produtivo sexa susceptible de acadar axuda é imprescindible que demostre a súa viabilidade técnica.

Para que un proxecto produtivo sexa susceptible de acadar axuda é imprescindible que demostre que é viable técnica, financeira e economicamente.

Tal e como se reflexa no diagnóstico, no ámbito do GALP 7 a evolución do paro indica que o impacto da crise foi superior á media galega, pois aquí o número de desempregados inscritos se elevou un 77 % por un 71 % de media en Galicia desde 2007 a 2014.

O sector pesqueiro perde emprego continuado nos últimos anos. O GALP 7 é a área costeira onde a perda de postos de traballo no sector Pesqueiro causada pola longa recesión económica tivo un maior impacto. A perda atinxiu no ano 2014 ó 28 % das afiliacións existentes en 2007

Os obxectivos de emprego dun proxecto local como o GALP son de difícil cuantificación, dado que o emprego depende de variables externas como os tipos de interese, o nivel de renda da economía, a combinación de políticas fiscais, monetarias, regulamentacións sectoriais, etc.

A estratexia ten en conta o emprego dende dúas vertentes:

- 1.- Consolidación
- 2.- Creación

1.- Consolidación.- No contexto actual de crise nacional e internacional con forte impacto negativo nos niveis de emprego, é fundamental consolidar os postos de traballo en sectores como a pesca artesanal que depende do aproveitamento dos recursos locais.

Actividades como o marisqueo, onde se incorporaron moitas mulleres na última década, é moi sensible ás variacións nos niveis de renda. Igual que sectores de incipiente profesionalización coma o caso das redeiras.

Consolidar estes empregos debe ser un obxectivo principal da estratexia.

2.- Creación.- A creación de emprego no sector pesqueiro é moi difícil, dada a tendencia do sector e as normativas para a redución de flota e abandono de actividade.

Hai espazo para a incorporación da muller, para servizos auxiliares, comercialización transformación de novos produtos e subprodutos, e tamén para a profesionalización de sectores de economía mergullada, como as redeiras.

A estratexia pode influír na creación de emprego, por exemplo mediante proxectos que melloren os procesos colectivos de comercialización dos produtos

primarios, por proxectos de recuperación patrimonial que conleven o desenvolvemento de actividades turísticas e formativas durante bastantes meses do ano, ou por proxectos que crean actividades de diversificación como establecementos de aloxamento turístico singulares, entre outros.

Favorecerase a presentación de proxectos nos que participen varias entidades. Tamén se favorecerá o aproveitamento de recursos endóxeos e a innovación.

Os proxectos que favorezan a igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión de colectivos desfavorecidos ou mozos son apoiados.

Na estratexia favorecerase a presentación de proxectos que teñan en conta a incidencia medioambiental e o uso de novas tecnoloxías da información e comunicación.

Por último incentívase a colaboración con entidades de investigación e innovación.

Relación entre puntuación obtida no baremo e porcentaxe de axuda:

Puntuación	Proxectos produtivos
<40 puntos	0% de axuda
De 40 a <50 puntos	40 % de axuda
De 50 a <60 puntos	45 % de axuda
De 60 a <70 puntos	50 % de axuda
= ou >70 puntos	60 % de axuda

Puntuación	Proxectos non produtivos
<50 puntos	0% de axuda
De 50 a <60 puntos	80 % de axuda
De 60 a <70 puntos	86 % de axuda
De 70 a <80 puntos	93 % de axuda
= ou >80 puntos	100 % de axuda

A) Baremo para PROXECTOS PRODUTIVOS.

1. Características do promotor do proxecto.

Máximo 15 puntos

Puntuación	Pertenza ao sector da pesca
0	Non pertence
5	Si pertence

Puntuación	Tipo de promotor
0	Entidade privada individual
5	Colectividade formada por varias entidades

Puntuación	Perfís (*)
5	Muller.
5	Mozo (menos de 35 anos).
5	Discapacitado.

(*) Deberase xustificar adecuadamente a inclusión destes colectivos nos seus órganos de xestión, de goberno ou asociados. Puntuación máxima neste apartado de 5 puntos.

2. Impacto sobre o territorio.

Máximo 10 puntos

2.1. Aproveitamento de recursos endóxenos da zona (máximo 5 puntos).

Puntuación	Aproveitamento de recursos endóxenos
0	A actividade produtiva non aproveita ningún recurso endógeno
2	A actividade produtiva depende parcialmente dos recursos endóxenos (transformación ou comercialización de producións autóctonas e combinación con produtos doutros territorios).
5	A actividade produtiva depende directamente dos recursos endóxenos do seu/s concello/s (aproveitamento da terra, do paisaxe, transformación ou comercialización de producións autóctonas, etc.).

2.2. Orixe dos provedores principais (máximo 2 puntos).

Puntuación	Orixe
0	O promotor non identifica axeitadamente a orixe dos seus produtos, ou facéndoo, valórase que principalmente se nutre no exterior do territorio GALP Ría de Vigo– A Guarda
2	O promotor identifica aos seus provedores, e valórase que principalmente se nutre no interior do territorio GALP Ría de Vigo– A Guarda

2.3. Capacidade para favorecer outros sectores económicos ou empresas da zona (máximo 3 puntos).

Puntuación	Capacidade motora
0	Non é posible identificar outros sectores ou empresas do territorio GALP Ría de Vigo - A Guarda favorecidas coa implementación do proxecto.
3	Si é posible identificar de xeitos xenérico outros sectores ou empresas do territorio GALP Ría de Vigo – A Guarda favorecidas coa implementación do proxecto.

3. Innovación.

Máximo 10 puntos

Entendida non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.

4. Igualdade de oportunidades e perspectiva de xénero

Máximo 15 puntos

Puntuación	Perfís (*)
0	Proxectos que non favorezan a igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mozos.
5	Proxectos que favorezan a igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mozos.

5. Perspectiva de xénero. **CRITERIO EXCLUINTE** (é preciso conseguir como mínimo cinco puntos neste apartado para tramitar o proxecto)

Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Preguntas	
Téñense en conta as diferenzas de partida entre mulleres e homes á hora de elaborar o proxecto (diagnóstico).	1
Se existen diferenzas de partida entre homes e mulleres, establécense accións positivas	1
Foméntase a presenza de mulleres en actividades consideradas tradicionalmente como masculinas.	1
Foméntase a presenza de homes en actividades tradicionalmente consideradas como femininas	1
No proxecto desagregáanse os datos tendo en conta a variable sexo	1
Os proxectos que impliquen contratación de persoas traballadoras establecen unha porcentaxe de contratación de mulleres (non inferior ao 40%).	1
Na elaboración dos proxectos e memorias utilízase termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero: linguaxe non sexista	1
Na avaliación proposta no proxecto intégranse indicadores de xénero	1
Tódolos materiais, imaxes e documentación evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller, e deberán fomentar valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.	1
A entidade promotora estableceu medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas usuarias ou beneficiarias e/ou das persoas contratadas para prestar a actividade obxecto da subvención.	1
TOTAL	10

6. Incidencia medioambiental.**Máximo 10 puntos**

Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Dimensións / preguntas	Ata
Valoración dos efectos ambientais positivos, Auga	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, residuos	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, atmosfera	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, hábitat natural	5
Valoración dos efectos ambientais positivos en Espazos Rede Natura	5
Valoración dos efectos ambientais positivos en Especies Ameazadas (*)	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, paisaxe	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, son	3
Valoración dos efectos ambientais positivos, enerxía	2
TOTAL	40

(*) Especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007)

Puntuación segundo puntuación acadada na batería de preguntas medioambientais	
Puntuación	Valoración efectos ambientais
0 puntos	< 10 puntos
5 puntos	Entre 10 e 14
7 puntos	Entre 15 e 24
10 puntos	>25

7. Adecuación coa estratexia de desenvolvemento local**Máximo 10 puntos**

Puntuación	Tipo de proxecto
6	Proxecto vinculado co aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental ou cultural.
8	Proxecto vinculado coa creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local.
10	Proxecto vinculado coa mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción da mocidade.

8. Uso da Novas tecnoloxías da información.**Máximo 5 puntos**

Puntuación	Tipo de promotor
0	Proxecto que non incorpora ou non incentiva o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
5	Proxecto que incorpora ou incentiva o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

9. Creación e/ou mantemento do emprego.
(aínda co conxunto dos criterios poderían sumar 30).

Máximo 25 puntos.

8.1 Creación neta de emprego (máximo 10 puntos).

Puntuación	Creación neta de emprego
5	Creación 1 emprego
6	Creación 2 empregos.
7	Creación de 3 empregos.
8	Creación de 4 empregos.
10	Creación de 5 ou máis empregos.

8.2 Consolidación ou mellora do emprego existente (máximo 10 puntos).

Puntuación	Consolidación ou mellora
5	Proxecto que mantén un volume de emprego igual ou inferior a 5 traballadores.
8	Proxecto que mantén volume de emprego entre 5 e 10 traballadores
10	Proxecto que un mantén volume de emprego de máis de 10 traballadores.
<i>2 puntos máis</i>	<i>Nos supostos anteriores se engadirá 2 puntos máis por mellora no tipo de contratos</i>

8.3 Incidencia do emprego neto creado en colectivos desfavorecidos (máximo 10 puntos).

Puntuación	Incidencia en colectivos desfavorecidos
5	Algunha das contratacións favorece a colectivos desfavorecidos, pero supoñen menos do 50% da creación neta total.
8	Entre o 50 e o 80% das contratacións favorecen a colectivos desfavorecidos.
10	Entre o 80 e o 100% das contratacións favorecen a colectivos desfavorecidos.

8.4 Emprego creado por axuda solicitada (máximo 5 puntos).

Puntuación	Empregos creados por 50.000 € de axuda
2	1 emprego por 50.000 €
4	2 empregos por 50.000 €
5	3 empregos ou máis por 50.000 €
Puntuación	Empregos creados por 50.000 € de axuda

B) Baremo para PROXECTOS NON PRODUTIVOS.

1. Viabilidade técnica do proxecto. **Máximo 10 puntos**

2. Características do promotor do proxecto. **Máximo 10 puntos**

Puntuación	Tipo de promotor
0	Unha entidade sen ánimo de lucro ou entidade pública
10	Colectividade formada por varias entidades sen ánimo de lucro ou entidades públicas

3. Impacto sobre o territorio. **Máximo 15 puntos**

(Ainda que o conxunto de criterios poden sumar 20)

3.1. Aproveitamento de recursos endóxeos da zona (máximo 10 puntos).

Puntuación	Aproveitamento de recursos endóxeos
0	A actividade non aproveita ningún recurso endóxico
5	A actividade depende parcialmente dos recursos endóxeos
10	A actividade depende directamente dos recursos endóxeos do territorio GALP Ría de Vigo – A Guarda.

3.2. Capacidade favorecer os sectores económicos da zona (máximo 10 puntos).

Puntuación	Capacidade motora
0	Non é posible identificar outros sectores ou empresas do territorio GALP Ría de Vigo– A Guarda favorecidos coa implementación do proxecto.
5	Si é posible identificar de xeito xenérico os sectores do territorio GALP Ría de Vigo– A Guarda favorecidos coa implementación do proxecto.
10	Si é posible identificar claramente os sectores do do territorio GALP Ría de Vigo– A Guarda favorecidos coa implementación do proxecto.

4. Innovación. **Máximo 5 puntos**

Entendida non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.

5. Igualdade de oportunidades e perspectiva de xénero **Máximo 15 puntos**
(aínda co conxunto dos criterios poderían sumar 19).

Puntuación	Perfís (*)
3	Muller.
3	Mozo (menos de 35 anos).
3	Discapacitado.

(*) No caso de que o promotor sexa unha entidade xurídica empresarial, bastará que un dos titulares cumpra o perfil.
(*) No caso de que o promotor sexa unha entidade xurídica asociativa (sen lucro), bastará que un dos membros da Xunta Directiva, ou órgano similar (diferente da Asemblea) cumpra o perfil.

Perspectiva de xénero. **CRITERIO EXCLUINTE** (é preciso conseguir como mínimo cinco puntos neste apartado para tramitar o proxecto)

Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Preguntas	Ata
Téñense en conta as diferenzas de partida entre mulleres e homes á hora de elaborar o proxecto (diagnóstico).	1
Se existen diferenzas de partida entre homes e mulleres, establécense accións positivas	1
Foméntase a presenza de mulleres en actividades consideradas tradicionalmente como masculinas.	1
Foméntase a presenza de homes en actividades tradicionalmente consideradas como femininas	1
No proxecto desagreganse os datos tendo en conta a variable sexo	1
Os proxectos que impliquen contratación de persoas traballadoras establecen unha porcentaxe de contratación de mulleres (non inferior ao 40%).	1
Na elaboración dos proxectos e memorias utilízase termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero: linguaxe non sexista	1
Na avaliación proposta no proxecto intégranse indicadores de xénero	1
Tódolos materiais, imaxes e documentación evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller, e deberán fomentar valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.	1
A entidade promotora establece medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas usuarias ou beneficiarias e/ou das persoas contratadas para prestar a actividade obxecto da subvención	1
TOTAL	10

6. Voluntariado.

Máximo 10 puntos

Puntuación	Tipo de promotor
0	O proxecto non implica a voluntariado
5	O proxecto implica a voluntariado
8	O proxecto está promovido por unha entidade do Plan de Acción do Voluntariado
10	O proxecto está promovido por unha entidade que incorpora colectivos desfavorecidos ao seu Plan de Acción do Voluntariado

7. Incidencia medioambiental.**Máximo 15 puntos**

Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Dimensións / preguntas	Ata
Valoración dos efectos ambientais positivos, Auga	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, residuos	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, atmosfera	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, hábitat natural	5
Valoración dos efectos ambientais positivos en Espazos Rede Natura	5
Valoración dos efectos ambientais positivos en Especies Ameazadas (*)	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, paisaxe	5
Valoración dos efectos ambientais positivos, son	3
Valoración dos efectos ambientais positivos, enerxía	2
TOTAL	40

Puntuación segundo puntuación acadada na batería de preguntas medioambientais	
Puntuación	Valoración efectos ambientais
0 puntos	< 10 puntos
5 puntos	Entre 10 e 14
7 puntos	Entre 15 e 24
10 puntos	>25

8. Adecuación coa estratexia de desenvolvemento local**Máximo 10 puntos**

Puntuación	Tipo de proxecto
6	Proxecto vinculado co aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental ou cultural.
8	Proxecto vinculado coa creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local.
10	Proxecto vinculado coa mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción da mocidade.

9. Uso da Novas tecnoloxías da información.**Máximo 5 puntos**

Puntuación	Tipo de promotor
0	Proxecto que non incorpora ou non incentiva o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
5	Proxecto que incorpora ou incentiva o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

10. Colaboración Entidades de investigación e Innovación.**Máximo 5 puntos**

Puntuación	Tipo de promotor
0	Proxecto que non contempla a colaboración con Centros de Investigación, Tecnolóxicos e outras entidades similares
5	Proxecto que contempla a colaboración con Centros de Investigación, Tecnolóxicos e outras entidades similares

8.3 Seguimento dos proxectos

Mecanismos para identificar debilidades ou riscos durante á execución dos proxectos

Un risco para a eficiencia é que as persoas ou entidades promotoras non se esforcen por executar os proxectos aos custes mais baixos respectando a calidade necesaria. Por ese motivo se avaliará o carácter razoable dos custes nos proxectos.

Realizarase un seguimento persoalizado dos proxectos acadados, para poder en caso de ser preciso axudar aos promotores á hora de solicitar modificacións de proxectos, ampliación de prazos, en definitiva, acompañar e asesorar en todas as fases do proxecto para acadar a execución do mesmo.

8.4 Procedementos/mecanismos para unha boa xestión financeira e para evitar o conflito de intereses

O GALP Ría de Vigo – A Guarda disporá dunha dotación orzamentaria para financiar, mediante subvencións, os diferentes proxectos, e debe maximizar a eficiencia do gasto nas subvencións.

Un risco para a eficiencia é que as persoas ou entidades promotoras non se esforcen por executar os proxectos aos custes mais baixos respectando a calidade necesaria. Por ese motivo ese avaliará o carácter razoable dos custes nos proxectos.

Este risco terase en conta para os gastos de execución e animación.


Os GALP comprometen fondos públicos ao seleccionar proxectos, polo que é necesario un elevado grado de transparencia. Por ese motivo se documentará o procedemento de avaliación dos proxectos.

8.4.2.Describir os procedementos ou mecanismos que se seguirán para evitar o conflito de intereses.

Para evitar conflito de interese observarase como mínimo o seguinte:

- Se un membro do comité de decisión do grupo ten algún tipo de relación profesional coa promotora do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no proxecto, debería presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación / interese, a cal debe formar parte do expediente do proxecto. Calquera interese común tería que declararse, incluídos os interese familiares, afectivos, políticos ou económicos.
- O membro en cuestión non debe participar en forma algunha no proceso de avaliación ou selección, nin encontrarse presente durante o debate da proposta do proxecto. Todo isto quedaría documentado nas actas
- O persoal só debe realizar avaliacións técnicas ou ofrecer asesoría técnica sobre o proxecto

9.- DISPOSICIONES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



9.1 Indicadores de seguimiento e avaliación

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑAS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS	NOME INDICADOR	PERIODO
1	1.1	1.1.1	1.1.1.1 1.1.1.2 1.1.1.3 1.1.1.4 1.1.1.5 1.1.1.6 1.1.1.7 1.1.1.8	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero) Número de iniciativas relativas a transformación de produtos do mar. Número de iniciativas relativas a elaborados de produtos do mar. Número de iniciativas relativas ao envasado de produtos do mar. Número de iniciativas relativas a mellora da imaxe do produto pesqueiro. Número de locais acondicionados. Número de iniciativas que reforcen a calidade dos produtos pesqueiros. Número de actuacións de recuperación de especies. Número de estudos e procesos mecánicos implantados no ámbito extractivo do sector pesqueiro.	2016 - 2020
		1.1.2	1.1.2.1 1.1.2.2 1.1.2.3 1.1.2.4 1.1.2.5 1.1.2.6 1.1.2.7 1.1.2.8 1.1.2.9 1.1.2.10	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero). Número de accións formativas dirixidas ao sector relativas a cadea vertical. Número de actividades de dinamización/divulgación dirixidas ao sector relativas á cadea vertical. Número de accións que contemplan a promoción colectivos específicos do sector pesqueiro (redeiras, etc). Número de accións formativas dirixidas a mellora das competencias do sector pesqueiro. Número de accións de divulgación relativas aos efectos da política pesqueira. Número de accións de divulgación sobre o estado ambiental do medio mariño. Número de estudos e informes relativos ao impacto da pesca deportiva sobre os recursos mariños.	2016 - 2020

				<p>Número de iniciativas relativas a difusión do coñecemento da formación de prezos dos produtos do mar.</p> <p>Número de accións de divulgación sobre as capturas pesqueiras da flota artesanal e do litoral.</p> <p>Número de buques de pesca acondicionados</p>	
2	2.1	2.1.1	<p>2.1.1.1</p> <p>2.1.1.2</p> <p>2.1.1.3</p> <p>2.1.1.4</p> <p>2.1.1.5</p> <p>2.1.1.6</p> <p>2.1.1.7</p> <p>2.1.1.8</p> <p>2.1.1.9</p> <p>2.1.1.10</p> <p>2.1.1.11</p> <p>2.1.1.12</p> <p>2.1.1.13</p>	<p>Número de actuacións relativas a posta en valor dos produtos pesqueiros innovadores.</p> <p>Número de iniciativas dirixidas ao cultivo de novas especies.</p> <p>Número de iniciativas relativas ao aproveitamento de novas especies ou especies infravaloradas.</p> <p>Número de iniciativas relativas á comercialización de novas especies ou especies infravaloradas.</p> <p>Número de novos produtos elaborados a partir do aproveitamento das especies pesqueiras.</p> <p>Número de iniciativas que teñan como base o aproveitamento de algas mariñas.</p> <p>Número de novos derivados en conserva procedentes do mar e do campo.</p> <p>Número de estudos sobre o impacto do aproveitamento dos descartes.</p> <p>Número de iniciativas derivadas do aproveitamento dos descartes e refugallo do mar.</p> <p>Número de accións de divulgación de procesos de conservación tradicionais de produtos do mar.</p> <p>Número de iniciativas postas en práctica de conservación tradicional dos produtos do mar.</p> <p>Número de accións de valoración de produtos do mar en conserva tradicional.</p> <p>Número de cultivos mariños a través de novas especies.</p> <p>Número de accións de divulgación do impacto da diversificación do sector pesqueiro.</p> <p>Número de infraestruras destinadas a mellora das correntes mariñas.</p> <p>Número de estudos sobre o impacto ambiental do medio</p>	2016 - 2020

				mariño en relación a especies de interese pesqueiro.	
	2.2	2.2.1	2.2.1.1 2.2.1.2 2.2.1.3 2.2.1.4 2.2.1.5 2.2.1.6 2.2.1.7 2.2.1.8 2.2.1.9 2.2.1.10 2.2.1.11 2.2.1.12 2.2.1.13	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero). Existencia de modelos de tipo para o desenvolvemento de iniciativas de hostalería baseada na elaboración de produtos pesqueiros. Número de accións para a adecuación de espazos dentro de lonxas e mercados para a realización de actividades relacionadas coa hostalería e/ou o turismo a través dos produtos pesqueiros. Número de actos ou accións de dinamización para o consumo de produto pesqueiro nas lonxas e mercados. Número de visitas turísticas a lonxas e espazos de interese pesqueiro. Número de festas gastronómicas de produtos pesqueiros locais. Número de accións de formativas destinadas a mellora do desenvolvemento turístico da zona. Número de accións de divulgación destinada a un mellor coñecemento dos recursos turísticos da zona. Número de iniciativas que fomenten o destino turístico da zona a través das novas tecnoloxías. Número de iniciativas e servizos de turismo náutico-deportivo. Existencia da rede de aulas náuticas. Numero de embarcacións e infraestruturas náuticas adaptadas para persoas con discapacidade.	2016 - 2020
		2.2.2	2.2.2.1 2.2.2.2 2.2.2.3 2.2.2.4 2.2.2.5	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero). Número de iniciativas turísticas ambientais e paisaxísticas. Número de itinerarios turísticos deseñados. Número de visitas turísticas guiadas a portos e lonxas. Numero de iniciativas adheridas a un selo de calidade de turismo mariñeiro.	

3	3.1	3.1.1	<p>3.1.1.1 Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero).</p> <p>3.1.1.2 Número de accións de conservación do medio natural.</p> <p>3.1.1.3 Número de espazos recuperados da franxa litoral.</p> <p>3.1.1.4 Número de iniciativas de posta en valor dos espazos de protección natural.</p> <p>3.1.1.5 Número de accións formativas destinadas a un mellor recoñecemento dos recursos naturais.</p> <p>3.1.1.6 Número de accións de divulgación sobre os recursos naturais da zona costeira.</p> <p>3.1.1.7 Existencia do uso das novas tecnoloxías para a divulgación medioambiental e patrimonial da costa.</p> <p>3.1.1.8 Número de estudos sobre as problemáticas do ecosistema do medio mariño.</p> <p>3.1.1.9 Número de equipamentos e infraestruturas construídas con materiais sostibles.</p> <p>3.1.1.10 Número de campañas de concienciación para un mellor tratamento de residuos.</p> <p>3.1.1.11 Número de encontros medioambientais e número de iniciativas xeradas.</p> <p>3.1.1.12 Número de accións de formación que faciliten unha mellor resposta a situacións de contaminación ambiental.</p> <p>3.1.1.13 Número de programas de voluntariado.</p> <p>3.1.1.14 Número de actividades educativas e culturais relacionadas co mar.</p> <p>3.1.1.15 Número de roteiros baseados na posta en valor do patrimonio.</p> <p>3.1.1.16 Número de actividades na costa que xeren valor ambiental.</p> <p>3.1.1.17 Número de iniciativas tecnolóxicas para o control ambiental.</p> <p>3.1.1.18 Número de iniciativas de mobilidade sostibles no territorio.</p> <p>Existencia do observatorio medioambiental da Ría de Vigo.</p>	2016 - 2020
	3.2	3.2.1	<p>3.2.1.1 Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero).</p> <p>3.2.1.2 Número de iniciativas postas en práctica para o uso das enerxías renovables nas</p> <p>3.2.1.3</p>	2016 - 2020

				actividades pesqueiras. Número de accións de sensibilización sobre a contaminación ambiental.	
4	4.1	4.1.1	4.1.1.1 4.1.1.2 4.1.1.3 4.1.1.4	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero). Número de novos produtos creados a partir dos oficios tradicionais. Número de accións de divulgación vinculadas ao patrimonio mariñeiro. Número de visitas a páxinas web e recursos virtuais.	2016 - 2020
		4.1.2	4.1.2.1 4.1.2.2 4.1.2.3 4.1.2.4 4.1.2.5 4.1.2.6 4.1.2.7 4.1.2.8 4.1.2.9	Número de empregos xerados (desagregación por idade e xénero). Número de infraestruturas patrimoniais recuperadas/acondicionadas. Número de actividades (turísticas,...) promovidas nos espazos patrimoniais recuperados. Número de embarcacións restauradas ou recuperadas (por tipoloxía). Número de proxectos de carpintería de ribeira desenvolvidos. Número de proxectos desenvolvidos nos barrios mariñeiros. Existencia dun mapa xeorreferenciado de elementos patrimoniais e paisaxísticos. Número de elementos do patrimonio inmaterial recuperado. Existencia de aplicacións tecnolóxicas de realidade aumentada na posta en valor do patrimonio. Número de infraestruturas adaptadas a persoas con discapacidade.	2016 - 2020
	4.2	4.2.1	4.2.1.1 4.2.1.2 4.2.1.3 4.2.1.4 4.2.1.5 4.2.1.6 4.2.1.7 4.2.1.8 4.2.1.9 4.2.1.10	Evolución da taxa de emprego, datos por sexo e grupos de idade. Evolución de indicadores (brecha salarial) por sexo. Evolución do salario mínimo no sector (datos segregados por sexo). Taxa de temporalidade, datos por sexo. Número de permisos de maternidade , paternidade, excedencias, flexibilización horaria (datos por sexo). Número de títulos profesionais, datos por sexo.	2016 - 2020

				Número de actividades de promoción, recoñecemento, de iniciativas emprendedoras lideradas ou nas que participen mulleres.	
5	5.1	5.1.1	5.1.1.1 5.1.1.2 5.1.1.3 5.1.1.4 5.1.1.5 5.1.1.6	Número de accións de dinamización realizadas. Número de entidades e colectivos sociais participantes. Tipoloxía de accións de comunicación e dinamización da participación. Número de reunións/encontros realizados. Número de participantes nos espazos ou órganos do GALP, así como nas actividades de dinamización (desagregación por idade, xénero e tipoloxía).	2016 - 2020
6	6.1	6.1.1	6.1.1.1 6.1.1.2 6.1.1.3 6.1.1.4 6.1.1.5 6.1.1.6 6.1.1.7 6.1.1.8 6.1.1.9 6.1.1.10 6.1.1.11 6.1.1.12	Existencia dun diagnóstico da relación entre o medio ambiente mariño e o estado dos recursos do medio mariño da costa galega. Número de arrecifes artificiais creados. Número de zonas de protección mariña creadas. Número de proxectos de intercooperación desenvolto. Número de programas de I+D+i desenvolto no sector pesqueiro. Existencia de elementos turístico-mariñeiros catalogados e divulgados, vinculados a TIC. Número de accións de dinamización realizadas entre entidades ou colectivos sociais. Número de reunións/encontros realizados.	2016 – 2020

En canto ao resultado final esperado préstase especial atención á creación e consolidación de emprego desagregado por idade e xénero. (Obxectivo 1, 2, 3 e 4). No periodo anterior foi de 27 UTAS. Esperase superar este número no período 2014-2020. Na maioría de obxectivos aparecen como indicadores as iniciativas, actuacións ou proxectos relacionados coas medidas (Obxectivo 1,2,3 e 4). O resultado final esperado é a execución de un 30 % desas iniciativas, actuacións ou proxectos. En canto as accións formativas (Obxectivos 1, 2, 3 e 4) agardase realizar un 30 % das propostas.As actividades de dinamización e accións de divulgación (Obxectivos 1, 2,3,4, 5 e 6) espérase que se realicen un 30 %.En canto a locais, embarcacións, infraestruturas agárdase a execución dun 20 % dos indicadores.

En canto a accións relacionadas co turismo, agárdase a execución dun 30 % dos indicadores propostos. En canto a accións relacionadas co medio ambiente e o patrimonio cultural espérase a realización dun 30 %.

Durante este período (2014-2020) agárdase realizar mais accións de comunicación e dinamización que no período anterior, realizar mais actividades con outros Grupos españois e extranxeiros.

9.2 Plan de seguimento

Os espazos e dinámicas xeradas no proceso de elaboración da Estratexia do Grupo determinan en certa medida a lóxica e estrutura do Plan de Seguimento e Plan de avaliación. Así mesmo, débense de aproveitar as sinerxías co plan de participación previsto para mellorar a súa implementación e aumentar o carácter participativo das accións de seguimento e avaliación.

As funcións de seguimento van ser realizadas de maneira continuada pola Xerencia e os órganos directivos e de participación do Grupo de Acción Local de Pesca do Sector Pesqueiro, durante o período comprendido entre 2016 e 2020. No proceso de seguimento participarán polo tanto os seguintes órganos:

- Xerencia. Será a encargada de elaborar a información pertinente sobre a marcha da estratexia para a toma en consideración da Xunta Directiva e Asemblea. Elaborará un informe semestral sobre o grao de cumprimento dos obxectivos contemplados na estratexia así como da execución financeira, o cal será remitido aos órganos sociais para a súa toma en consideración.
- Mesas de traballo sectorais. Dado que se prevee que se reúnan unha vez cada ano terán a función de analizar a información dos indicadores dispoñibles sobre o grao de cumprimento dos obxectivos da súa área. Emitirán propostas para a toma en consideración dos órganos sociais.
- Xunta Directiva. Neste órgano avaliarase, en sesión ordinaria ou extraordinaria, o informe realizado pola xerencia e as suxestións recollidas polas mesas de traballo sectoriais e se propondrá as modificacións pertinentes para a súa presentación en asemblea, así como indicar propostas de mellora.
- Asemblea. Ademais de comprobar o estado das actuacións contempladas na estratexia, será o órgano encargado de valorar as melloras para mellorar a aplicación da estratexia

Plan de Avaliación.

O procedemento de avaliación vai constar de tres fases: inicial, intermedia e final

Avaliación inicial.

Durante a elaboración da estratexia houbo unha participación moi intensa de diferentes axentes do territorio (vexase o capítulo do Plan de Participación), na que se definiron cales eran as necesidades do territorio e que actuacións habería que desenvolver para cubrir as mesmas. Os órganos encargados de realizar esta labor foron:

- Mesas sectoriais de traballo. As mesas son espazos de traballo onde se agrupan e integran os intereses do conxunto de sectores que participan no proceso. A proposta de mesas artéllouse en función dos principais ámbitos de análise que se establecen no diagnóstico: sector pesqueiro, ámbito económico e turismo, e patrimonio. A través dunha dobre secuencia de reunións abordouse a realización do diagnóstico de necesidades e a formulación das actuacións a desenvolver.
- Comisión técnica e institucional. A Comisión técnica e institucional tiña como principal

función a de valorar a idoneidade e viabilidade das propostas que se realizasen, co obxectivo de que a proposta estratéxica de actuación, sexa realista e se adapte ás condicións da zona costeira (limitacións normativas, existencia doutros plans ou ferramentas que xa aborden as propostas, evitar a duplicidade de iniciativas,...).

- Comisión de seguimento. É un espazo que integrou á xerencia e membros da Xunta Directiva e que tiña como finalidade coordinar e preparar o traballo nos diferentes espazos de participación.
- Foro. Neste espazo de participación tamén se realizou unha valoración das medidas da estratexia e a o grao de prioridade que terían para o territorio.

9.3 Avaliacións intermedia e final

Avaliación Intermedia

Esta avaliación será desenvolta no ano 2018. Nesta fase avaliarase o grao de execución das medidas contempladas na estratexia así como os seus efectos no territorio, atendendo por tanto ao grao de eficacia e eficiencia conseguida polo Grupo na aplicación da estratexia, así como a utilidade e relevancia que están tendo as medidas sobre o territorio a través de avaliacións cualitativas realizadas primordialmente nos órganos de participación.

Os indicadores sobre os que se realizará a avaliación intermedia recollerán o conxunto de indicadores contemplados para cada unha das medidas para ver o seu grao de cumprimento. O esquema que se detalla a continuación recolle a secuencia e órganos que van a participar na realización da avaliación intermedia. Para unha información máis pormenorizada de cada un dos órganos de participación, vexase o apartado de participación.

Hai unha combinación de órganos sociais e órganos de participación á hora de realizar a avaliación intermedia. A continuación explícase a funcionalidade de cada un deles:

1. Mesas Sectoriais. En función do informe previo sobre o estado do sistema de indicadores elaborado pola xerencia así como o grao de execución do orzamento, as mesas sectoriais realizarán unha valoración previa das principais dificultades atopadas no proceso de implementación do Plan. Este diagnóstico previo do estado de situación será elevado á Xunta Directiva.
2. Xunta Directiva. Avaliará de maneira conxunta o diagnóstico elaborado por cada unha das mesas sectoriais e validará o conxunto do mesmo.
3. Mesas sectoriais. En cada unha das súas áreas emitirán unha serie de recomendacións que permitan adaptar e mellorar a implantación da estratexia no territorio.
4. Xunta Directiva. Recollerá as propostas elaboradas pola mesa sectorial e as sistematizará nun documento para a toma en consideración do Foro.
5. Foro. É momento de apertura ao conxunto dos axentes sociais do territorio, preténdese recoller as percepcións sobre a relevancia e utilidade da estratexia no territorio, ademais de propostas de mellora para a aplicación da estratexia.
6. Asemblea. Destinada á participación última de todos os socios do GALP, validará os resultados obtidos da avaliación a través dos diferentes órganos.

Avaliación final.

Na avaliación final vaise incorporar a dimensión de sustentabilidade das actuacións contempladas na estratexia, ademais de incorporar as de eficiencia, eficacia, relevancia e utilidade. A realización da avaliación final a través dos diferentes espazos é idéntica á da avaliación intermedia:

As principais variacións virán polo lado do contido a tratar nos diferentes espazos:

- Mesas Sectoriais. Recollerá o informe sobre o grao de execución do orzamento, así como do grao de cumprimento dos obxectivos previstos na estratexia que será

elaborado pola xerencia. Avaliará a utilidade e relevancia das medidas da estratexia para o territorio.

- Xunta Directiva. Contemplará a avaliación realizada polas mesas sectoriais, e propondrá as modificacións que considere pertinente.
- Mesas Sectoriais. Avaliará os elementos máis cualitativos da avaliación como é a relevancia, utilidade e sustentabilidade das medidas da estratexia, tendo en conta os indicadores para realizar.
- Xunta Directiva. Realizará a integración a información procedente das diferentes áreas nun informe final para presentar no Foro.
- Foro. Será o órgano de recoller as valoracións cualitativas da xente sobre o grao de relevancia e utilidade que tiveron as medidas. Tamén se realizará unha análise sobre a sustentabilidade destas medidas no medio e longo prazo.
- Asemblea. Será a encargada de validar o informe final de avaliación.

10.- PLAN DE PARTICIPACIÓN



10.1 Directorio de entidades e recursos

Para conseguir a participación o mais ampla posible á hora de elaborar a estratexia, creouse un directorio de entidades que se clasificaron da seguinte maneira:

- Sector Pesqueiro:
 - Asociacións e federacións de confrarías de pescadores.
 - Confrarías de pescadores.
 - Agrupacións de mariscadores/as.
 - Asociacións de redeiras.
 - Cooperativas do sector pesqueiro.
- Sector Social:
 - Entidades veciñais, culturais, xuvenís, de mulleres, ambientais, deportivas, museos... e outras entidades.
- Sector Económico:
 - Organizacións profesionais representativas dos sectores produtor, transformador e comercializador de produtos da pesca.
 - Organizacións de produtores pesqueiros.
 - Asociacións empresariais de carácter sectorial.
 - Entidades asociativas do sector económico.
 - Cámaras de Comercio.
 - Asociacións empresariais de carácter territorial ou sectorial.
 - Cadeas empresariais.
 - Polígonos ou parques industriais.
 - Intercooperación industrial.
 - Asociacións do ámbito do comercio.
 - Centros de innovación empresarial e viveiros de empresa.
 - Organizacións sindicais.
 - Fundacións e outras organizacións.
- Sector Público:
 - Administracións públicas locais, autonómicas, estatais e organismos dependentes destas.
 - Portos de Galicia.
 - Organismos e entidades do ámbito pesqueiro.
 - Universidades e centros de investigación.
 - Axentes de desenvolvemento local e redes.
 - Axentes de fomento cooperativo.
 - Técnicos de cultura, emprego, turismo... de ámbito local.
 - Asociacións e Grupos de desenvolvemento rural.

O directorio de recursos naturais, patrimoniais, lonxas, confrarías de pescadores, portos, etc. está no punto 3.1 (ámbitos do diagnóstico, metodoloxía de traballo e fontes de información)

10.2 Proceso de participación na elaboración da estratexia

Criterios.

No proceso de participación se tivo en conta os seguintes elementos para a súa configuración:

- Unha estrutura que concrete espazos e momentos nos que desenvolver a participación. A estrutura pode ser participativa cando identifica órganos e espazos de participación, os calendariza e integra nun sistema coordinado de reflexión -toma de decisións -accións.
- Unha dinámica que dote de contidos reais a estes espazos. A estrutura é participativa, máis alá da mera asistencia, cando a xente toma parte activa e real nos espazos de participación.

Ademais, cómpre considerar tres condicións necesarias para que as persoas desenvolvan unha participación activa dentro dunha asociación:

- Querer participar: ter motivacións que as impliquen nos procesos do GALP e movan a unha participación real e activa.
- Poder participar: de pouco servirá unha alta motivación se non existen momentos ou espazos nos que desenvolver esta participación, e se non existen canles reais entre tales espazos e a toma de decisións da organización.
- Saber participar: escoitar, falar, analizar e propoñer, informarse, en definitiva, ter uns coñecementos e habilidades.

Medidas para reforzo da participación.

En relación á motivación:

- Buscar o máximo axuste entre as necesidades e obxectivos da asociación e os das persoas.
- Xerar un clima aberto e de proximidade entre os membros da asociación.
- Manter un funcionamento organizativo baseado en procesos de participación eficaces e con resultados.
- Atender á máxima satisfacción posible das necesidades e expectativas das entidades asociadas.

En relación á capacitación:

- Axustar as tarefas e responsabilidades que asumen as entidades socias ás súas disponibilidades e capacitacións.
- Potenciar a formación das entidades para a mellora da súa cualificación e capacitación no proceso societario.
- Potenciar a aprendizaxe organizativa: a evolución da organización mesmo a partir do intercambio de experiencia, a avaliación dos procesos, a reflexión de horizontes, etc.

En relación ás posibilidades de participación:

- Manter sempre como referente unha filosofía democrática como base dos procesos da organización.
- Xerar momentos e espazos para a participación que sexan accesibles ás persoas.
- Conectar e coordinar os distintos espazos (Asemblea, Xunta Directiva, Comisións Sectoriais).
- Potenciar a información dos membros da asociación, para que poidan manter un coñecemento "global" do proceso da asociación.

Accións a realizar nun proceso de participación.

Para acadar o maior grao posible de participación, precísase informar, difundir e establecer un contacto directo con persoas pertencentes aos diferentes colectivos e entidades que conforman

o territorio do Grupo. As accións de comunicación son necesarias para a achega de información e difusión do proceso de participación.

O obxectivo é realizar accións previas dando a coñecer que é o que pretende facer, como se vai desenvolver, que se espera do proceso e a relevancia da participación para o éxito do mesmo. Entre as accións pódense sinalar as seguintes:

- Chamadas telefónicas, SMS e correos electrónicos como unha maneira de facer máis próximo o proceso de participación.
- Uso das redes sociais como forma de dinamización de determinados colectivos ou entidades.
- Medios de comunicación convencionais (notas, roldas, actos,...) para garantir unha difusión e unha dinamización máis masiva do conxunto da poboación e axentes implicados.

Configuración do proceso de participación.

Entre os obxectivos que se querían cubrir cos órganos creados estaban:

- Escoltar de primeira man as necesidades, percepcións e expectativas de cada un dos colectivos.
- Explicar en que consiste a participación dentro do GALP e os resultados concretos que se espera dela.
- Acadar un grao de confianza que favoreza o compromiso de asistencia e participación.

Houbo dúas fases diferenciadas:

Fase 1. Proceso de elaboración do diagnóstico. Esta fase concentrou a recollida, análise e sistematización de datos de carácter primario, dende unha vertente diagnóstica e unha propositiva. A parte diagnóstica complementou a información de carácter secundario e a parte propositiva centrouse en establecer as principais potencialidades do territorio, de cara a abordar un novo marco de financiamento, sintetizando propostas de mellora en base aos traballos desenvolto na implementación do Eixe IV do FEP.

Fase 2. Proceso de elaboración do Plan de Acción, e elaboración final da estratexia. Nesta segunda fase seguiuse as seguintes orientación:

- Partiu-se dunha proposta de participación que tiña en conta as actividades e accións dirixidas á dinamización da participación. Un segundo paso foi o de habilitar espazos de participación activa, orientados a implicar ás persoas e a establecer as pautas de colaboración entre diferentes colectivos para poñer en marcha as estratexias.
- Dentro do Plan de participación diferenciouse entre os espazos de participación e os órganos de apoio e asesoramento. Entre os primeiros destacan as mesas sectoriais de traballo e o Foro, que son o cerne do proceso. Entre os segundos figuran a Comisión de Seguimento e a Comisión Técnica e Institucional.

Espazos de participación fase diagnóstico.

1. Grupos de discusión

Un dos obxectivos deste proceso de traballo era o de captar información de axentes externos ao GALP, co obxectivo de afondar en problemáticas territoriais que poden afectar ao traballo desenvolto por este, ou ben a futuribles liñas de traballo. Cumpría ter unha visión de territorio que excedera dos propios axentes que estiveron involucrados directamente na implementación do citado eixe IV do FEP. Esta é unha maneira tamén de incorporar unha visión externa, de como ven o grupo como axente dinamizador do ámbito local.

Realizáronse dous grupos de discusión formados por mulleres e mocidade, co obxectivo de ter unha visión transversal da situación do territorio e da súa perspectiva de futuro. O seu perfil foi heteroxéneo en función do lugar de procedencia. O perfil social foi de persoas con diferentes niveis de estudos e situación laboral.

2. Técnica Delphi

Para integrar unha opinión experta realizouse un cuestionario Delphi a un perfil determinado de axentes locais: prioritariamente axentes de desenvolvemento local, axentes de emprego, técnicos locais de diferentes áreas, expertos coñecedores do territorio, centros de investigación e formación, historiadores, etc. Este cuestionario realizouse en dúas voltas, afondando nos citados obxectivos do diagnóstico.

Esta técnica consiste na conformación dun grupo de persoas “expertas”, na cuestión que se pretende abordar. Estas persoas comprométese a fornecer o proceso coa súa opinión, mediante a cobertura dun cuestionario a dobre volta. Deste xeito pódense contrastar as achegas entre os diferentes participantes no proceso.

3. Talleres participativos.

Realizáronse dous e foron abertos á cidadanía. O obxectivo central destes talleres consistiu na realización dunha análise e valoración dos resultados obtidos coa xestión do FEP. Ao mesmo tempo, aproveitouse o traballo para efectuar un diagnóstico sobre a situación actual da zona e definir as súas prioridades para favorecer e mellorar e empoderamento das entidades do territorio. Estes espazos favoreceron a integración e participación conxunta de diferentes perfís de entidades (sectores público, pesqueiro, económico, social) e a sociedade civil no seu conxunto. A metodoloxía de traballo destes espazos caracterizouse por fomentar a participación activa de todas as persoas participantes, mediante a formación en pequenos grupos de traballo en posta en común en plenario.

Paralelamente a este proceso reforzouse a presenza en redes sociais, sobre todo a través de facebook e na web onde se publicou información sobre os espazos de participación, realizándose consultas online. Tamén se tivo presenza en medios de comunicación.

Espazos de participación fase elaboración estratexia.

1. Mesas sectoriais de traballo:

As mesas foron os espazos de traballo onde se agrupan e integran os intereses do conxunto de sectores que participan no proceso. A proposta de mesas artellouse en función dos principais ámbitos de análise que se establecían no diagnóstico. Por tanto, constituíronse as seguintes mesas:

- Mesa do sector pesqueiro. Agrupou ás confrarías, entidades asociativas, representativas e empresariais do sector. Tamén aquelas entidades de natureza técnica, formativas, de investigación, ou iniciativas empresariais relacionadas co ámbito mariño ou pesqueiro.
- Mesa do ámbito económico, en especial do turismo. Tendo en conta o papel que o turismo xoga na diversificación da actividade pesqueira e na dinamización das economías das zonas costeiras, está mesa agrupou a entidades deste sector, así como a outras entidades doutros sectores económicos cos que garda relación.
- Mesa do aproveitamento do potencial de recursos naturais e patrimonio da zona costeira. Os recursos ambientais e patrimoniais das zonas costeiras son a base sobre a que se sustenta o traballo doutros sectores. Por tanto, traballouse con entidades que defenden ou promoven a conservación e o aproveitamento destes elementos, de cara a garantir a sustentabilidade social e ambiental da proposta.

Realizáronse un total de dúas reunións. Na primeira, e tras a información detallada sobre a análise diagnóstica da zona costeira, traballouse a proposta estratéxica de actuación formulando os seus obxectivos xerais e específicos, así como, as liñas de actuación. Nunha segunda reunión, afondouse no establecemento das medidas de acción concretas, pechando así o esquema de contidos do Plan de Acción.

Toda a información producida estivo integrada no traballo do conxunto das mesas, co obxectivo de coordinar a proposta, reforzar a súa coherencia e complementariedade, evitando por tanto a duplicidade de propostas. Para a celebración das reunións, previamente as persoas e entidades participantes contaron coa información e datos pertinentes para a súa análise.

2. Foro plenario.

O Foro constituiu o espazo de apertura do proceso a entidades, cidadanía e medios de comunicación da zona costeira. Foi un espazo no que se reforzou a presenza e o papel de entidades locais, das diferentes administracións, entidades da zona, tanto pesqueiras como doutra índole, entre outras entidades.

O Foro culminou o plan de participación do proceso, presentando o documento da Estratexia de Desenvolvemento da zona pesqueira. Ao mesmo tempo, foi un elemento de reforzo da difusión e de comunicación da estratexia no territorio.

3. Comisión de seguimento.

A Comisión de seguimento foi o órgano encargado da supervisión, coordinación e control do proceso, en relación a diferentes aspectos (pasos do proceso, elementos do plan de comunicación, contidos das propostas e traballo das mesas, ou outras funcións que se lle poidan atribuír).

Esta comisión estivo formado pola xerencia dos Grupos e os membros da xunta directiva, designados a tal efecto. Ademais contouse co concurso dunha asistencia técnica, que proporcionou a información pertinente para o seu traballo ordinario.

A Comisión reuniuse en dúas ocasións, con carácter posterior á celebración das mesas sectoriais, co obxectivo tamén de supervisar o seu traballo.

4. Comisión técnica e institucional.

A Comisión técnica e institucional tivo como principal función a de valorar a idoneidade e viabilidade das propostas que se realizaron, co obxectivo de que a proposta estratéxica de actuación, fora realista e se adaptara ás condicións da zona costeira (tomando en conta limitacións normativas, existencia doutros plans ou ferramentas que xa aborden as propostas, ou evitar a duplicidade de iniciativas, entre outros elementos).

Esta Comisión estivo composta por persoal de carácter técnico, entre os que destacaron os técnicos municipais de varios departamentos, técnicos e persoal de confrarías ou asociacións do ámbito pesqueiro, e técnicos doutras entidades de ascendencia no territorio. Reuníronse tamén en dúas ocasións, do mesmo xeito que a anterior Comisión.

A continuación ponse o fluxograma do proceso seguido para a elaboración da estratexia.

FIGURA. 1. Fluxograma do proceso de participación na fase 1 (diagnóstico)





FIGURA. 2. FLUXOGRAMA DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN NA FASE 2 (ESTRATEGIA)



A relación de asistentes, sinaturas, fotos, figuran no anexo a este documento.

10.3 Proceso de participación no seguimento e aplicación da estratexia

O proceso de participación está directamente relacionado cos procedementos de seguimento e avaliación que se van desenvolver para calibrar o grao de cumprimento do plan, así como a súa utilidade para o conxunto do territorio.


Ademais das medidas que se contemplan no plan de comunicación para dar transparencia á información xestionada polo GALP, e os canles on line habilitados para recibir suxestións e recomendacións a título individual ou colectivo, vanse recoller unha estrutura de órganos que van a fomentar a participación ao longo do período de vixencia da estratexia.

A participación vaise canalizar a través dos dous órganos sociais, a Xunta Directiva e a Asemblea, e a través de dous órganos de participación, as mesas sectoriais e o foro. A continuación descríbense as funcións de cada un dos órganos:

- Xunta directiva. Será o órgano encargado de supervisar o proceso de participación, así como de velar polo normal desenvolvemento do traballo nos restantes órganos de participación. Tamén será o encargado de avaliar o grao de funcionamento dos canles de comunicación. Está prevista unha reunión mensual.
- Asemblea. É o órgano de participación do conxunto dos socios e por tanto avaliará a marcha da estratexia, así como poderá canalizar as demandas que se plantexen doutros sectores a través dos socios.
- Mesas sectoriais. En principio respetarase a estrutura de mesas seguida no proceso de elaboración da estratexia dado a súa utilidade e representatividade do tecido asociativo e produtivo da zona. Por tanto, haberá tres mesas sectoriais: desenvolvemento sector pesqueiro, dinamización económica, aproveitamento e posta en valor dos recursos naturais e o patrimonio. A súa secuencia de reunións será como mínimo dunha vez ao ano, podendo reunirse máis veces se así o acordan os seus membros, agás no caso de que nese ano se produza unha avaliación intermedia ou final, onde nese caso reuniríanse como mínimo dúas veces.
- Foro. É un espazo para a participación do conxunto de axentes e entidades dos sectores produtivos da zona marítima, onde se tenta dar a coñecer os resultados da estratexia, avaliar a súa relevancia e utilidade, así como para recoller suxestións e recomendacións. Ademais, será concebido como un espazo onde se xenere intercambio de experiencias con outras zonas marítimas, e coñecementos con outras áreas marítimas ou sectores produtivos, sendo un espazo que pode xerar novos inputs que axuden a mellorar a aplicabilidade da estratexia. A previsión é que se realicen dous foros no período comprendido entre 2016 e 2020, concretamente nos anos 2018 e 2020 que é cando está prevista a realización da avaliación intermedia e final.

A continuación explíctase o fluxograma do proceso de participación para os anos comprendidos entre 2016 e 2020, facendo a salvedade de que o foro celebraríase nos anos 2018 e 2020.

FIGURA. 2. FLUXOGRAMA DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN DE SEGUIMENTO E APLICACIÓN



A continuación expone a información sobre aspectos formais dos diferentes espazos e instrumentos de participación para cada unha das fases:

Fase 1. Diagnóstico

TÁBOA 1. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS SOCIAIS E ESPAZOS DE PARTICIPACIÓN:

Procesos de participación presencial	Nº eventos	Nº participantes		Perfil participantes	Data	Lugar
		Homes	Mulleres			
Asemblea Xeral	1	7	5	Socios	25/5/15	Casa da Cultura de Vilaboa
Xunta Directiva	1	7	4	Membros	25/5/15	Casa da Cultura de Vilaboa
Grupo discusión mulleres	1	0	12	Mulleres sen límite de idade	11/5/15	Concello de Nigrán
Grupo discusión mocidade	1	5	5	Mozas e mozos de 16 a 26 anos	11/5/15	Concello de Nigrán
Cuestionario Delphi	1	6	12	ADL, técnicos e expertos locais, investigadores,.....		
Primeiro Taller Participativo	1	13	7	Socios do GALP e aberto	11/5/15	Concello de Nigrán
Segundo Taller Participativo	1	18	12	Socios do GALP e aberto	25/5/15	Casa da Cultura de Vilaboa

Fase 2. Elaboración da estratexia final.

Procesos de participación presencial	Nº eventos	Nº participantes		Perfil participantes	Data	Lugar
		Homes	Mulleres			
Asemblea Xeral	1	12	5	Socios	12/11/15	Centro Multiusos Ángel Bedriñana (Baiona)
Xunta Directiva1	1	7	3	Membros	12/11/15	Centro Multiusos Ángel Bedriñana (Baiona)
Xunta Directiva2	1	4	2	Membros	17/10/15	Museo Meirande, Redondela
Comisión de seguimento1	1	8	3	Socios do GALP	12/11/15	Centro Multiusos Ángel Bedriñana (Baiona)
Comisión de seguimento2	1	4	2	Socios do GALP	17/10/15	Museo Meirande, Redondela
Comisión técnica e institucional1	1	5	13	Técnicos e responsables políticos	6/11/15	Casa da Música de Moaña
Comisión técnica e institucional2	1	3	13	Técnicos e responsables políticos	15/10/15	Concello de Nigrán
Mesa sector pesqueiro1	1	13	9	Socios do GALP e aberto	27/10/15	Casa da Cultura de Vilaboa
Mesa sector pesqueiro2	1	18	14	Socios do GALP e aberto	13/10/15	Cangas
Mesa dinamización turística1	1	5	4	Socios do GALP e aberto	27/10/15	Casa da Cultura de Vilaboa
Mesa dinamización turística2	1	16	11	Socios do GALP e aberto	13/10/15	Cangas
Mesa patrimonio1	1	15	4	Socios do GALP e aberto	27/10/15	Casa da Cultura de Vilaboa
Mesa patrimonio2	1	22	15	Socios do GALP e aberto	13/10/15	Cangas
Foro	1	26	10	Axentes sociais e cidadanía	12/11/15	Centro Multiusos Ángel Bedriñana (Baiona)

Plan de participación: Resumo das reunións celebradas dentro do plan de acción da EDLP da Ría de Vigo – A Guarda

Tipo de acción desenvolvida (consulta, reunión...).	Lugar e data de realización	Quen a promoveu	Como se difundiu a convocatoria	Nº e tipo de participantes	Obxectivo da acción	Conclusións, acordos....
Reunión mesa económica	Avenida Castelao, 4 (Cangas) 13/10/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, prensa local, etc.	27 participantes Socios do GALP e aberto	Elaboración da EDLP dende o ámbito económico (principalmente o turismo)	Determinación dos principais obxectivos e liñas de acción para definir a estratexia.
Reunión mesa de patrimonio e medio ambiente	Avenida Castelao, 4 (Cangas) 13/10/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, prensa local, etc.	31 participantes Socios do GALP e aberto	Elaboración da EDLP dende o ámbito medioambiental e patrimonial	Determinación dos principais obxectivos e liñas de acción para definir a estratexia
Reunión mesa de pesca	Avenida Castelao, 4 (Cangas) 13/10/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, prensa local, etc.	31 participantes Socios do GALP e aberto	Elaboración da EDLP dende o ámbito pesqueiro	Determinación dos principais obxectivos e liñas de acción para definir a estratexia
Reunión mesa técnica	Concello de Nigrán (Praza da Constitución s/n) 15/10/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, prensa local, etc.	16 participantes Técnicos e responsables políticos	Valoración da viabilidade técnica das propostas presentadas	Revisión dos principais obxectivos e liñas de acción para definir a estratexia


Comisión de seguimento	Museo Meirande de Rande (Redondela) 17/10/15	GALP 7	Correo electrónico, chamadas telefónicas.	8 participantes Socios do GALP	Revisión das actuacións propostas polas mesas sectoriais e técnicas	Supervisión, coordinación e control do proceso, en relación a diferentes aspectos (pasos do proceso, elementos do plan de comunicación, contidos das propostas e traballo das mesas,
Reunión mesa económica	Casa da Cultura, Río Maior (Vilaboa) 27/10/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, prensa local, etc.	9 participantes Socios do GALP e aberto	Elaboración da EDLP dende o ámbito económico (principalmente o turismo)	Definición de accións concretas para poñer en marcha a estratexia.
Reunión mesa patrimonio e medio ambiente	Casa da Cultura, Río Maior (Vilaboa) 27/10/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, prensa local, etc.	19 participantes Socios do GALP e aberto	Elaboración da EDLP dende o ámbito medioambiental e patrimonial	Definición de accións concretas para poñer en marcha a estratexia
Reunión mesa de pesca	Casa da Cultura, Río Maior (Vilaboa) 27/10/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, noticias de prensa, prensa local, etc.	22 participantes Socios do GALP e aberto	Elaboración da EDLP dende o ámbito pesqueiro	Definición de accións concretas para poñer en marcha a estratexia
Reunión mesa técnica	Concello de Moaña (Casa da Música) 6/11/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, prensa local, etc.	18 participantes Técnicos e responsables políticos	Valoración da viabilidade técnica das propostas presentadas	Revisión dos principais obxectivos e liñas de acción para definir a estratexia
Comité de seguimento	Centro Multiusos Ángel Bedriñana (Baiona) 12/11/15	GALP 7	Correo electrónico, chamadas telefónicas	11 participantes Socios do GALP	Revisión das actuacións propostas polas mesas sectoriais e técnicas	Supervisión, coordinación e control do proceso, en relación a diferentes aspectos (pasos do proceso, elementos do plan de comunicación, contidos das propostas e traballo das mesas,

Reunión Foro Participativo	Centro Multiusos Angel Bedriñana (Baiona) 12/11/15	GALP 7	A través de redes sociais, correo electrónico, chamadas telefónicas, anuncios en prensa, prensa local, etc.	37 participantes Socios do GALP e aberto	Reforzo da difusión e de comunicación da estratexia no territorio.	Presentación do documento da Estratexia de Desenvolvemento da zona pesqueira.
----------------------------	--	--------	---	--	--	---

11.- PLAN DE COMUNICACIÓN



11.1 Mapa estratéxico da EDLP



11.2 Accións de comunicación para a divulgación do GALP e o programa de axudas

Análise diagnóstica

- **Entidade responsable de la comunicación:** GALP
- **Responsable da comunicación:** GALP
- **Obxecto da planificación da comunicación:** comunicación da actividade e servizos que ofrece de GALP
- **Presuposto:** Orzamento anual de **50.163,60 €**
- **Recursos internos:**
 - Humanos:
 - **Equipo GALP**, 2 persoas dedicadas a tempo completo
 - **Embaixadores**, os membros da asociación, 15 pertencentes a la xunta directiva e 40/40 as mesas de traballo
 - Infraestruturas: A **cesión de espazos** por parte de los asociados segundo as necesidades.
- **Horizonte temporal:** Decembro 2015– Decembro de 2020
- **Ámbito xeográfico de actuación:** Municipios da Ría de Vigo – A Guarda

Análise da Contorna

Debilidades e ameazas

- As persoas posibles beneficiarias dos nosos servizos non nos coñecen, polo que se perden axudas por no chegar a elas.
- Aínda que se poden presentar proxectos todo o ano, as datas límite (Marzo/ Setembro) fan que moitos promotores presenten os seus proxectos nas datas límite de entrega e non da tempo a asesoralo debidamente.
- Para solicitar as axudas tense que asumir unha serie de requisitos e documentación moi esixente, xa sexa para unha inversión de 2.000 € como para una de 200.0000 €

Fortalezas e Oportunidades

- O noso valor é que facilitamos o acceso a subvencións procedentes de fondos da Unión Europea, Ministerio e Consellería.
- Tódolos membros da asociación traballan en equipo para conseguir fins comúns. Ademais están divididos en mesas de traballo para ser máis eficientes.
 - M. socioeconómica e cultural (Empresarios, Asociacións deportivas, culturais ...)
 - M. Pesca (Confrarías, redeiras, asociacións do sector pesqueiro ...)
 - M. Medioambiental (asociacións medioambientais)
 - M. institucional (11 concellos)
 - M. Muller (Asociación de mulleres, CIM)
- Ofrecemos apoio a todos os interesados en levar a cabo os seus proxectos, xa no só axudándolles nos trámites para solicitar as subvencións senón para establecer contactos e posibles sinerxías entre eles.

Estratexia

Obxectivos	
Principais	Secundarios
Ser a entidade de referencia das persoas traballadoras no sector do mar para emprender novos proxectos	Mellorar á comunicación entre a institución e os cidadáns
Potenciar o posicionamento no mercado dos produtos/servizos do mar da zona	
Facilitar redes de colaboración para presentar proxectos	

Público Obxectivo	
O noso principal reto é chegar tódalas aquelas persoas que poidan solicitar axudas dos fondos europeos para levar a cabo os seus proxectos: persoas individuais, micro-pemes, pemes.	
Principais	Secundarios
Persoas que xa traballan en actividades relacionadas coa costa	Mulleres
Mocidade - Estudantes ou Emprendedores- que queren comezar una nova actividade	A comunidade de asociados (Interno)

Mensaxe	
Principal	Secundario
Se tes en mente un proxecto de negocio no eido da costa na zona da Ría de Vigo – A Garda fala con nós.	Hai moitas maneiras de vivir do mar.
	Tipos de proxectos para os que hai axudas.

Estratexia	
<p>A forma de chegar a todos eles é falar de “ Persoas a persoas “ utilizando a voz e o exemplo das que xa aproveitaron os nosos servizos para conseguir a financiación dos seus proxectos.</p> <p>Para elo os distinguiremos en función das tipoloxías principais dos proxectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comercialización/Pesca 2. Turismo/ Ocio 3. Medio ambiente 4. Patrimonio 	
Ton e Linguaxe	Canais
A linguaxe a utilizar é a das persoas as que nos diriximos: coloquial e moi sinxela.	Os canais seleccionados son directos e de carácter local.

O Plan de actuación

Para facer o plan estratéxico de forma participativa polos axentes e entidades que conforman a base da entidade elaborouse un plan de accións consistente nos seguintes pasos:

1. Convocatoria aberta á participación de todas as entidades e axentes do territorio a través de mailing, anuncio en prensa e o canal da entidade en Facebook.
2. Realización das mesas de traballo e do foro participativo
3. Reunión do comité de seguimento
4. Publicación das conclusións

A repercusión destas actividades foi recollida pola prensa local e a radio. Tamén se compartiu en redes sociais

Agora, Para chegar ás **persoas que traballan no sector pesqueiro...**

1. Marca comercial

Crearemos unha **marca** específica do sector marítimo da zona fácil de lembrar, coa que conseguiremos pormos ó carón da xente para que nos coñeza.

Deseñaremos un **Stand ven chamativo** no que colocar **postais/marca libros e folletos** informativos sobre a nosa actividade. O colocaremos nos eventos destacados dos nosos asociados onde se concentre noso público de interese. Cando non teñamos eventos o stand estará de forma itinerante nos concellos e asociacións.

Nas asembleas dos nosos asociados lles pediremos que amosen un **vídeo promocional** das actividades dos Grupos de Acción Costeira. O equipo do GALP Ría de Vigo – A Guarda presentárase e entregará un **obsequio** (pescozo polar ou elemento similar que lle sirva para o seu traballo có nome da marca para que nos lembren)


2. Portal web Promocional

Desenrolaremos un **portal web promocional** con tódolos proxectos realizados/financiados na zona ata o momento có fin de dar valor o traballo realizado e de dar exemplos para outros.

Ademais, nalgúns casos servirá da súa propia páxina web persoal, xa que cada

iniciativa terá una “landing page” propia. Este argumento poderá ser utilizado polos nosos asociados para presentar o proxecto a súa xente é en seguintes fases do proxecto utilizar o espazo para ser un gran portal con tódalas actividades marítimas da zona.

O esquema inicial da web promocional sería deste tipo:



Este portal iría medrando durante todo o período do plan, podendo abarcar nunha segunda fase un mapa interactivo con tódolos recursos empresariais, ambientais e de patrimonio da zona.

1. Programa de radio local patrocinado

Ter un espazo propio de carácter semanal dentro un programa de emisión local no que se farán entrevistas a unha persoa do sector marítimo xunto con algún familiar mais novo. Nel preguntárase á persoa maior polo seu traballo e a forma de facelo e á persoa mais nova sobre como ve o traballo do maior e como o melloraría. O obxectivo é dar ideas os oíntes como pódese traballar sobre o mesmo pero con novas ideas, espertar o interese por seguir coa tradición familiar pero innovando.

Aproveitaríamos o espazo para dar os nosos datos de contacto e avisar das datas límites de presentación de proxectos.

Para chegar á **mocidade e persoas emprendedoras ...**

Desenrolarase un **evento** específico de carácter anual para este tipo de público coa axuda e colaboración dos nosos asociados. A intención é poder establecer sinerxías e colaboracións entre capital humano e empresas para perfilar proxectos que poidan ser susceptibles de financiación.

Empregaremos esta acción para realizar actividades que amosen os nosos servizos a este público e entrar no circuíto de axudantes de emprendedores na nosa área de influencia.

Para as **mulleres ...**

Coa colaboración das asociacións de mulleres, levarase a cabo unha “**xornada**” na que contará coa testemuña de mulleres que sacaron adiante os seus proxectos e como

poden facer para que elas se xunten ou colaboren para crear proxectos susceptibles de financiación.

Aproveitaremos para convidar a xente de outras zonas para que a xornada sirva para contar experiencias de éxito doutros lugares e favorecer o establecemento dunha rede de contactos.

Para os **asociados**...

Buscamos crear una unha **comunidade**, por iso ademais das accións de comunicación que xa empregamos de forma directa imos crear un **newsletter** periódico no que conte casos de éxito dos nosos proxectos financiados e a actividade que se está levando a cabo dunha forma amena. Buscamos que nosos socios convértanse en prescriptores/embaixadores dos nosos servizos alí onde vaian.

Accións de comunicación				
	PERSOAS DO SECTOR PESQUEIRO	MOCIDADE /PERSOAS EMPRENDE-DORAS	MULLERES	ASOCIADOS
1. Comunicación estratéxica				
Definición do plan	X	X	X	X
Seguimento e Control				X
Avaliación Posterior				X
2. Comunicación institucional				
2.1 Comunicación corporativa				
Creación dunha “marca promocional”	X	X	X	X
Deseño de materiais e contidos(cartel, díptico, postais, banners)	X	X	X	X
Deseño de creatividadeas	X	X	X	X
2.2 Comunicación externa				
Marketing - Merchandising (Pescozo Polar,...)	X			
Publicidade - Publicidade en Autobuses	X			

Internet - Portal web Promocional - Posicionamento SEO - E-Mailing	X	X	X	X
	PERSOAS DO SECTOR PESQUEIRO	MOCIDADE /PERSOAS EMPRENDEDORAS	MULLERES	ASOCIADOS
Redes Sociais - Facebook - Twitter - LinkedIn	X	X	X	X
Relacións públicas e protocolo - Stand en feiras ou eventos - Programa de Radio - Actos patrocinados	X	X	X	X
3. Relación cos Medios				
Presentación Portal	X	X	X	X
Entrevistas nos medios	X	X	X	
Dossier de prensa(convocatoria proxectos)	X	X	X	X
4. Atención os cidadáns				
Teléfono - Número de información	X	X	X	X
Correo electrónico	X	X	X	X
Web - Contacta - Enquisa	X	X	X	X
Punto de Atención a cidadáns	X	X	X	X
5. Comunicación Interna				
Reunións de Seguimento				X

Cronograma																					
Cronograma anual																					
Accións		2016				2017				2018				2019				2020			
	Frecuencia	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Com. corporativa																					
Creación dunha “marca comercial”	Inicio																				
Deseño de folleto, postal, cartel, stand	Inicio																				
Marketing																					
Merchandising (pescozo polar, ...)	Puntual																				
Publicidade																					
Publicidade en autobuses	Bianual																				
Internet																					
Portal Web	Anual																				
SEO/SEM	Bianual																				
E-Mailing	Mensual																				
Redes Sociais																					
Twitter	Semanal																				
Facebook	Semanal																				
Linkedin	Mensual																				
RR.PP																					
Stand en ferias	Periódicos																				
Eventos	Bianual																				
Programa radio	Semanal																				
Relacións cos medios																					

Presentación portal	Puntual																		
Entrevistas nos Medios	Puntual																		
Dossier (convocatoria proxectos)	Puntual																		
Atención cidadán																			
Teléfono	Diario																		
Correo electrónico	Diario																		
Web	Diario																		
Punto información	Diario																		

Orzamento								
	2016				2017	2018	2019	2020
Soporte	Difusión	Audiencia	Total €	T%	T%	T%	T%	T%
Imaxe								
Creación de Marca			1.504,91 €	3%	3%	0%	0%	0%
Folletos/Postais/carteis			10.032,72 €	20%	5%	5%	5%	8%
Stand			3.009,82 €	6%	0%	0%	0%	0%
Medios								
Radio			6.019,63 €	12%	14%	10%	12%	12%
Prensa			6.019,63 €	12%	12%	10%	12%	12%
Anuncios/ outros			1.504,91 €	3%	3%	1%	3%	3%
Internet								
Banners			1.003,27 €	2%	3%	1%	4%	4%
Web			7.022,90 €	14%	2%	20%	2%	2%
Redes sociais			1.504,91 €	3%	3%	3%	3%	3%
Publicidade exterior								
Autobuses			4.514,72 €	9%	12%	14%	15%	16%
Marketing directo								
Campañas			1.504,91 €	3%	4%	3%	4%	4%
Merchandising								
Pescozos Polares, ...			3.511,45 €	7%	3%	3%	7%	3%


Bolígrafos, papelería			501,64 €	1%	1%	0%	1%	1%
Relaciones públicas								
Patrocinio Radio					30%	25%	25%	25%
Premio emprendedores			1.504,91 €	3%	3%	3%	5%	5%
Xornada Mulleres			1.003,27 €	2%	2%	2%	2%	2%
			50.163,60 €					

Control , seguimiento e avaliación

Control e seguimento	
2. Obxectivos	9. Control e Seguimento (indicadores)
Principais	Indicadores de realización física
Ser a entidade de referencia das persoas traballadoras no sector da costa para emprender novos proxectos	<ul style="list-style-type: none"> - Información periódica nos medios de comunicación - Organización dunha entrevista nos medios - Inserción de anuncios publicitarios - Envío de comunicacións de e-mailing - Publicación periódica nas redes sociais - Asistencia a eventos
Potenciar o posicionamento no mercado dos produtos/servizos do mar da zona	Indicadores de Impacto
Facilitar redes de colaboración para presentar proxectos	<ul style="list-style-type: none"> - Aparicións nos medios de comunicación dixitais e impresos. - Alcance nos cidadáns a través de mailing, folletos e acto presentación nas asociacións.
Secundarios	Indicadores de Resultado
Mellorar á comunicación entre a institución e cidadáns	<ul style="list-style-type: none"> - Visitas mensuais na páxina web - Consultas no punto de información - Alcance da actividade da páxina de Facebook - Número de seguidores en Twitter

10. Avaliación
Análise dos resultados dos indicadores
Realización dunha enquisa de satisfacción

12.- FONTES DE INFORMACIÓN



12.1 Identificación de fontes consultadas

Fontes estatísticas.

- Padrón Municipal de Habitantes. IGE. 2014
- Directorio da Rede Natura. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.
- Inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.
- Información xeográfica en web. Instituto Xeográfico de Galicia. 2014
- Praias bandeira azul. Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor. 2014.
- Directorio de portos. Portos de Galicia. 2015.
- Plataforma tecnolóxica de pesca. Consellería do Mar. 2015.
- Rexistro de confrarías. Xunta de Galicia. 2015.
- Indicadores demográficos sobre o padrón municipal. IGE. 2013.
- Movemento natural de poboación. IGE. 2013.
- Estatística de variacións residenciais. IGE. 2013.
- Directorio de centros de ensino. Consellería de Educación e Cultura. 2015.
- Censo de poboación e vivendas. 2011. INE.
- Directorio de centros. Servizo Galego de Saúde. 2013.
- Estatística de pensión contributivas. Tesourería Xeral da Seguridade Social. 2013.
- Estatística de pensións non contributivas. Consellería de Traballo e Benestar. 2013.
- Estatística beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES). Consellería de Traballo e Benestar. 2013.
- Estatísticas de paro rexistrado. Servizo Público de Emprego Estatal. IGE. 2014.
- Estatísticas de afiliación á Seguridade Social. Tesourería da Seguridade Social. IGE. 2014.
- Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar. 2014.
- Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. IGE. 2009.
- Produto interior bruto municipal. Base 2008. IGE. 2012.
- Directorio de empresas e unidades locais. IGE. 2013.
- Censo agrario. Consellería de Medio Rural. IGE. 2012.
- Directorio SABI de empresas. Informa. 2014.
- Estatística de permisos de marisqueo. Consellería do Mar. 2015.
- Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. Turgalicia. 2014
- Enquisa de ocupación hoteleira. IGE. 2014.
- Relación de Bens de Interese Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. 2012.
- Mapa de equipamentos culturais. Consello Cultura Galega. 2015.
- Festas de interese turística. Turgalicia. 2015.
- Directorio de sendeiro. Turgalicia. 2015

Fontes normativas.

- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

- Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e o Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derogan los Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento delegado (UE) nº 480/2014 da Comisión de 3 de marzo de 2014 que complementa o Regulamento (UE) no 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello .
- Communication from the Commission to the European Parliament, the Council, The European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions. A European Strategy for more Growth and Jobs in Coastal and Maritime Tourism. European Commission. Brussels, 20.2.2014.
- Questions and Answers on CLLD programming in the EMFF - Area Selection Criteria. Strategy Selection Criteria. Preparatory Support . European Commission.
- Guidance on community-led Local Development in European Structural and investment Funds. Soto , Pablo; Ramsden, Peter. Trad. Version abril 2014 . Comisión Europea. 2014.
- Draft template and guidelines on the content of the EMFF operational programme 2014-2020.
- Borrador do Programa Operativo para o Sector Pesqueiro Español. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medioambiente. 2015.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Plans e programas.

- Estratexia galega de acuicultura. Consellería do Mar. 2014.
- Plan director de acuicultura do litoral. Consellería do Mar. 2014.
- VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Secretaría Xeral de Igualdade. 2013.
- Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia. 2007-2013. Consellería de Medio Rural.
- Plan Estratéxico Zonal da Ría de Vigo – A Guarda. Grupo de Acción Costeira Ría de Vigo – A Guarda 2008.
- Programa de activación do emprego. SEPE. 2015.
- Plan de Emprego Xuvenil. Consellería de Traballo e Benestar. 2015.
- Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016. Secretaría Xeral de Turismo. 2014.
- Smart Turismo. Plan TIC de turismo. AMTEGA. 2014.
- Plan territorial de contaminación mariña (Plan CAMGAL). Xunta de Galicia. 2012.
- Plan de ordenación do litoral. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2010.
- Directrices de ordenación do territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2011.
- Estratexia Galega da Paisaxe. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2011.
- Plan de artesanía de Galicia. Consellería de Economía e Industria. 2014.
- Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3 Galicia). Axencia de Innovación. 2014.
- Estratexia de Inclusión Social. Consellería de Traballo e Benestar. 2014.
- Plan de dinamización demográfica 2013-2016. Consellería de Traballo e Benestar. 2013.

Fontes bibliográficas.

- La competitividad de los territorios rurales a escala global. Construir una estrategia de desarrollo territorial con base en la experiencia de LEADER. Observatorio Europeo Leader. 2001.
- Metodología para la elaboración de estrategias de desarrollo local, Ivan Silva Lira. ILPES. 2003.
- Subirats, Joan. Análisis de políticas públicas y eficacia de la administración. INAP. 1989.
- Morata, Frances (Editor). Políticas públicas en la Unión Europea.
- Vanaclocha, F. Políticas y estrategias públicas. FIIAPP. 2000.
- Piñeira Mantiñán, María José e Santos Solla, Xosé Manuel. Xeografía de Galicia. Xerais. 2011.
- Meixide Vecino, Alberto (Dir). A economía galega. Afundación. Varios anos.
- Vanaclocha, F. J; García, E.; y Viñas, V. Algunas referencias sobre metodología de la evaluación de políticas públicas y servicios públicos”. INAP. 2005.
- Kaplan, R. S. y Norton, D. P. Mapas estratégicos. Convirtiendo los activos intangibles en resultados tangibles. 2004.
- Como elaborar el plan de comunicación. Guías BIC Galicia.
- Como planificar la comunicación desde una institución pública. Gobierno de Navarra. 2011.
- Lorenzo Vila, A. y Martínez López, M. Asembleas e Xuntanzas. Metodoloxías de autoorganización. Asociación para a Economía Social 1998.
- Sanchez Alonso, M. La participación. Metodología y Práctica. Popular. Madrid 1991.
- VVAA Dinámica de grupos: dinamización de metodologías y procesos para la democracia participativa. Urtxintxa eskola. 2004.
- VVAA. Metodologías participativas: manual Red Cimas. Madrid 2009.
- Guía para a elaboración das estratexias de desenvolvemento local das zonas pesqueiras. FEMP 2014-2020. Consellería do Mar. 2015.
- Guía de financiamento comunitario. Fundación Galicia Europa, 2014.
- Guías, revistas e dossiers técnicos Farnet. Rede Europea de Grupos de Pesca. Varios anos.